PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 128 V lexislatura Serie Pleno

Sesión plenaria
18 de decembro de 2000

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

Punto único.- Debate e votación do Dictame elaborado pola Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001 (núm. 16.379).

Publicación do proxecto: BOPG núm. 606, do 21-10-2000. Emendas á totalidade: BOPG núm. 625, do 14-11-2000. Emendas parciais: BOPG núm. 633, do 23-11-2000. Correccións de erros nos BOPG núm. 635, do 25-11-2000, e 638, do 29-11-2000. Informe da Ponencia: BOPG núm. 640, do 1-12-2000. Dictame da Comisión: BOPG núm. 650, do 15-12-2000. Mantemento de emendas e votos particulares: BOPG núm. 651, do 16-12-2000.

SUMARIO

Debate e votación do Dictame elaborado pola Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001. *(Páx. 9.775)*

O señor PRESIDENTE: Bos días. Ábrese a sesión.

Da orde do día, como é tradicional, non damos lectura, porque está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL.

O señor PRESIDENTE: Antes de entrar nos puntos da orde do día, creo que procede dar lectura á declaración institucional que desgraciadamente vimos repetindo con demasiada frecuencia. Di o seguinte: "O Parlamento de Galicia, dende a representación do pobo galego que encarna e ante o asasinato do concelleiro don Francisco Cano Consuegra perpetrado en atentado terrorista, desexa en primeiro lugar facer chegar á familia da víctima a súa expresión de condolencia e solidariedade e manifesta a súa máis firme repulsa por este crime, tan inicuo como tódalas accións que supoñen o desprezo do máis fundamental e primario dereito á vida e de tódolos valores que sustentan a convivencia nun estado democrático de dereito como a nosa Constitución consagra.

O Parlamento de Galicia expresa a súa convicción de que tales valores deben fundamentar a unidade de todos fronte os que pretenden impoñer a súa vontade totalitaria por medio da violencia e o terror e alenta a toda a sociedade galega e ás súas institucións a seguir traballando na defensa daqueles valores".

Se lles parece, creo que nos debemos poñer en pé e gardar silencio nesta Cámara, que está destinada a falar, por un tempo de 2 minutos.

Moitas gracias. Pasamos entón ó punto primeiro da orde do día.

DEBATE E VOTACIÓN DO DICTAME EMITIDO POLA COMISIÓN 3.ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS, EN RELACIÓN CO PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2001.

O señor PRESIDENTE: Para a presentación deste dictame ten a palabra o Presidente da Comisión 3.ª, señor Díaz Díaz.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 3.ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Díaz Díaz): Señor presidente, señoras e señores deputados, permítanme que lles amose neste momento, a miña satisfacción, por ter a honra de presentar perante o Pleno do Parlamento, o dictame da Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2001, o último correspondente a esta quinta lexislatura do Parlamento Galego. Como ben coñecen as súas señorías o Proxecto de lei de orzamentos para o ano 2001, atinxe a unha contía de 1.000.124.526.000 millóns de pesetas. Cifra non moi lonxana do 22% do producto interior bruto galego, constituíndo por tanto, un instrumento económico básico con que conta a sociedade galega para a atención das súas múltiples necesidades e da mellora do seu benestar.

Desde que o pasado 18 de outubro, o executivo galego fixera a presentación dos orzamentos no Parlamento estamos hoxe no tramite procesual final, da aprobación dos mesmos. Os traballos da Comisión, ou da Ponencia específicas ou o Proxectos de Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2001 que comezaron o 26 de outubro e estendéronse ata o 14 de nadal pasado. As sesións deseñadas, as comparecencias dos conselleiros e a conselleira, e demais altos cargos responsábeis dos organismos autónomos e sociedades públicas tiveron lugar entre os días 26 de outubro e 13 de novembro. Nelas os menbros do Goberno e os responsables dos diferentes organismos informaron sobre o contido e obxectivos políticos das distintas seccións do orzamento, mentres que os grupos parlamentarios, de acordo coa súa representación popular, interrogaron e cuestionaron, no seu caso, os propósitos do Goberno. Logo de superar o debate das emendas na totalidade a través das que se contrapoñen os diferentes modelos alternativos dos distintos Grupos Parlamentarios, no Pleno celebrado os días 16 e 17 de novembro.

O Proxecto de Lei de Orzamentos foi obxecto de 1.674 emendas parciais ó texto articulado do proxecto. Recibiu 180 emendas das que 6 corresponderon ó Grupo Parlamentario Popular, 64 ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e 110 ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galiza.

O estado de gastos das diferentes seccións, organismos autónomos e sociedades públicas foi obxecto de 1.494 emendas, 10 do Grupo Parlamentario Popular, 839 do Grupo Parlamentario do BNG, 300 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 345 do Grupo Parlamentario Mixto. As emendas foron consideradas na Ponencia específica, en reunións celebradas entre os días 27 e 29 de novembro, ou en Comisión en sesión de traballo celebrada entre os días 11 a 14 de decembro.

Das emendas ó texto articulado do proxecto de lei, foron retiradas 5 do Grupo Parlamentario do BNG, e 15 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, polo demais foron aceptadas todas as formuladas polo Grupo Parlamentario Popular, e unicamente unha do Bloque Nacionalista Galego, a número 57, pola que se suprime a letra G do apartado 1 da disposición adicional primeira por coincidir esencialmente co establecido na letra C do apartado 2 do mesmo artigo. Está pendente de transacción a emenda número 88 do Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia de adición dun apartado 3bis ó artigo 40, pagamento e garantías das axudas e subvencións.

Das emendas ao estado de gastos foron aceptadas unicamente as formuladas polo Grupo Popular, sendo rexeitadas a totalidade das emendas formuladas polos outros Grupos Parlamentarios, en todo caso, para a súa consideración nese trámite final.

Finalmente señorías permítanme facer unha brevísima reflexión final, de carácter xenérica e constructiva orientada, unicamente, á mellora e perfeccionamento dun trámite necesariamente longo e de certa complexidade, nos termos vixentes e coa simple finalidade de evitar no posible os riscos evidentes de rutina e descoido no mesmo; debería quizás recordar en primeiro lugar, a necesidade dun estricto cumprimento do calendario de tramitación do Proxecto de lei nos termos establecidos pola mesa do Parlamento e concretado, posteriormente, pola Mesa da Comisión 3ª a fin de evitar cambios recorrentes nas comparecencias case ó inmedito de ter sido establecidas.

En segundo lugar pedir a necesaria comprensión por parte dos chamados a comparecer, do seu papel como tal, unha vez acordadas as comparecencias no trámite parlamentario preceptivo, de maneira de facilitar o necesario debate e clarificación entre os grupos parlamentarios e os comparecentes, evitando discusións inoportunas que nin teñen trancesdencia, nin importan ren á finalidade do trámite, aínda que é certo e afortunadamente este ten sido excepcional, o que sae da regra normal democrática.

E finalmente en terceiro lugar que, como moi ben coñecen as señoras e señores deputados, unha sociedade democrática caracterízase entre outras moitas cousas pola existencia de diferentes proxectos políticos arternativos, todos eles lexítimos que malia súa difencia mesmo substancial non poden entenderse de maneira excluínte, que así foran, en termos matemáticos, conxuntos disxuntos, e moito menos nesta fase de tramitación orzamentaria, xa que iso levaríanos, penso que erradamente, á toma en considación dunha concepción de sociedade configurada en compartimentos estancos sen comunicación posíbel, vale dicir non democrática.

Polo tanto, señoras e señores deputados, corresponde agora continuar o debate orzamentario neste o seu tramo final.

Máis nada e moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Díaz.

Pasamos de seguido á rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición ó respecto do dictame e no seu caso defender as emendas non incorporadas ó mesmo e que oportunamente se reservaron.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Veiga Pombo.

O señor VEIGA POMBO: Señor presidente, señorías.

Estamos a empezar agora o último trámite do debate parlamentario sobre os orzamentos. Esta lei que regula o funcionamiento dun estado de gastos, que sobrepasa o 1,1 billóns de pesetas e que regula os ingresos, avais e transferencias ó réxime orzamentario para facer efectiva esta lei. Polo tanto pois non se pode esquecer que e unha lei fundamental para á política económica e para a sociedade galega no seu conxunto.

O grao de discrepancia do noso grupo con respecto a este texto articulado, e por suposto, con respecto ó estado de gastos, é moi alta, neste caso presentamos 110 emendas, das que non foi posible encontrar ningún só punto de encontro, non pola nosa parte, porque estamos dispostos a chegar a acordos, senón por parte da cerrazón do grupo que apoia ó Goberno, en onde só son capaces de chegar acordos alí, onde, non queda outro remedio, cando non existe unha maioría absoluta. Pero cando existe unha maioría absoluta, o proxecto que presentan, só perfectible polo seu propio grupo, e as achegas que poidan facer os demais grupos que non parten de posicionamentos ideolóxicos en moitos casos, senón ás veces no ánimo de mellorar o texto, con achegas, nalgúns casos, que melloran o texto do Goberno. A proba de que eso e así é que en anos sucesivos, ás veces son asumidas pero non querendo asumilos nunca no ano en que se presentan as emendas, levan a que estes orzamentos saian adiante, por suposto polos votos do grupo que apoia ó Goberno, pero sen aceptar ni unha soa modificación do texto inicialmente presentado.

Sigan vostedes adiante, polo tanto, cos seus proxectos, pero o máis grave e que levan vostedes, están levando vostedes a Galicia, non a unha axenda de converxencia con Europa nin co resto de España, senón a axenda de diverxencia como consecuencia de 10 anos de Goberno, deste tipo de Goberno do Grupo Popular.

Imos presentar brevemente, máis brevemente, o máis brevemente posible o conxunto das nosas, de 110 emendas –ás que por suposto non refirirei todas elas– senón que destacarei algunhas que poden englobar o espírito do conxunto das demais. Todas elas van inscritas dentro duns criterios que intentamos que fosen asumidos por parte do grupo que apoia ó Goberno, que arrincan dunha declaración de principios que se inclúen na exposición de motivos, que son que os criterios destes orzamentos deben ser os de austeridade, ó rigor, simplificación administrativa, transparencia e participación do Parlamento no seu control. Nese espírito van dirixidas o conxunto das nosas emendas posteriores.

Así poñemos de manifesto, por exemplo no artigo 5 as emendas relativas a xeración de créditos que se poidan producir que vaian destinados á achega do Fondo galego de desenvolvemento rural que este ano, en que se anuncia a creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e que se fala de que terá fondos por 30.000 millóns de pesetas nos próximos 10 anos. Este ano só se achegan 1.000 millóns de pesetas. Nós entendemos que os aforros que se poidan producir, os maiores créditos que se poidan ir producindo, sirvan para dotar este fondo e que non se quede nunha simple expresión publicitaria, como nos ten acostumados o Goberno, con respecto ós problemas do mundo rural.

Así tamén dentro dese criterio de rigor e de austeridade propoñemos que a ampliación de carácter vinculante de créditos de seguridade, limpeza, traballos, que propón o Goberno se vexa ampliada a outras porque senón existen un baixo nivel de compromisos nos presupostos e igualmente no que é a vinculación de créditos do capítulo sexto, en que moitas ocasións os orzamentos que saen desta Cámara vense ó pouco tempo modificados, e por suposto case resultan descoñecidos ó final do ano dos presupostos inicialmente aprobados, en canto a orzamentos, porque son cambiados sen ningún tipo de explicación a esta Cámara.

Dámoslle unha oportunidade tamén coa nosa emenda, dámoslle unha posibilidade ó Goberno de que a través do artigo 7 da nosa emenda número 14 que se establecese unha ampliación de crédito para os fondos que sexan necesarios para cubrir o custo do convenio do persoal laboral, xa que a Xunta nestes momentos ten un fondo que e claramente insuficiente previsto de 200 millóns de pesetas. A pesar de que se fai unha limitación de transferencia de créditos para os conceptos de atencións protocolarias, reunións e conferencias, hai que recordarlle a este Goberno, que na publicidade, que en teoría se cumpre con eses obxectivos, pero moitas das partidas de publicidade aparecen logo dentro de partidas que van en gastos de investimentos, que son por exemplo cargos de anuncios de obras que figuran metidas en gastos de investimentos.

Polo tanto pedímoslle tamén que haxa claridade no concepto de gastos, porque é fácil cumprilo facendo masacramentos posteriormente. Despois tamén, pedimos dentro dese mesmo criterio que estes orzamentos que se aproban nesta Cámara, sexan os que se leven adiante e non sexan modificados de modo irrecoñeci-

ble, á parte do que son as partidas de investimentos, pódense facer transferencias de créditos entre diversas consellerías que, cando superen, que poden incluso chegar a superar o 15%, do credito total da sección ou do organismo. E nós pedimos que cando eso sexa así, que necesite informe favorable previo da Comisión de orzamentos desta Cámara.

No artigo 10 e seguintes tocamos un tema importante para o conxunto dos funcionarios desta Comunidade Autónoma, que é o que se refire ó conxunto das súas retribucións. Este Goberno propón, este Goberno por medio dos seus orzamentos, o grupo que apoia tamén manten, que haxa unha revisión salarial do 2% cando é sabido que estamos, ó día de hoxe, nunha taxa de inflación interanual do 4,1% e esto igual que, sucede hoxe que chove sobre mollado, e neste tema tamén chove sobre mollado sobre as espaldas dos traballadores da Administración galega, que levan perdendo poder adquisitivo desde hai varios anos, e que cando as épocas de bonanza económica poderían permitir que se recuperase, neses anos séguese apertando a mesma porca. E cando as cousas van mal, séguese apertando a mesma porca exactamente igual. De modo que isto leva a unha situación de desesperanza do conxunto dos traballadores porque nin sequera se fai unha negociación que permita facer algún tipo de compensación.

Xa sabemos que as retribucións son básicas, e sobre eso non imos manifestarnos, pero si que se pode crear un fondo para facer algún tipo de acordo cos traballadadores e compensar esa perda de poder adquisitivo, e revalorizar o seu traballo. De aí que o noso grupo propoña unha fórmula que foi utilizada, por certo, por parte doutras comunidades autónomas xa no exercicio pasado, dun fondo dun 3%, que permita compensar, e permita reorganizar as funcións, algúns aspectos retributivos dos funcionarios, que sirva polo menos para dar algún tipo de satisfacción a un conxunto de traballadores e traballadoras que levan un período longo de tempo esforzándose por servir ó conxunto dos cidadáns sen que por parte do Goberno se lles recoñeza como debería esa función.

Sen embargo pedimos, por exemplo, dentro da súa política de transparencia que citabamos ó principio, que as retribucións dos presidentes, vicepresidentes e directores xerais das sociedades públicas que se fixan, sen coñecemento desta Cámara, ó longo do ano, que sexa notificado á mesma para o seu coñecemento e efectos. Igualmente o dos altos cargos e os complementos persoais dos altos cargos.

Tamén pedimos que dentro do que é o complemento de productividade que existe, que non ten xustificación que ese complemento de productividade se dirixa ao que son o conxunto do persoal eventual dos gabinetes das consellerías. Persoal eventual que hai que lembrar que son postos de confianza política ocupados, na maior parte loxicamente, por militantes do Partido Popular. Ocupados dun modo excesivo, porque hai gabinetes que teñen unha cantidade excesiva –non hai que mirar moito máis alá que o que está no que é a secretaría de medios de comunicación– onde practicamente todo persoal –que debería servir para levar a cabo unha política de comunicación institucional– está formado por persoal eventual.

A nós parécenos que é un sarcasmo que precisamente se estea premiando, como se fosen funcionarios *corrientes y molientes*, con estes complementos de productividade ó que son un conxunto de militantes do Partido Popular postos a dedo, como non pode ser doutra forma, e neses postos de confianza política. Igualmente propoñemos, como non pode ser doutra forma, que ese fondo do 3% se estenda ó persoal do SERGAS ó igual que ó conxunto dos funcionarios da Administración xeral da Xunta.

Vimos insistindo ano tras ano –e ten que quedar constancia porque dentro do conxunto parece que os temas quedan esquecidos e non se coñecen– que segue habendo unha situación de discriminacións nas retribucións dos funcionarios do persoal periférico, da administración periférica con respecto os funcionarios que figuran dentro da administración autonómica en Santiago. E iso é unha situación de discriminación que non ten explicación, que se siga a manter por parte do Goberno e por parte do Partido Popular, e nós temos que seguir insistindo ano tras ano, en que esto algunha vez se lle ten que poñer fin a este tema.

Despois dentro tamén desta política de austeridade, parécenos que non é aceptable que se sigan facendo contratos blindados coa aquiescencia e co visto e prace do Goberno, para o persoal de alta dirección dos organismos autónomos e sociedades públicas.

Parécenos que aí si que se podería aplicar máis austeridade e non facer fichaxes como se fosen empresas privadas con cláusulas e con contratos blindados, para casos de despido, que levan as indemnizacións por riba das que levaría calquera traballador suxeito a lexislación laboral normal.

Logo tamén dentro deste criterio de rigor, pedimos que a contratación de persoal laboral eventual necesite, á parte da aprobación do conselleiro respectivo, a aprobación do conselleiro de Economía. Que non se siga a disfrazar, dentro do capítulo sexto investimento, o que son gastos de persoal, que se seguen introducindo e contabilizando dentro dun apartado de investimentos, cando son persoal –que ás veces pois xa fan funcións que nada teñen que ver cos investimentos– e non utilizar desde logo o que é a figura da contratación das empresas de traballo temporal, cousa que se esta a facer, estase a facer, témolo que denunciar, enmascarando por medio de asistencias técnicas como é no caso de TRAGSA en Agricultura e Medio Ambiente.

Imos pasar ó conxunto das operacións de endebedamento, onde nós tratamos que se impida que se faga un dobre endebedamento nas operacións de tesourería, xa que tal como queda no proxecto nestes momentos, pódese endebedar unha consellería ata o 10% de tesourería, e despois se pode endebedar o que son as sociedades públicas e organismos autónomos, en operacións a curto prazo ata o 15% da totalidade do seu orzamento. E dicir, eso non ten ningunha explicación porque a consellería pode endebedarse, transitoriamente, porque os ingresos que está pendente de recibir leven un atraso e necesiten loxicamente un financiamento. Pero o que son as sociedades públicas que se nutren algunhas, como é o caso por exemplo do desenvolvemento comarcal, case exclusivamente de fondos da consellería, non ten ningunha incertidume sobre a súa recepción, e precisamente para poder pasarlle os fondos, xa a consellería contrata esas operaciones de tesourería. De modo que estamos facendo por medio, cantas máis sociedades haxa, cantos máis organismos autónomos maior endebedamento consolidado pode facerse, sobrepasando en moito a cifra do 10% que se pon como obxectivo dentro da consellería.

Despois pasamos a un tema complicado, señorías, que é o tema dos ingresos da Xunta, o tema das taxas. As taxas, a Xunta propón unha suba para o ano 2001 do 3%. Un 3% que non se explica se se lle quere dicir ós funcionarios que se lle vai subir a súa retribución nun 2%. ¿Por que? Pois, porque a inflación prevista segundo o Goberno é do 2%. Sen embargo para os ingresos da Administración, como se ve que eso non o cren eles mesmos, de que vai haber unha inflación do 2%, por se acaso ponse xa unha taxa do 3%. Clara contradicción que terán que explicar non a nós, teránllo que explicar ós funcionarios e ós cidadáns de Galicia. Porque ademais sobre o tema das taxas –ben xa tamén chovendo sobre mollado ano tras ano– con creación de novas taxas e con incrementos acumulados que sobrepasan, se os vemos nos últimos anos, os índices de inflación.

O noso grupo cre que os orzamentos deben de servir para situacións tamén extraordinarias como son as que este ano atravesa o conxunto do aparello productivo agrario, pesqueiro de Galicia, e que nestes orzamentos prémiase coa suba das taxas e prémiase coa implantación de novas taxas. Existe un conxunto de taxas que pagan os agricultores, os gandeiros, e que pagan os pescadores por servicios que presta a Xunta. Nós cremos que ó igual que se fixo un acordo estatal, con motivo da suba dos carburantes, e nestes momentos que o agro galego esta pasando ese mesmo problema, pero a maiores ten que padecer o problema da epidemia do estranxeiro, pero aquí ameaza no consumo, do consumo da carne de vacún; que está padecendo unhas perdas extraordinarias, que se van ter que levar a cabo cantidade enorme de análise.

Pois todo esto que fai a Xunta é subirlle as taxas, é crear taxas precisamente para que ese conxunto de cousas que ás veces levan a que unha pequena explotación pague 30.000 pesetas por uns recoñecementos. Nestes casos non hai o máis mínimo espírito solidario por parte da Xunta para votar unha man ó sector, e rexeitan a emenda. Aquí máis que falar do proxecto do Goberno, temos que dicir, o Goberno vota non contra a reducción do 50% das taxas que lles cobra ós agricultores e pescadores, e rexéitao no momento máis grave que está pasando o sector nos últimos anos, e non leva a cabo ningún tipo de axuda para afrontar estes problemas. Explíquenllo a alguén a ver se o entende, explíquenlle que nestes momentos en que hai pro-

blema aínda enriba a Xunta vainos axudar cobrándolles as taxas un 30% máis, e creando novas taxas no sector como están creando.

Pois esto é coherente con eso que dicían vostedes de que "España va bien", "Galicia va bien" que os impostos baixaban, baixaban o imposto sobre a renda pero soben as taxas que pagamos todos por igual, e soben os combustibles que pagamos todos por igual.

Logo pois seguen vostedes como é de costume facendo modificacións orzamentarias que sirvan para unha maior laxitude no control do Goberno, facendo que a intervención limitada de gastos menores sirvan para que se poidan facer gastos sen control previo, e que esto, ás veces, pois é sabido que se utiliza a técnica de encadrar gastos fraccionándoos con cantidades reducidas para que non teñan que pasar eses controis previos. E seguen vostedes facendo modificacións sobre as cuestións das subvencións, cousa que o ano pasado xa non se fixo unha lei nova, senón que se introduciu *de rondon* na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Este ano pois seguen modificando esa lei, a pesar de que debería ser unha lei cun certo carácter de estabilidade.

No tema das subvencións, esto é a política da subvencións excepto nestes casos nos que hai que relaxar o control e non fai falta control previo, entre outras, para as subvencións que dá o presidente da Xunta, nas cales poden facer unha política de ir dando premios e dádivas sen dar explicacións a ninguén, ata cifras de 3.000.000 de pesetas e ata unha cifra de 40.000.000 de pesetas. Se algún medio ten interese en consultar ese listado de dádivas do presidente, é moi curioso polo curiosas que son e polo o inexplicables que son. Fanse, a verdade, un tipo de subvencións que son interesantes para coñecer a mentalidade do noso presidente.

Imos pasar a unha cuestión importante tamén que nós temos que poñer... Lamento que non estea presente neste momento o señor Cuíña, a ver se temos sorte e chega aínda antes de que acabe este debate, porque se o señor Cuíña estivera presente tería que votar afirmativamente esta emenda ou senón tería que dimitir, se tivese vergoña, pero claro hai que poñelo todo en relación. Porque vostedes saben a Xunta creou hai uns poucos anos o canon de saneamento dos vertidos, e ese canon de saneamento ten unha parte industrial e ten unha parte domiciliaria. O señor Cuíña manifestou que a parte domiciliaria sería retirada ou el deixaría de ser conselleiro. A parte de domiciliaria aí segue, e aquí esta a nosa emenda para que se retire, e a ver se o señor Cuíña segue a ser conselleiro.

E despois nós facemos unhas emendas dirixidas a que se poida levar a efecto a política solidaria co terceiro mundo tamén a través da función que desempeña o Igape, por medio da ampliación da liña de avais para proxectos finalistas de axuda ó terceiro mundo nunha cifra de 2.800.000.000 pesetas. Pedimos logo xa, despois desta cantidade de reformas do decreto lexislativo que fala das taxas, que se alguén quere saber cales son as taxas de Galicia tería que volverse tolo mirando vinte textos distintos, que se faga, pois, un texto refundido.

E tamén, por unha cuestión de principio, señores do Goberno e señores do Partido Popular, fagan vostedes, acepten vostedes unha emenda lóxica que é que esta lei ten unha vixencia anual. Non é normal que a lei que acompaña ós orzamentos da Xunta, a lei que acompaña ó que son o estado de gastos e ingresos da Xunta de Galicia que debe servir para a súa regulación, faga modificacións legais que teñan unha duración indefinida, como loxicamente teñen as leis mentres non se modifican, e neste caso vostedes seguen utilizando esta forma para modificar leis con carácter indefinido. Fagan vostedes un principio de coherencia e acepten esta emenda.

Mais nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Veiga.

Rolda para o Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Vega Buxán.

O señor VEGA BUXÁN: Señor presidente, señoras deputadas, señores deputados.

Comezamos hoxe o que podiamos cualificar de últimas secuencias dun filme que, tamén poderíamos titular Historias de cero, ou se queren cambiarlle o título ó filme poderían titulalo Atrapados no cero, as señoras e os señores deputados do Partido Popular, porque vostedes quixeron que estes orzamentos pasaran á

historia con minúscula, neste caso, polo asunto do déficit cero. De paso tamén queren que pasen á historia porque practicamente é cero o número de emendas que aceptaron dos grupos da oposición, porque aceptar unha do BNG que é practicamente unha proposta milladora na redacción, na orde de exposición dunha serie de cuestións, pois eso é non aceptar nada.

Vostedes están sen dúbida seducidos polo cero, despois de que o voso patrón maior ou menor –en fin non me vou meter neses matices– o señor Aznar dixera aquilo de *cero patatero*, a partir de entón ficaron vostedes abraiados por semellante expresión, e entre eso e o déficit cero estannos vostedes reducindo á nada, á mínima expresión no sentido máis cabal do termo.

Que lonxe aparecen agora na memoria, aquelas datas de primeiros do ano 1998 cando, iniciando esta lexislatura o señor conselleiro de Economía, desde esta tribuna e desde os medios de comunicación falaba da conveniencia que houbera un acordo amplo social e político, sobre o emprego e as principais variábeis ou parámetros que deben rexer a vida economica dun país, e concretamente do noso. Houbo algúns sindicatos que, sen dúbida guiados pola boa fe ou coa boa intención, chegaron a asinar con vostedes un acordo. Nós naquel momento xa manifestamos as nosas reservas, as nosas reticencias a respecto da credibilidade das súas proclamas. Pois ben varios anos despois, cando estamos xa nos últimos metros desta lexislatura, aquelas organizacións que asinaron con vostedes denuncian que vostedes non cumpriron o que asinaron.

O que vostedes demostraron, que aquelas proclamas a favor do diálogo, do acordo de cara ó emprego, de cara a promover un maior dinamismo a nosa economía, eran auténticos brindes ó sol. Hoxe xa non os fan, xa levan varios meses que non fan ningún tipo de proclama semellante e xa fai bastantes meses que practican de xeito inmisericorde, neste Parlamento a súa maoría aritmética, sen aceptar, como digo, ningunha proposta das forzas da oposición. Así ocorreu no debate do estado da nación, así ocorreu no debate orzamentario nos trámites anteriores, así vai ocorrer, lamentablemente, neste día e nos vindeiros días nos debates orzamentarios finais.

Eu, tratándose do articulado, quero salientar, no tempo que teño de exposición das nosas emendas as máis destacábeis, obviamente na nosa opinión, das que presentamos, e sen dúbida quero comezar este ano polas que fan refencia ás condicións salariais e laborais dos empregados públicos. Non o fago só pola importancia que ten este colectivo de persoas no noso país, non o fago só por iso, que xa por iso merecería unha parada minimamente demorada nesta cuestión. Refírome a este asunto porque considero que é un exemplo paradigmático da política do Goberno galego, e por extensión se se quere, da política que aplica o Partido Popular nos gobernos que controla actualmente.

Tratarei de demostrar esto que digo. Vostedes ó seu nivel, pero os seus xefes en Madrid coa gran parafernalia coa que se acompañan habitualmente, fracasaron estrepitosamente no control da inflación. Esto non o nega ninguén, era un dos seus obxectivos, do señor Rato, fracasou estrepitosamente ó día de hoxe. Pero hai que indicar a continuación que este fracaso non é inocente, non é neutral socialmente. Este fracaso prexudica ás persoas asalariadas e beneficia ós resultados empresariais, ós que se lucran cos resultados empresariais. Ninguén se atreve hoxe en día –fíxense vostedes– a dicir que a culpa da inflación resida nos salarios, ninguén o di, vostedes e algúns dos seus seguidores mediáticos predicaron hai moito tempo que había que controla-los salarios, porque aí estaba o problema. Pois o problema non está nos salarios, o problema da inflación está basicamente nos beneficios empresariais, en que moitas empresas, sobre todo as máis poderosas, non queren renunciar a obter importantes beneficios empresariais. E unha parte desas empresas, sobre todo as empresas financeiras, non teñen escrúpulos, ningún tipo de escrupulos en facer grandes beneficios a través de operacións especulativas sen importarlle que eso vaia en detrimento do nivel de inflación e que orixine de rebote unha perda no poder adquisitivo das persoas asalariadas.

Miren vostedes aínda hai poucos días aparecía unha noticia nun xornal dos maiores que se difunden no noso país que dicía que a diferencia entre o salario galego e o salario español é maior hoxe que fai dez anos, así de contundente. Collendo o ano 1990 e o ano 2000 é hoxe maior a diferencia que hai entre o nivel salarial medio galego e o nivel salarial medio esta-

tal. Eso é froito, entre outras cousas, da súa política, da súa como Goberno, que algo tería que facer neste sentido, ¿ou acaso vostedes vanse botar da banda de fóra e dicir que este problema non vai con vostedes? Igual vai connosco, que non tivemos ningunha responsabilidade de goberno nesta etapa.

Pero é que ademais o problema da política salarial que vostedes practican na administración pública ofrece un contraste singular. Vostedes predican o famoso déficit cero aludindo á necesidade de establecer unha disciplina na actuación da administración pública e por eso os seus xefes de Madrid proximamente van aprobar coa súa maioría aritmética unha Lei de estabilidade presupostaria que vai hipotecar seriamente a actuación dos gobernos, entre eles o galego, nos vindeiros anos baseándose nunha férrea disciplina en materia orzamentaria. Agora ben, vostedes cando prevén un nivel inflacionario do 2% e chegamos agora ó 4,1% a nivel estatal, ou 3,8% a nivel galego –dáme igual o de manexar o 3,8%– case o 100% sobre as previsións iniciais, esa falla de disciplina nese aspecto económico importante –¡bah, para vostedes é *pecata minuta!*– eso non ten a mesma importancia que o déficit cero, pero se vostedes, se aquí non respectamos as regras de xogo que algúns impoñen non respectemos outras, ou respectamos todas ou non respectamos ningunha, pero non vale esto de promover ou propiciar que se respecten unhas, e non outras. Sendo unhas, e neste caso outras, as dúas conxuntamente, seriamente lesivas para a maioría social do noso país.

Curiosamente nos trámites que levamos, tanto en Ponencia como en Comisión, cando se debateron as emendas nas que nos propoñemos unha suba do 5,5% para os empregados públicos o seu principal argumento para rexeitar esta proposta nosa foi que ía contra o carácter básico establecido na Lei de orzamentos xerais no relativo a suba salarial para os empregados públicos. Por así dicilo, vostedes acobíllanse, protéxense, detrás do escudo dunha decisión estatal que legalmente vincula ás administracións autonomicas neste caso para dicir, nós non podemos aquí subir máis do que se sobe a nivel estatal porque levaríanos ó Tribunal Constitucional e este votaría abaixo esa retribución. É un argumento tan defensivo que demostra que carecen de razóns serias para negar, ou rigor, o polo menos a sensatez –diría eu– e a congruencia da nosa demanda ou da nosa proposta, porque ademais nós non estamos rixidamente instalados no 5,5%, podemos considerar outras propostas.

Os que están vostedes rixidamente instalados nesa posición, pero é que é máis, nós ofrecémoslle –nas nosas emendas– a posibilidade e escoller outras vías alternativas de, se non o 5,5%, optar por outras propostas que alivien parcialmente a situación dos empregados publicos, por exemplo establecendo unha cláusula de revisión salarial que evite, para o futuro o que veu sucedendo todos estes anos cando non se corresponde o IPC previsto co IPC real; ou ben aceptando a dotación dun fondo adicional de maior contía que a que vostedes establecen nunha disposición destes orzamentos, de maior contía. Nós dicimos 2,5% da masa salarial, para polo menos neutralizar na gran maioría dos empregados públicos esa perda evidente de poder adquisitivo; ou nós ofrecemos a posibilidade de que se revise a estructura das pagas extraordinarias para que polo menos por esa vía teñan uns ingresos suplementarios que, xa digo, permitan unha mellores condicións de traballo ós empregados públicos.

Todo iso foi rexeitado, vostedes non consideran, non aceptan ningunha destas propostas. E xa digo estamos nun ano no que houbo importantes mobilizacións dos empregados públicos, onde hai, estou seguro, un importante apoio social aos mesmos por parte doutros colectivos, porque todo o mundo sabe que o que suceda na Administración Pública vai ser tomado como punto de referencia polas empresas á hora de negociar os seus niveis salariais, e aínda se vén de coñecer agora, recentemente, un dato que indica que no ano pasado ou nos últimos meses, a suba salarial media en total sector privado, sector publico, ten estado claramente por debaixo do IPC. Acéptase polo tanto que a rendas do traballo teñen perdido peso na distribución da renda nacional, da chamada renda nacional, e é evidente, a torta estase repartindo favorabelmente, non ós asalariados, non ás persoas que teñen un emprego, mesmo que sexa precario, e por suposto xa moito menos ós que nin sequera teñen ese emprego.

Noutras emendas nós queremos suprimir as subvencións concedidas de xeito directo pola Administración pública galega, que se reserva eso mediante un artigo no que se establecen as condicións nas que se concederán esas subvencións directas, sen

pasar polos trámites habituais de publicidade, concorrencia e demais. Facémolo, entre outra razón, ademais dunha maior congruencia cos principios democráticos, entre outras razóns porque vostedes teñen feito un uso perverso desa posibilidade –teremos ocasión proximamente de falar aquí nesta Cámara– pero o acontecido coa Confederación de Empresarios de Galicia, ese burato negro que hai que investigar e que hai que coñecer ben o sucedido con esa Confederación é unha razón máis para actuar coa máxima prevención en materia de subvencións.

Vostedes teñen os dedos moi lixeiros, moi rápidos á hora de conceder subvencións, e teñen moitos amigos noutros sitios onde ademais dos dedos, teñen as mans moi activas, para coller as subvencións públicas e utilizalas para cousas que non están previstas. Ás veces algún ten que pagar, como o señor Ramilo, pero outras veces, outros líbranse polos pelos, ou porque resulta que prescribiu legalmente a denuncia presentadas nun xulgado, como lle sucedeu a algúns cargos da Consellería de Industria en relación a unhas subvencións en Ourense a Unicar, polos pelos, pero foi un uso totalmente perverso, clientelar, escandalosa e fraudulenta utilización de recursos públicos.

Estamos, como digo, curados de espanto, e estamos moi escépticos cando vostedes, utilizando esta vía da concesión directa, tal e como figura no Consello de Contas, un organismo como Augas de Galicia asina convenios coas deputacións de Lugo e Ourense para concederlle recursos que logo as deputacións correspondentes utilizan elas, non Augas de Galicia, senón elas, para licitar as correspondentes obras. Claro así tamén fago obras eu, que me dean os cartos e eu despois xa utilizarei os cartos para cousas que, por certo non me corresponderían a min, senón ó organismo ese, e ás veces nin sequera ese organismo, porque son cuestións que non encaixan coa función que ese organismo debe cumprir...

En fin, reiteramos nas emendas que nós presentamos un conxunto das mesmas, ou subconxunto destinado a conseguir unha maior disciplina na execución orzamentaria. Queremos que se clarexe ben no texto orzamentario que se vai facer cos recursos públicos, para que logo poidamos controlar se a execución foi acorde con esa previsión. Este tipo de emendas, conforme pasa o tempo, son moito máis importantes porque vostedes, o Goberno Galego, ten o vicio –non é a virtude pública precisamente– senón un vício público e non privado de ter un gran volume de asignacións xenéricas, non concretadas nos orzamentos, de tal maneira que eso dálles a vostedes unha discrecionalidade na execución do orzamento moi elevada. É necesario polo tanto normas moi ríxidas ou máis ríxidas das que hai, para asegurar unha maior disciplina na execución dese orzamento. É moito máis importante nun ano como ano 2000, un no que vostedes fixeron unha previsión de ingresos que non a cren nin vostedes. É moi pouco rigorosa, é unha previsión excesivamente optimista, feita a propósito para xustificar así unha utilización de cara á galería dos recursos públicos nos gastos porque é un ano electoral. E cando fagamos a revisión da execución orzamentaria, que será en xuño do 2002 ó mellor vostedes están na oposición –co cal, fíxense vostedes, que interese terá daquela facer esa análise– aínda que nós teremos interese en facela igual, aínda que vostedes estean na oposición, pero se se dera a desgracia de que vostedes seguen no Goberno, estariamos falando nun ano do 2002, cando deso xa non se lembra ninguén e onde a atención dos medios de comunicación será evidentemente moi cativa sobre o nivel de execución orzamentaria do ano 2001. Por iso se vostedes se permiten un cálculo frívolo dos ingresos para o 2001, é moito máis necesario establecer criterios estrictos no cumprimento, na execución deses recursos.

E por último tamén é necesario facelo, porque obséquiannos vostedes nos últimos anos cunha política de cambios –como diría o outro ininterrompidos, graduais pero ininterrompidos– da Lei de réxime orzamentario que é unha lei marco, por así dicilo, que regula o comportamento da Administración no uso dos recursos públicos. Vostedes cambian esa lei continuamente no canto de vir aquí cun proxecto de reforma desa lei, e con independencia de que haxa nalgúns anos motivos indubidábeis para modificar tal ou cal aspecto do que vostedes practican, é algo que crea un clima evidente de inseguridade xurídica, de falta de transparencia e falta de control político a efectos do uso de recursos públicos que se contemplan nos orzamentos da Xunta de Galicia.

En fin –remato, xa moi brevemente– aludindo ó feito de que vostedes manteñen máis dunha vez a súa negativa a considerar, sequera parcialmente, as pro-

postas que facemos de incremento do complemento variábel da RISGA. Non é de recibo que nun ano que vostedes contemplan, como digo, incrementos nos ingresos públicos por riba de calquera cálculo rigoroso ou de calquera cálculo fundamentado suficientemente, vostedes practiquen unha racanería que é impropia de calquera administración pública minimamente sensíbel coa situación dos sectores máis excluídos da nosa sociedade á hora de contemplar ingresos de apoio a ese tipo de familias ou de persoas situadas nos extramuros do noso sistema social.

Lamento ter que dicir esto máis dunha vez, pero vostedes –remato como comecei– instalados na seducción do cero, seducidos polo cero, non reparan en ningún tipo de gasto para manter ese dogma artificial, desconectado da realidade social.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias señor Vega.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Barreiro Fernández.

O señor BARREIRO FERNÁNDEZ: Señor presidente, señorías.

Estamos efectivamente, como xa se ten manifestado, na parte final dun trámite, dun tramite que é longo, longo que eu creo derivado da súa propia estructura. Comezada, como aquí se dixo, coa presentación en Comisión por parte do responsable económico do Goberno, así como por parte dos diferentes conselleiros, seguido logo dun debate en totalidade, discusión en Ponencia, debate en Comisión, ata chegar agora a este punto da aprobación definitiva dos orzamentos, o que como dicía derivado desta propia estructura fai que este trámite sexa en si mesmo longo e tamén e si mesmo complexo como dicía, na presentación do seu informe, o presidente da Comisión Terceira.

En certa medida entendo que é lóxico que sexa así dada a trascendencia que ten o debate que estamos a solventar neste momentos, xa que, en definitiva, se trata da aprobación, da definición, como se ten expresado en reiteradas ocasións, da política económica que o Goberno da Xunta de Galicia, ten pensado levar a cabo para o próximo exercicio do ano 2001.

Pois ben marxe desta complexidade, desta dificultade, eu teño que manifestar en primeiro lugar, en nome do noso grupo e tamén no meu mesmo a título persoal, o agradecemento e a felicitación ó presidente da Comisión Terceira, pola forma en que tivo que levar a cabo este proceso –insisto non exento de dificultades– pero que debido, ou gracias máis que debido, ó seu labor directivo fóronse solventando, afortunadamente, sen maiores complicacións.

Cremos tamén que se trata dun debate que é enriquecedor, alomenos dende a nosa perspectiva, este proceso foi enriquecedor. Varias son as razóns que creo que xustifican esta cualificación, en primeiro lugar porque é unha forma a través da cal, e esto é obvio, se permite o coñecemento das diferentes posturas que os distintos grupos da oposición teñen en materia de política económica e permítense tamén a confrontación destas posturas. Esto por si mesmo, cremos, que xa é un aspecto fondamente positivo e que contribúe, como dicía, a enriquecer, non só o debate senón en definitiva o coñecemento que ó redor destas cuestións de tipo económico poida ter a opinión pública.

Entendemos tamén que esta valoración é independente de cal sexa a contía, de cal sexa , en definitiva a avaliación estatística, en última instancia de cal sexa o número de emendas que poidan ser aceptadas ou rexeitadas, emendas procedentes por parte dos grupos da oposición. Nós entedemos que a valoración do debate, en si mesma, non se pode sustentar nunha determinada contía numérica e teñen as señorías multitude de exemplos de parlamentos doutras latitudes, quizais o exemplo máis significativo poida ser o propio parlamento inglés onde practicamente tamén se rexeitan tódalas emendas por parte da oposición, e non por eso dubidamos do carácter democrático do propio proceso.

Nós coidamos que o proceso e a súa validación democrática ponse de manifesto no propio debate en si mesmo, e a partir de aí, o Grupo Parlamentario Popular como grupo que apoia ó Goberno da Xunta de Galicia, e o Goberno da Xunta de Galicia, polo tanto, ten non só a capacidade e a posibilidade, senón eu diría que ten a responsabilidade e obriga de expresar dunha forma clara ¿cal é a súa proxección?, ¿cales son as súas prioridades en materia de política economica con independencia de que estas prioridades

coincidan ou non coas que poidan facer os grupos da oposición?, e sen que esto poida entenderse, en ningún momento, como unha falta de consideración acerca das achegas que os grupos das oposición poidan facer.

Agora ben, señorías, tal como se explica e se recolle no artigo 120 do regulamento desta Cámara, este debate ten basicamente dúas finalidades. Un primeiro punto di no artigo 120.1, fará referencia á defensa das emendas presentadas por cada un dos grupos e que non estivesen incorporadas ó texto da Ponencia. E unha segunda parte di, este mesmo artigo, neste mesmo punto, fai referencia á valoración que se faga acerca do dictame elaborado por parte da Comisión. Pois ben, señorías, toda vez que as emendas presentadas por parte do Grupo Parlamentario Popular, en número de 16, son emendas aceptadas pola maioría dos membros da Comisión e polo tanto están incorporadas ó texto da Ponencia, ademais de que se trata fundamentalmente de cuestións de carácter técnico que non teñen contido político, como entendemos que non podería ser doutro xeito, polo tanto e que basicamente consisten en correccións e precisións de carácter técnico.

Dicía que vanme permitir polo tanto as súas señorías que centre a miña intervención en expresar cal é a valoración que por parte do Partido Popular facemos a respecto do dictame presentado polo presidente da Comisión Terceira e elaborado por dita comisión. Eu creo que a valoración ou a base para levar a cabo esta valoración recóllese precisamente na propia exposición de motivos que aparece, que figura en dito dictame. De tal forma que esa exposición de motivos, di no seu punto primeiro, máis ou menos textualmente que, este proxecto de orzamentos constitúe un instrumento básico de política económica para contribuír á continuidade do proceso de converxencia entre, a nosa Comunidade Autónoma e o resto do país, así como o resto da Unión Europea.

Nós cremos que este é un principio fundamental ó que debe de achegar as cantidades consignadas neste anteproxecto de orzamentos, e cremos que temos certa credibilidade, para que se nos teña en conta esta circunstancia na medida en que, cando un analiza cal foi o proceso experimentado por Galicia ó longo da última década pode comprobar con valoracións, evidentemente non coincidentes, que a nosa comunidade ten experimentado un crecemento, en termos de valor engadido bruto a prezos de mercado, nesta última década de aproximadamente un 23,5% se excluímos os sectores agrarios, fronte un 19% do conxunto do Estado, é dicir que medramos máis de catro puntos, en termos desta magnitude, desta variable macroeconómica en relación ó conxunto do Estado, é dicir, que a política económica desenvolvida pola Xunta de Galicia, ó longo desta década presidida por Manuel Fraga Iribarne, ten contribuído de forma positiva a ese proxecto de converxencia, entre a nosa Comunidade Autónoma e o resto do Estado. Esto é especialmente significativo cando se, ou se se ten en conta ou analiza, que é o que viña pasando na década anterior e comprobarán, as súas señorías, como na década dos 80, Galicia medrou, con respecto a esta mesmo magnitude, un pouco menos do 12,5% mentres que España, o resto do conxunto do Estado medraba ó redor do 33%. É dicir, que a nosa Comunidade Autónoma, derivada seguramente desas políticas económicas, medraba moi por debaixo do que viña medrando o conxunto do Estado español.

Polo tanto creo que é indiscutible, insisto, con independencia de distintas valoracións que se poidan facer aquí e que se poida pensar que debiamos medrar a un ritmo superior ó que viñemos facendo, pero que é incuestionable, o que é incuestionable, é que se ten dado un salto cualitativo e cuantitativo tamén porque non dicilo, importante, nesta última década dos anos 90 e que nós entendemos que este punto de inflexión no crecemento económico da economía galega, foi precisamente o resultado, ou foi a consecuencia precisamente, das diferentes políticas ecónomicas postas en práctica por parte dos gobernos dirixidos por don Manuel Fraga Iribarne.

Recóllese tamén na exposición de motivos deste informe que un dos obxectivos a acadar con estes orzamentos, é non só conquerir crecementos por riba do conxunto do Estado senón tamén que estes crecementos –ós que me refería hai uns instantes– vaian acompañados de procesos de creación de emprego. Pois ben cremos que tamén aquí se ten avanzado de forma importante, e simplemente chegue para reafirmar o que estou a comentar que a metade de parados, que nestes momentos existe, aproximadamente a metade de parados dos que fai oito anos, ou que tamén hai un

obxectivo claro nestes orzamentos para o próximo exercicio concretado a través das diferentes políticas de emprego, que tentarei comentar máis adiante, pero que marca un obxectivo da creación ó redor de 34.000 novos postos de traballo.

Por último por non tentar ser rigoroso co tempo que se me asigna, contense tamén dunha forma clara da exposición de motivos o que poderiamos considerar como os tres grandes obxectivos, algún deles citado aquí profusamente por parte dos membros da oposición en relación a este documento orzamentario. Dentro destres tres grandes obxectivos o que foi máis debatido, e mesmo máis citado na mañá de hoxe, é o que fai referencia ó chamado equilibrio presupostario ou déficit cero. Nós non podemos coincidir coas valoracións expresadas por parte da súa señoría, por parte do portavoz do BNG a respecto da validez e da transcendencia que este criterio que este obxectivo presupostario debe de ter.

E varias son as razóns que cremos que non xustifican o que o señor portavoz do BNG dicía ó respecto. En primeiro lugar temos que dicir que a experiencia que nestes últimos anos se ten dado, cremos que respalda de forma clara a política económica que o Partido Popular, tanto a nivel nacional como a nivel galego veu levando a cabo. E varias son as razóns que ó noso entender pode xustificar esto e que dalgún xeito tamén, polo tanto, xustifican o seguimento deste criterio.

En primeiro lugar cremos que é unha garantía que o obxectivo do equilibrio presupostario do déficit cero non é un obxectivo en si mesmo senón que se trata dun medio que permite garantir, por un lado crecemiento económico, permite garantir creación de emprego, asegura as políticas de investimento e de gasto social, permite a reducción de impostos, como se ten posto de manifesto a través das diferentes políticas económicas desenvolvidas polo Partido Popular a nivel nacional, permite aliviar a débeda para xeracións futuras e unha de conquerir crédito por parte das administracións fronte o conxunto da sociedade. E precisamente nese sentido dáse unha circunstancia especial que, as súas señorías non deben obviar, é que estudios levados a cabo recentemente poñen de manifesto dunha forma clara cal é a opinión e cal é a votade do conxunto dos galegos e do conxunto dos cidadáns do noso país a respecto de cales son os criterios que deben de seguir as políticas económicas por parte das diferentes administracións. E a opinión da cidadanía tanto a nivel nacional como a nivel da nosa comunidade, é clara, de tal forma que manifestan claramente o seu apoio ó equilibrio das contas públicas e desexan que as diferentes administracións limiten de forma razoable os seus gastos, de tal forma que estes queden acomodados ó nivel de ingresos que reciben.

Esto é o que permite, e polo tanto non se pode falar nos termos que aquí se indicou, que dubidando ou cuestionando dalgunha forma as previsións de inflación que se facían derivadas esclusivamente do que o resultado que este ano se ten a dar, resultado que é derivado fundamentalmente, e case de forma exclusiva, como practicamente todos os tratadistas teñen confirmado, dunha circunstancia conxuntural provocada polos prezos do petróleo, e que permite –non pode esquecer a súa señoría que recentemente está anunciado para o próximo exercicio unha baixada dos prezos da enerxía do 4%– un dos compoñentes de custo importantes e que estas circustancias só son posibles, gracias precisamente á bondade na política económica que se ten que levar a cabo –por certo– política economica que foi, e que vén sendo recoñecida non só no medio máis próximo a nivel comunitario, senón que eu diría que a nivel mundial.

Pois ben señorías, todo este conxunto de resultados só son posibles se hai rigor na xestión dos cartos públicos, e unha de expresar ese rigor, e unha forma de garantilo, é precisamente a través do equilibrio presupostario, e como vai aínda máis alá o Partido Popular a través da súa garantía por medio dunha lei. E ademais non deben de esquecerse que para nós, o compromiso adquirido a nivel nacional dentro do marco da Comunidade Economica Europea no ano 97 é un compromiso importante, é un compromiso no que aqueles que cremos no papel fundamental que, a Comunidade Económica Europea ten que desempeñar no desenvolvemento dos diferentes países e das diferentes rexións, debe de ser seguido. Ademais creo que é unha das únicas formas que pode contribuír ó mantemento dos compromisos sociais que os diferentes gobernos do Partido Popular veñen demostrando ó longo dos diferentes exercicios.

Polo tanto non podemos coincidir con afirmacións aquí expresadas, como aquelas que facían referencia acerca do fracaso en termos de inflación cando –insisto– fan referencia fundamentalmente a aspectos de carácter conxuntural.

Remato xa, señor presidente, facendo referencia a otros dous dos grandes obxectivos incluídos nestes orzamentos, como son o seu compromiso co investimento productivo, e que só é posible garantir ese compromiso, precisamente a través de medidas deste tipo, pero a través de medidas de saneamento financeiro que Xunta de Galicia veu aplicando ó longo deste exercicios, e que permiten que os niveis de aforro bruto para o proximo exercicio do 2001 estean sobre os 140.000 millóns de pesetas e que permitan o financiamento de practicamente a metade dos investimentos públicos, como elemento dinamizador do propio investimento privado.

Por último terceiro e gran obxectivo é aquel que fai referencia co compromiso social. Trátase duns orzamentos comprometidos socialmente, e proba diso é que, practicamente máis da metade, máis aproximadamente do 60% do gasto contido neste orzamento está dedicado precisamente a cuestións que poderiamos cualificar como de gasto social, en concreto o que fai referencia a educación e a sanidade. O que permite situar a nosa Comunidade Autónoma como unha das primeiras do conxunto do Estado español do que se refire a gasto sanitario por poboación, e igualmente como unha das primeiras no que refire a gasto educativo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARREIRO FERNÁNDEZ: ...sen esquecer as políticas de emprego –e xa vou rematando señor presidente– na que hai unha dedicación demais de 73.000 millóns de pesetas.

Polo tanto –e con esto xa remato, señor presidente– a valoración que facemos sobre do informe, presentado polo presidente da Comisión Terceira, referida a este documento de orzamentos para o ano 2001, ten que ser necesariamente positiva porque cremos que se trata duns orzamentos, dun proxecto que permite avanzar e continuar na transformación iniciada pola nosa Comunidade Autónoma, iniciada precisamente nesta década de Goberno de don Manuel Fraga, e esto cremos tamén que foi posible, e que está sendo posible gracias precisamente á dirección do propio Manuel Fraga, pero tamén ó compromiso que con respecto ás diferentes políticas, e particularmente á política económica da Xunta de Galicia, vén levando a cabo o pobo galego a través das diferentes confrontacións electorais.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Barreiro.

Para posicionarse respecto das emendas. Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Gracias señor presidente, señorías.

Nós imos votar favorablemente todas as emendas do Grupo Socialista e practicamente todas as do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, practicamente todas porque hai, tres ou catro que nos imos abster, xa o direi na votación.

Eu quería aproveitar esta vez –eu non tiña emendas e por eso non utilicei a primeira vez– para moi brevemente facer a seguinte reflexión que contiña –e eu celebro que estivera contida– no dictame que presentou o señor Díaz, no nome da Comisión de Economía, Presupostos e Orzamento. Eu durante todo o trámite orzamentario en Comisión reiterei unha idea, que eu creo que esta Cámara debe de reflexionar sobre ela, e é que das 1.400 ou 1.500 emendas –non recordo exactamente– parciais a este orzamento non vai ser aceptada, ningunha ou practicamente ningunha segundo foi anunciado reiteradamente na Comisión.

O señor Barreiro como portavoz do Partido Popular di reiteradamente, sexa nos debates, sexa na televisión, de que é normal se trata de proxectos de Goberno lexitimamente diferentes é polo tanto non teñen a obriga política, nin moral, de ter en conta as achegas da oposición, que son posicións lexítimas pero diferentes das do Partido Popular. Eu quero dicirlle ó señor Barreiro e ó Partido Popular en xeral, que eso é un razoamento sostible no debate de totalidade, é absolutamente normal que nese trámite do debate de orzamentos, o Goberno presente o seu proxecto de

contas públicas e a oposición, desde posicións diferentes tampouco unánimes, teñamos alternativas globais a eses orzamentos en virtude de proxectos de goberno diferentes. Por eso é tamén razoable que as emendas de totalidade sexan sistematicamente rexeitadas pola maioría, é absolutamente razoable, como é razoable que a oposición as presente para que a opinión pública visualice o pluralismo político e as alternativas de Goberno presentes nesta Cámara. Pero insisto, é razoable absolutamente que o Goberno rexeite estas emendas de totalidade.

Ese tramite é unha parte do debate, pero agora estamos, superado o trámite polo Goberno e pola súa maioría, estamos no trámite das emendas parciais, onde se presentan máis de 1.500.

E eu quero dicirlle ó señor Barreiro que esa idea que esgrimiron no último Debate para Estado da Autonomía para non aprobar ningún proxecto de resolución da oposición. Agora no debate de orzamentos para non ter en conta ningunha emenda da oposición, é unha idea negativa e extraordinariamente perigosa porque, ¿que se nos di? Existen as emendas da oposición, son parte dun proxecto e dun programa de Goberno ou electoral. Non é certo que sexan parte dun programa electoral, pero aínda que así foran, señor Barreiro, a idea que entre o Goberno e a oposición non hai ningunha emenda parcial posible de coincidencia é unha idea perigosa, que revive como lle dixen na Comisión a idea de dúas Galicias irreconciliables, como remedo daquela vella idea das dúas Españas irreconciliables e esa é unha idea extremadamente perigosa, guerracivilista e antidemocrática.

É un acto de autoritarismo negar que algunha das 1.500 emendas da oposición, que non varían o proxecto, nin o modelo, nin o programa de Goberno da maioría, porque son emendas parciais, ¿como non é posible, tendo proxectos diferentes de goberno como temos, dicir sen embargo que podemos coincidir en que se faga tal estrada?, ¿como non imos poder coincidir neso? ¿como non imos poder coincidir en que se poñan partidas, por exemplo para solucionar ou incrementar as partidas, xa existentes, por parte do Goberno para combater a sinistralidade laboral? por exemplo, ¿como non pode haber acordo nesas cousas independentemente que existan como existen proxectos de Goberno diferentes que se substancian no debate de totalidade? Esa é unha idea de absoluto totalitarismo, é un acto de autoritarismo e de de totalitarismo, que non corresponde co pluralismo político democrático. Esa é a cuestión, é a idea das dúas Galicias irreconciliables, o 52 fronte ó 47% irreconciliable, antagonismo irreconciliable.

Eso non é a idea que eu teño da sociedade galega, e desde logo a sociedade galega non ten eses antagonismos, señor Barreiro, ningún. Eu podo asegurarlle que veciños dunha poboación onde se negue unha emenda razoable, negue vostede ou negue eu, non o entenderán porque non están situados nese acto de autoritarismo irreconciliable, porque a sociedade non está nesas coordenadas, afortunadamente, porque superamos fai 25 anos esa situación.

Non as volvan a traer vostedes nin sequera intelectualmente a esta Cámara, politicamente non poderan facelo, afortunadamente, pero non traian vostedes esas ideas a esta Cámara. Polo tanto proxectos de Goberno diferente si, lexitimamente diferente, si, lexítimo que a maioria vote en contra das emendas de totalidade, naturalmente que é razoable, como é razoable que nós fagamos visualizar as nosas alternativas *ad futurum.* Razoable botar abaixo por principio todos os proxectos de resolución no estado de autonomía e as 1.500 emendas no debate de orzamentos non é un acto razoable, é un acto de situar unha idea de irreconciliables, dúas metades irreconciliables que non se corresponde coa sociedade galega, é un acto inadmisible de autoritarismo político.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Veiga Pombo.

O señor VEIGA POMBO: Ben, vou previamente anticipar o noso posicionamento con respecto ás emendas do Grupo do BNG, que son as únicas que chegaron ata este trámite. Nós imos votar afirmativamente todas elas, excepto unhas que nos imos abster que é a numero 1 que pon a diferencia de valoración case de carácter técnico, a número 10 porque nós estamos, parécenos que se deben de axustar do estado de gastos para axeitar os ingresos, as 11, 12, 13, 14

son diferencias realmente non moi importante, son case diferencias de matiz, o que pasa que é contrario ó noso procedemento para chegar a facer efectivo a revisión dos traballadores que o facemos por medio dun fondo especial, existe certa contradicción coa formulación aínda que, no fondo, estamos de acordo.

E despois con respecto á 32 e 33, con respecto ó formulamento da oferta de emprego en centros de ensino, sanitarios e servicios sociais, que nos parece que non deben estar limitadas pola limitación xeral, e a 33 que nós pensamos que é a norma básica do Estado, a da oferta de emprego.

Temos que lamentar a posición do Grupo Popular con respecto ás emendas do noso grupo, porque efectivamente non explicaron o motivo de por que non se aceptan, independientemente do discurso de carácter xenérico, que fixo o señor Barreiro sobre a política fabulosa por parte do Grupo Popular e do seu Goberno. A pesar de que o debate lle parece enriquecedor e eu estou convencido de que efectivamente algo aprenden destes debates, e despois o discurso que nos botou sobre o tema da converxencia nos anos 80 e nos anos 90.

Desde logo a súa cualificación pon de manifesto que a maior parte de responsabilidade dos anos 80 e responsabilidade do Grupo Popular, comandado por entón polo señor Fernández Albor, que levou ese resultado tan escandalosamente malo, e que nos anos 90, se esto é o éxito do Partido Polpular, o ano 99 Galicia diverxeu con respecto ó conxunto do Estado e con respecto do conxunto de Europa, eso tamén se debe ó Partido Popular, loxicamente. Vostedes cando a inflación baixa, cando os tipos de xuro baixan, eso é éxito do Partido Popular e cando sobe é culpa do petróleo, é culpa da situación política internacional. Con respecto a ese discurso do IPC, España tamén diverxe con respecto de Europa, España ten unha taxa de inflación superior á da media, e por suposto á da Unión Europea e da maior parte dos países importantes da Unión Europea, que padeceron, igualmente que nós, o problema dos custos de importación dos productos enerxéticos.

Pero hai unhas cousas que vostedes non explican, porque vostedes seguen a facer o voso discurso de que o PP reduce impostos e dicía aquilo xa Goebbels que: "unha mentira repetida mil veces convértese nunha verdade", e vostedes seguen repetindo que baixan os impostos, e eso é unha falsidade tan evidente e en Galicia é moito máis evidente. Mire, vostedes na capacidade que teñen respecto a impostos, este ano soben as taxas o 3% cando prevén unha inflación do 2%. Explíquennos por que, non nolo explicaron, á parte dese discurso laudatorio da política do Grupo Popular, seguen sen explicar o porqué se sobe o 3%. Seguen sen explicar porque non queren ter, soamente, pero nin sequera negociar, xa non digo que acepten na súa totalidade, non propoñemos unha reducción transitoria para o ano 2001 do 50% das taxas que aplica a Xunta de Galicia ó conxunto do sector pesqueiro e agroalimentario de Galicia. Vostedes rexeitan esa emenda e non fan nin sequera contraproposta, e seguen dicindo que "ladran logo cabalgamos" seguen con esa posición de estar na posesión da verdade que os leva case ó posicionamento fundamentalista e case de sectas.

Non é posible que nun conxunto de emendas, que moitas delas non son máis que tratar de aceptar o evidente, vostedes non queran nin sequera entrar en negociación sobre desas materias. Pero o que vostedes tocaron foron as taxas pasadas ó 3%, e hai dous exercicios, o imposto de transmisións patrimoniais, sobre o cal teñen competencia, porque sobre o que non teñen competencia loxicamente non poden dicir nada, subírono un 16,66% e á parte diso seguen subindo, están subindo os valores catastrais que inflúen sobre a tributación de impostos de transmisión e sobre a tributación de impostos sobre sucesión e doazóns que son as grandes partidas das que dispón a Xunta como impostos propios e taxas propias.

Pois ben, tampouco explicaron vostedes porque esa política de rigor que vostedes din que manteñen nos orzamentos é unha política de rigor que só se leva a efecto con respecto ós funcionarios. É unha política de rigor que non se leva a efecto no conxunto de gasto da Xunta de Galicia ¿por que segue habendo subvencións incontroladas? ¿por que hai alegría no reparto de subvencións cando se trata de "saltar" alcaldes democráticos que non son do seu partido?, como o caso desa famosa Asociación Xesteira que non lle faltaron fondos para facer obras, neses termos municipais, ou como cando se lle dan fondos de transferencias de capital a empresas famosas como algunha do Ribeiro,

que despois resulta que foi uns fondos que acabaron no xulgado, ou o caso agora que se citou, que non vou repetir, da Patronal Galega, ou como é caso de San Rosendo, da fundación famosa San Rosendo, e que non lle faltan cartos aínda que lle poida faltar á Universidade de Vigo para facer residencias universitarias. Inmediatamente fóronlle concedidos, a esa fundación, 400 millóns e recibe todos os anos centos de millóns. ¿Rigor con quen?, señores do Partido Popular, rigor cos de sempre, rigor cos funcionarios de Galicia para que sirvan de exemplo dos convenios colectivos e que todo o mundo siga pagando a crise que nestes momentos estamos padecendo gravemente en Galicia, que as sigan padecendo os mesmos de sempre. Eso que que ten que quedar claro...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VEIGA POMBO: ...por enriba dese discurso triunfalista que fixo o voceiro do Grupo Popular, os problemas están aí, os problemas agrogandeiros están aí, e vostedes non fan nada por axudar a este conxunto de persoas afectadas.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Veiga.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque, ten a palabra o señor Vega Buxán.

O señor VEGA BUXÁN: Señor presidente, señorías.

Señor voceiro do Grupo Popular non invoque vostede o nome do Parlamento Británico en van, isto non é o Parlamento Británico, pero non por unha cuestión xenética ou de ADN biolóxico, non o é por regulamentos e por usos democráticos imperantes alá e aquí. Xa me gustaría a min estar no Parlamento Británico. Se estivera non podería escoitar nunca, nunca ó voceiro do grupo maioritario dicir que representa a todo o pobo inglés ou británico. Nunca escoitaría eso, eso vostede dixo aquí que si, eso é vocación totalitaria, a todo non. Representan vostedes unha maioría electoral que nin é unha maioría demográfica estricta, unha maioría electoral que votou nunhas eleccións convocadas para o efecto. Pero aquí estamos outras persoas que representamos a outros sectores do pobo galego e non temos esa vocación totalitaria que vostede, implicitamente, expresou a través desa expresión. Xa me gustaría a min estar nun contexto no que, en materia orzamentaria, vostedes crearan aquí e en Madrid unha oficina orzamentaria para facilita-lo control da execución do gasto público, para que isto non fora un debate sobre cifras xenéricas e sobre opacidade instalada do primeiro ó último punto ou artigo destes orzamentos, xa me gustaría a min. Fágano, agora non que xa remataron, tiveron moito tempo para facelo, e non quixeron facelo.

A alusión que vostede fixo ó proceso de converxencia resultoume conmovedor, porque mire, tese que vostede dixo, nos anos 80, na década dos 80, Galiza, digamos, perdeu unha serie de puntos a respecto da media estatal, en termos económicos, e seica nos anos 90 recuperou, pero segundo as súas cifras, recuperou menos do que perdeu nos 80 –logo ¡oia! perdóeme vostede– a converxencia non existe. Non existe, se agora recuperou –que eu non acepto esas cifras, pero ó mesmo que as súas– recuperou menos do que perdeu, está diverxendo non converxendo e curiosamente vostede fala da década dos 80 como os anos, parece ser, grises ou negros. E ¿quen gobernou aquí nos anos 80?, agás 2 anos do 87 ó 89, ¿quen gobernou aquí?, foron vostedes, e por certo había un vicepresidente chamado Mariano Rajoy, acaba de crearse vostede un problema porque non sabe vostede o que é meterse con don Mariano nestes momentos, e saberase, hai prensa aquí, espero que se saiba que don Mariano foi posto en cuestión aquí, na súa epoca, porque foi a súa epoca nos anos 80 Galiza era un desastre; claro, ¿como sera agora o Estado español con el de vicepresidente? Home non quero facer un siloxismo fácil, pero uns anos máis e vai ser un desastre, e o están a dicir vostedes que non o está dicindo este deputado. Ou sexa que prepárese, prepárese que vai recibir vostede unha pertinente cura na súa aventura dialéctica polo menos.

En fin, ¿que quere que lle diga sobre a referencia ó equilibrio orzamentario? Vostedes están tan seducidos polo cero, seguen seducidos polo cero. Eu non vou repetir aquí os argumentos que xa dixo no debate de totalidade o noso voceiro, profesor Beiras, a respecto do equilibrio orzamentario, pero o que vostede afirmou aquí e unha confesión de parte sobre a súa filosofia en materia economica. Vostedes subordinan totalmente calquera lóxica de actuación no eido social, a favor das maiorias sociais, utilizando os meca-

nismos económicos convencionais, vostede invirte esa lóxica. Do que se trata aquí é de facer todo o que faga falta na sociedade galega para cumprir, adourar ó Deus, que sexa neste caso ó déficit cero, que é un Deus que, en fin nin sequera obrigaban a vostedes a adouralo no 2001, poderían adouralo no 2002, pero teñen tal pulsión polo déficit cero, que imos adouralo xa no 2001, veña, isto é un fundamentalismo digno da mellor causa.

No que respecta a conxuntura da inflación, –¡vaia conxuntura!–. Vaia falar vostede de conxuntura ós que están sufrindo a suba dos carburantes, dígalle vostede que, –ben, é un problema de conxuntura–, diranlle a vostedes ¿como recupero o que levo perdido desde xaneiro deste ano por mor das subas dos carburantes? Desde logo, eu agardo que tamén por unha vez sexa conxuntural telos que aturalos a vostedes na maioría desta Cámara. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Vega.

Polo Grupo Palamentario Popular, ten a palabra o señor Barreiro Fernández.

O señor BARREIRO FERNÁNDEZ: Señor presidente, señorías.

Vanme permitir, que dada a limitación temporal que teño para explicar cal é o posicionamento ó respecto das diferentes emendas e dado, tamén, ó numero importante destas emendas, tente facer unha valoración global acerca das mesmas, e a máis que parece que é unha circunstancia lóxica, toda vez que digamos, unha análise das mesmas veuse dando xa nos diferentes trámites ou nos que fomos atravesando, tanto en Comisión como en Ponencia.

Eu diría que basicamente hai nos grupos da oposición dos grandes bloques de emendas e por cualificalas dunha forma temática; un bloque que poderiamos dicir, que recollería a todas aquelas emendas que, por así dicilo, poderiamos cualificalas como que fan referencia ós mecanismos de control. É dicir, tratan de facer fincapé na necesidade, segundo eles, de reformar, de modificar os mecanismos de control que a Xunta de Galicia ten establecido. Ben, nós non coincidimos con esa apreciación, con esto podo enlazar, dalgún xeito, coas valoracións que se facía por parte do portavoz do Grupo Mixto, a respecto da nosa posición sobre as diferentes emendas.

Digo que non coincidimos por unha cuestión, eu creo que evidente, é dicir nos cremos que o Goberno da Xunta de Galicia ten feito un labor importante en relación a estes mecanismos de control, mesmo teño comentado en máis dunha ocasión. Os procesos de control establecidos na Comunidade Autónoma galega son procesos seguidos por outra comunidades, ou por gobernos doutras comunidades autónomas, e mesmo sen ningún tipo de alarde, poderiamos afirmar que a Xunta de Galicia podería considerarse á cabeza, por así dicilo, da implantación de mecanismos e procesos de control en materia de gasto público. Recentemente, vexan vostedes a modificación que houbo na lei, na normativa que regula o control de subvencións. Polo tanto señorías, non podemos coincidir coas valoracións que vostedes fan o respecto. E isto, en ningún momento pon de manifesto, señoría, as dúas Galicias, nós o de as dúas Galicias e as dúas Españas, afortunadamente témolo superado hai moitos anos, desgraciadamente parece que outros insignes deputados non teñen superado aínda esa etapa. Nós cando menos hai 25 anos que, afortunadamente como digo, témola superada e só existe na imaxinación dalgúns e desgraciadamente eu creo que desafortunadamente, pois tratan sacalo a debate de forma continua, cando na sociedade non existe eso, e dede logo, no Grupo Popular ou no Partido Popular teña a súa señoría a certeza de que nin as súas manisfestacións políticas e nas súas expresións de Goberno se traduce o que vostede, dunha forma reiterada, e parece como se fora unha das ideas sobre a cal debe de xirar o seu debate e sácaa. Pero comprendera que iso a sociedade non lle recoñece a insolvencia nese terreo, non no terreo persoal, evidentemente, senón nesa circunstancia a que vostede facía referencia.

Hai outro segundo bloque de emendas que podiamos considerar de carácter salarial, que basicamente fan referencia todas elas ó formulamento dun incremento sobre a masa salarial por riba do 2% que é o que o Goberno da Xunta de Galicia ten contemplado e que é unha medida que, de algunha forma, vai encamiñada dentro dese conxunto de medidas que antes cualificabamos de equilibrio presupostario. Aquí é curioso como algún grupo, como é o caso ben o Bloque Nacionalista Galego dunha forma directa, propón un

incremento dun 5,5%, e de unha forma indirecta o Partido Socialista mantén o incremento do 2%, pero logo propón a creación dun fondo adicional do 3%, é dicir, ó final están falando tamén dun 5%.

Por certo señorías, saiban vostedes que o Goberno da Xunta de Galicia quizás sexa un dos poucos gobernos autonómicos que ten creado un fondo para ese fin nestes presupostos por riba de 2.400 millóns de pesetas a engadir o incremento dese 2%. Pero dicía que é curioso a postura que no caso particular do Bloque Nacionalista Galego defende nesta Cámara e a postura que o Bloque Nacionalista Galego pon en práctica cando ten responsabilidades de Goberno, neste contexto. Vostedes din que se suba un 5,5% e onde vostedes gobernan e permitan que lles cite un exemplo destes días o concello de Lugo, o concelleiro de Economía, é concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, di o titular dun xornal: "Os funcionarios municipais, estarán, que irán en folga agora en decembro" é unha das razóns que aducen, por unanimidade de todos os sindicatos, do concello de Lugo, incluído a CIG. Unha das razóns que din, di o seu representante, que considera insuficiente as subas salariais que lles propón o Goberno local dun 2% en función do IPC previsto. Vostedes teñen dúas caras señorías, unha cara cando están aquí e outra cara cando teñen a responsabilidade de Goberno *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor.

O señor BARREIRO FERNÁNDEZ: Polo tanto señorías, eu creo que é importante que non se contribúa a esa confusión na opinión pública, e nós estamos de acordo coa postura que os seus responsables municipais manteñen no concello de Lugo, estamos de acordo con esa postura, porque é coherente que o conxunto da política económica do país, o que non están, o que onde se perda a coherencia e cando vostedes nun foro onde –insisto– non teñen ningún tipo de responsabilidade, fan esa proposición.

Polo tanto en aras á consecución dese equilibrio presupostario, en aras –que nós non sacralizamos para nada señoría– nós dixémoslle claramente que entendiámolo como un medio para conquerir outro tipo de fins, pero en ningún momento como un fin en si mesmo. Por certo, non se pode propoñer, tamén se aduciu aquí, que no ano 99 –claro vostedes citan unhas estatísticas con respecto ás cales parece que non hai crecemento–. As estatísticas oficiais, tanto no Instituto Nacional de Estatística, como no Instituto Galego de Estatística presentan claramente un lixeiro crecemento –é certo que un lixeiro crecemento– da economía galega con respecto da economía nacional, e arredor de medio punto con respecto a economía europea.

Polo tanto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARREIRO FERNÁNDEZ: ...señor presidente –e xa vou rematando– señorías, baixo este formulamento comprenderan que nós nin cremos nas dúas Galicias porque non existen. Tamén estarán de acordo comigo que baixo estes formulamentos non podemos aceptar as emendas que vostedes presentaban, salvo a emenda xa mencionada a número 57 do Bloque Nacionalista Galego. Con respecto ás outras a nosa postura ten que ser necesariamente en contra tendo en conta estas cuestións que viña comentando e con independencia do comentario que me facía tamén o portavoz do BNG a respecto da miña postura persoal, quizais sexa en compensación, porque o ano pasado dicíame que o meu discurso era para facer méritos dentro do grupo, quizá o maior para adquirir esta compensación, este ano faise xustamente o contrario...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARREIRO FERNÁNDEZ: –e con esto remato xa señor presidente–. Manifestando unha vez máis a nosa postura negativa respecto das diferentes emendas, coa salvidade esta que lle comentaba do Bloque Nacionalista Galego.

Máis nada, e moitas gracias. (*Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Barreiro.

Procedemos agora a votación das emendas.

Eu rogaría ós distintos portavoces, segundo avanzamos vaian dicíndome as que imos votar por separado.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista. Señor Veiga, ¿quere que se vote separada a nº 1?

O señor VEIGA POMBO: Si, señor presidente.

Nós pediriamos que se votasen conxuntamente todas as nosas emendas agás a número 45 que fai referencia á reducción do 50% das taxas, con carácter excepcional para este ano, que afectan ó sector agrario, transporte e pesqueiro, para que quede perfectamente claro no conxunto do trámite parlamentario. E que tamén se vote por separado a nosa emenda número 100 que fai referencia á exención do canon de saneamento para usos domésticos por se algún deputado do Grupo Popular, ten algún problema de conciencia, e quere manter a súa palabra dada diante desta Cámara.

Mais nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Veiga.

Señor Vega ¿quere que se vote por separado algunha?

O señor VEGA BUXÁN: Do Grupo Socialista si. Concretamente tres: as números 29, 81 e 91.

O señor PRESIDENTE: 81 e 91. Moitas gracias.

Procedemos entón a votar tódalas emendas do Grupo Parlamentario Socialista, agás a 45 e a 100.

Votamos.

Perdón, perdón, a 45 e a 100 que foi solicitada a separación polo propio grupo máis a 29, 81 e 91.

Entón procedemos a votar todas as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, agás a 45, 100, 29, 81 e 91.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, estas emendas quedan rexeitadas.

Votamos agora, a emenda número 29.

(Votación.) (Pausa)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 38; abstéñense, 15.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, esta emenda queda rexeitada.

Votamos agora...

O señor VEGA BUXAN: Señor presidente, para facilitar a votación que se voten agrupadamente a 81 e a 91.

O señor PRESIDENTE: A 81 e a 91.

Señora Soñeira o seu voto é positivo.

Votamos agora entón as emendas número 81 e 91 deste mesmo grupo.

(Votación.) (Pausa)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 38; abstéñense, 15.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, estas emendas quedan rexeitadas.

Votamos agora a emenda número 45.

(Votación.) (Pausa)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, esta emenda queda rexeitada.

Votamos agora a emenda número 100.

(Votación.) (Pausa)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 22; votos en contra 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, esta emenda queda rexeitada.

Pasamos agora á votación das emendas que foron presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Veiga.

O señor VEIGA POMBO: Si, señor presidente, nós pediriamos a votación separada, pero en grupo de todas estas, da número 1, 10, 11, 12, 13, 14, 32, 33.

O señor PRESIDENTE: ¿Ningunha solicitude máis? Pareceume entender que por parte do Grupo Partido Popular, que solicitada... *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)*

Votamos todas as emendas que foron presentadas que foron mantidas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, agás a 1, 10, 11, 12, 13, 14, 32, 33.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, estas emendas quedan rexeitadas.

Votamos agora a 1, 10, 11, 12, 13, 14, 32, 33.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 15; votos en contra 38; votos en contra, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, estas emendas quedan rexeitadas.

Feita polo tanto a votación de tódalas emendas procede facer a votación do texto articulado do dictame, agás o artigo 2, que se pospón ata o remate do debate do estado de gastos, dado que as contías expresadas no mesmo podíanse variar, de aceptarse dalgunha das emendas que traspasen créditos entre as distintas funcións.

Polo tanto procedemos á votación do texto articulado.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra 24.

O resultado da votación é positivo.

Queda aprobado, polo tanto o texto articulado da lei, agás o artigo 2.

DEBATE DO ESTADO DE INGRESOS E GASTOS.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ó debate do Estado de gastos, ingresos e presupostos da Comunidade Autónoma. O estado de ingresos dáse por aprobado pola votación obtida no debate da totalidade.

Estado de gastos.

SECCIÓN 01 (PARLAMENTO DE GALICIA).

SECCIÓN 02 (CONSELLO DE CONTAS).

SECCIÓN 03 (CONSELLO DA CULTURA GALEGA).

O señor PRESIDENTE: Procedemos a vota-la sección 01, do Parlamento de Galicia, a sección 02, do Consello de Contas e a sección 03, do Consello da Cultura Galega, ás que non se presentaron emendas.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra ningún; abstéñense, 24.

O resultado da votación é positivo.

Polo tanto as seccións primeira, segunda e terceira quedan aprobadas.

SECCIÓN 04 (CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA).

O señor PRESIDENTE: A defensa das súas emendas, polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor presidente, señorías, coa máxima brevidade posible, hai que ir alixeirando este trámite. Nós presentamos a esta consellería 12 emendas, por valor de aproximadamente 1.800 millóns de pesetas, destinadas a catro obxectivos fundamentais. O primeiro é a mellora de infraestructuras deportivas en determinados concellos, caso de Vigo, O Grove, Moaña, etc. A segunda, esas son as emendas que van do número 1 ó número 5. Un segundo obxectivo é, dentro deste mesmo apartado deportivo, apoiar ó deporte base e aquí efectivamente detraemos os cartos de determinadas transferencias correntes a determinas entidades e federacións. É verdade que algunhas desas federacións teñen que ter as súas transferencias correntes para poder funcionar, pero chamo a atención das súas señorías, que as transferencias correntes son tanto a entidades como a federacións, é dicir, tamén, non só a federacións, que non queremos tocar, senón a entidades deportivas. Nós queremos que unha parte deses cartos vaia á promoción directa do deporte de base tendo en conta que algunhas desas transferencias correntes, van destinadas a promocionar directamente o deporte profesional de *élite*, mesmo nalgúns casos a sociedades anónimas deportivas, e polo tanto é evidente que non se trata de detraer –insisto– das federacións ou organismos federativos que teñen o encargo de organizar e promover o deporte senón de certas entidades que son de profesionales de *élite*, mesmo nalgúns casos –xa digo– de sociedades anónimas deportivas.

O terceiro obxectivo, é incrementar as transferencias correntes ó exterior. Eu creo que é evidente que a Xunta de Galicia, en xeral as institucions políticas do país, do estado, mesmo europeas, destinan moi poucos cartos á solidariedade internacional, moi poucos. Tendo en conta que as diferencias no mundo están aumentando e que as políticas actuais, coñecidas baixo o epígrafe xenérico de neoliberalismo están aumentando gravemente esas diferencias e creando graves problemas ademais, ligados tamén a problemas naturais, graves problemas en moitos países do planeta. Polo tanto é necesario incrementar esa solidariedade organizada e eficaz, e é evidente que a Xunta de Galicia está por debaixo da media española, moi por debaixo, e que mesmo nos últimos tempos é evidente que esa solidariedade, no o digo en Galicia, en xeral vén diminuíndo cando faría falla un incremento moi importante organizado dos países máis favorecidos a prol dos países e dos cidadáns e cidadás que neles viven que teñen graves carencias e graves problemas.

Finalmente o cuarto obxectivo das nosas emendas, é a disolución e a súa transferencia precisamente á solidaridade, ás políticas de solidariedade da nova consellería sen carteira, e difícil chamarlle de denominada consellería que ten o señor Diz Guedes, aquí presente –cousa que lle agradecemos, que dea a cara cando se tratan estes temas, non como outros que están en Vigo hoxe parece, cando se trataban os seus problemas– porque é evidente que esta consellería sen carteira, chamada de Relacións Institucionais non ten ningunha función. Ademais quero facer a seguinte reflexión e a seguinte proposta, primeiro eu –aínda que o meu coñecemento recoñezo que é limitado– non coñezo en ningún país da Unión Europea –da Europa en xeral, non da Unión Europea– en ningún país chamado democrático, e mesmo é difícil escoller ou encontrar figuras tan descaradamente partidarias, nas chamadas repúblicas bananeras, difícil, con tal descaro imposible, é certo que neses sitios fanse isto e cousas peores, pero mesmo buscan coberturas formais mellor artelladas. Aquí é un descaro absoluto, hai un problema no Partido Popular de familias de loitas polo poder e é necesario que o señor Diz Guedes, teña un peso político determinado e non se lles ocorre máis que utilizar á administración pública, o seu organigrama e os seus orzamentos para darlle un papel político no Partido Popular, o señor Diz Guedes.

Poderán dicir vostedes –home, isto non é así di vostede– ben, pois eu lles fago unha proposta que, xa lle fixen ó señor Diz Guedes na Comisión, se o portavoz neste caso do Partido Popular di cales son as funcións do señor Diz Guedes eu retiro a emenda –fíxense vostedes é clarísimo–. Na memoria da Consellería de Presidencia, nin sequera din: "Créase a Comisión, a consellería, con rango de Consellería de Relacións Institucionais, por decreto tal, tal". Non se din nin as funcións, é o único apartado da memoria no organigrama da consellería que non constan as funcións, non constan porque non poden constar, porque non existen desde o punto de vista administrativo, político administrativo.

Naturalmente eu creo, xa o dixen unha vez, o señor Guedes xa debía dimitir, porque eu creo que o señor Guedes ten peso político e non necesita esto, non

necesita esto, eu creo que lle prexudica, incluso na súa función política, sinceramente, eu creo que daría unha mostra mesmo na loita política no Partido Popular, unha mostra de honestidade, de seriedade e de dignidade que lle valerían moitos máis puntos que estar nesa consellería que non sei o que fai.

Eu preguntei ó señor Diz Guedes, e pregúntolle ó portavoz do Partido Popular que nos describa un día de traballo do señor Diz Guedes, ¿que fai ?, ¿que é o que fai ? Porque ó mellor levamos unha sorpresa, eu sei que foi ó Vaticano representando a Xunta de Galicia, isto é certo non, pero a partir de aí non coñezo outra actividade que –non, non ría señor Castro– *(Risos.)* é moi grave, é que naturalmente chama á risa, porque é cómico, pero naturalmente é unha cousa inadmisible.

O señor Diz Guedes, dicíanos entón que tiña un labor transversal político, non sei si de substitución do propio presidente, que é que exerce ese labor, e que ademais se reunía con moitos colectivos sociais. Pero home, señor Diz. Eu reúnome con moitos colectivos sociais, practicamente todos os deputados, deputadas, desta Cámara e non necesitamos para reunirnos con colectivos sociais, en nome do noso partido, como podía facer vostede en nome do seu partido, non necesitamos unha consellería.

Agora ben –remato con isto– eu fago unha proposta formal, se o portavoz do Partido Popular describe aquí as competencias administrativas do señor Diz Guedes, as competencias político-administrativas, que chaman a crear esta consellería e ademais di o que fai durante a súa xornada de traballo que é imprescindible, porque non o sabe esta Cámara, non o saben nin o Grupo Popular, nin ninguén. Se iso se aclara minimamente, aínda que eu discrepara das funcións que lle dan, pero se as describen, non só formalmente, senón contrastadas coas 8, 9 e 10 horas de traballo diarias deste señor, eu retiro a emenda e pido desculpas ó Grupo Popular.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Gracias, señor Guerreiro.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Veiga Pombo.

O señor VEIGA POMBO: Sen dúbida o portavoz, o voceiro que me precedeu esaxera sen dúbida, porque ten unha función que é representar ó Goberno cando estamos nun debate do Parlamento, e nestes momentos está cumprindo unha función clara –hai ten unha–. O único representante do Goberno con trámite desta importancia, non está nin o conselleiro da Presidencia, nin está o Presidente, por suposto, o Presidente ten outras cousas moito máis importantes que facer que estar aquí.

O señor Touriño, de momento non é conselleiro, esperemos que tarde pouco en ser presidente.

Ben, temos que empezar por recoñecer que enfrontarse a un debate sobre, non unha consellería, senón sobre unha sección, sección 04. É a sección máis atípica que existe neste organigrama, e desde logo debe ser a máis atípica que existe entre os Gobernos Autonómicos, porque aquí os seguintes voceiros van falar de materias concretas e conselleiros concretos que poden falar de agricultura, de ordenación do territorio, obras públicas ou de industria. Pero aquí, é que situar esto porque parece imos falar de presidencia, pero falar dun conxunto de materias, como é unha consellería na que está o señor Pita, que manda sobre os funcionarios, un presidente da Xunta, que ten uns secretarios que executan a súa política directamente sen contar loxicamente co señor Pita, deportes, acción exterior, comunidades galegas no exterior, como é isto, I+D; unha serie de secretarías mesturadas, e por suposto, outro conselleiro máis que forma parte deste paquete, que é o das Relacións Institucionais.

Polo tanto imaxínese que coherencia conxunta, que fío conductor pode ter este debate, hai que ser disperso necesariamente, porque cando se fai incluso a comparecencia por parte do conselleiro de presidente, ten que falar en representación do presidente da Xunta, cando o presidente da Xunta na vida compareceu para explicar a súa política nesas secretarías da súa competencia, que dirixe el persoalmente e que veñen os secretarios explicar o seu orzamento concreto. Cando expliquen o seu orzamento completo e só falase da partida global desa secretaría, estes teñen que saír dicindo que é o que temos, non temos máis, en deportes temos esta cantidade, ¿por que?, pois porque o que fixo os orzamentos asignou esta cantidade, e sería o responsable, sería o señor Fraga, que é o que co-

ordina, suponse estas áreas, o que tería que dar unha explicación de conxunto, de por que nas súas prioridades este ano está por exemplo, primeiro desenvolvemento comarcal, porque ten a Secretaría de medios informativos ou por que dedica unha cantidade ó deporte en Galicia este ano.

Esa explicación, señorías, na vida deuse nesta Cámara, nin na Comisión informativa. Entón temos un debate viciado porque non podemos cuestionar as prioridades políticas do Goberno, así entramos nós a face-las emendas no que nos parece que e necesario facelas, descoñecendo cales son os criterios que levaron a asignar esas cantidades a diversas materias que compoñen, que son moitas e moi variadas.

Nós empezamos por falar dunha delas, que é unha secretaría que é a de Relacións coas comunidades galegas no exterior. Unha secretaría que se leva por suposto con absoluta opacidade, na cal pola súa propia función de traballo no exterior, faise moi difícil do seguimento do que fai o señor Amarelo no conxunto das comunidades galegas no exterior, aínda que si sabemos algunhas cousas que se fan, que son as que non se deberían de facer, que son mesturar a política partidaria do Popular, coa política institucional, que é a que el debería de levar a cabo acompañando ó presidente, na súa derradeira visita, case en campaña electoral, feita cos fondos públicos, que estamos aprobando aquí.

A pesar deso, de que nós discrepamos con ese uso partidista, como case todo o que fai a Xunta, nós consideramos esta secretaría, que os galegos no exterior, merecen un apoio desta Cámara, merecen a solidariedade de Galicia e de aí que as nosas emendas vaian centradas a potenciar algunhas das partidas dirixidas a eles, como é a de dotación e rehabilitación de centros que están moi necesitados de melloras e de reformas ó cal dedicamos unha partida de 100 millóns de pesetas. A posta en marcha de novos centros e promoción de proxectos asistenciais, fundamentalmente refiridos ó que son centros de asistencia médico-sanitaria. Porque esto é o que nos din os nosos cidadáns do exterior que é a máxima preocupación que teñen, é a primeira necesidade, a da súa asistencia sanitaria, porque neses países, en moitos destes países, sobre todo en América non existe seguridade social, e unha seguridade social en moitos casos pois practicamente inexistente. As pensións nalgúns sitios son de 27.000 pesetas ó mes e os gastos de pagar o seguro médico, practicamente leva ó conxunto desa pensión, creo que aí, non en outras actuacións máis de carácter folclórico e viaxeiro que fai a Xunta había que centrar os esforzos desta secretaría e nesa mesma dirección vai a nosa emenda número 3, tamén dirixida a subvencións que están moi dispersas para o cumprimento da lei de galeguidade que se deberían centrar máis nestes aspectos, que claramente sentidos pola colonia no exterior.

No que é a Secretaría de Deporte, temos que empezar por dicir, e iso nunca niguén nolo poido rebater, porque non houbo nunca un debate, digamos de globalidade, no conxunto de áreas que mantén e que dirixe o presidente da Xunta, que a partida que se destina a orzamentos para conxunto de Galicia é unha partida claramente insuficiente, unha partida que o conxunto de demandas, a demanda de deportes é unha demanda crecente, moito máis crecente que o nivel de vida, que vai por riba do crecemento da renda, incluso o crecemento de poboación, a demanda da actividade deportiva.

A Xunta ten que dar respostas, se considera que eso é unha prioridade, dentro do conxunto da política que leva a cabo, e polo que se ve non é unha actuación das que considere prioritarias porque segue practicamente con cantidades moi similares ós últimos exercicios. O conxunto de demandas da sociedade, con respecto a instalacións deportivas é impresionante, nós non queremos traer aquí un listado de emendas de concellos, que nos levan enviado, porque isto rebordaría por suposto calquera previsión orzamentaria.

Polo tanto cando esto é así hai que tomar un criterio obxectivo, non un criterio discrecional, como é o que fai a Xunta. Ese criterio obxectivo ten que partir da realidade, de que se hai uns recursos escasos, hai que dedicalos alí onde en primeiro lugar existe a maior demanda que, posiblemente no futuro vai seguir medrando que é nas grandes áreas metropolitanas de Galicia, para o cal nós propoñemos que se lle dedique unha partida específica sen entrar a nomear cidade por cidade.

Nós non queremos entrar aquí nun debate localista, se Coruña, Vigo, Santiago, Lugo, Ferrol... é dicir,

non nos interesa ese debate localista. O que si queremos é que se lle asignen a ese conxunto da poboación urbana, ó que ten dereito, que é aproximadamente o 50% dos investimentos. De aí e por suposto moita maior cantidade que na que figura nos orzamentos, duplicamos esa partida, pasamos a unha partida global de investimentos deportivos de 2.300 millóns de pesetas, dos cales 1.150 irían ás áreas urbanas e 1.176 irían a áreas comarcais. ¿Por que? Porque consideramos que a Xunta ten a obriga de fomentar o deporte de modo que sea aproveitado polo maior conxunto de cidadáns posible, entón non ten moita explicación que a Xunta vaia facer un investimento dun pavillón polideportivo a unha vila rural, un concello rural, que terá todo dereito a telo cando ten o conxunto do resto desa bisbarra, ou comarca desabastecido e non ten un plano que se poida fixar en canto a prazos, en canto a obxectivos xeográficos.

Hoxe en día o plano da Xunta de Galicia, con respecto a esta área deportiva, consiste en que se dean uns fondos ó secretario, o secretario negocia cos presidentes das deputacións menos coa de Lugo, e cada ano vanse introducindo unhas partidas para que, por suposto, non decide unha política global de Galicia, decide a política localista dos presidentes respectivos das deputacións, que son políticas conxunturais como se ve. Podo poñer un caso sintomático, un caso dun concello da provincia de Ourense gobernado polo Partido Popular que se chama Blancos, onde un alcalde que agora mesmo está no xulgado, fixo comprometer ó presidente Baltar a facerlle un campo de fútbol cando non había nin equipo de fútbol e o presidente da deputación comprometeuse a que si se faría ese campo de fútbol e hai, estivo incluso orzamentado, ata que claro cambiou o alcalde e agora xa non se fai o campo de fútbol. Pois esto é un caso como moitos outros que pon de manifesto a política oportunista e localista que se leva nunha materia como é a de deportes. Polo tanto obxectivación e planos para o conxunto de toda Galicia, independentemente de cales sexan os intereses particulares dos presidentes das deputacións.

Despois queremos tamén que se faga unha actuación distinta en política ou na acción exterior de Galicia. Porque Galicia nestes momentos, a única acción exterior que leva a cabo seriamente –a única que existe digamos, seriamente esa é outra cuestión– é a que leva o seu presidente, pero non hai un plano máis que enunciado e non posto en práctica por parte desta secretaría, hai unha presencia en Mercosur, hai unha presencia en Bruxelas a través da fundación Galicia Europa, pero non hai un plano de presencia galega, que estea debatido nin aprobado para os próximos catro anos, nin os medios económicos, porque os medios que se dedican a esta secretaría, a pesar de que soben, son claramente insuficientes, de aí que nós fagamos unha emenda para complementar o plano de acción exterior de Galicia, que debería de ser algo que é unha das materias nas cales poderiamos e deberiamos poñernos de acordo, a imaxe exterior de Galicia e algo que non pertenece a un partido nin a un Goberno, unha partida de 100 millóns de pesetas.

Logo este ano, dentro destas secretarías da presidencia aparece potenciada o que é a Secretaría de Desenvolvemento Comarcal, que é a secretaría para recordalo, a "Secretaría dos *Chiringuitos* Comarcais controlados por axentes electorais do Partido Popular", para recordar, porque os nomes poden ser moi enganosos. Chámanse as fundacións comarcais, subvencionadas dende a Xunta, Sociedad Anónima de Desenvolvemento comarcal, da cal dixo o Consello de contas que xa podían ir eliminándolle o da sociedade anónima porque non ten sentido que sexa sociedade mercantil cando vive exclusivamente das subvencións da propia Xunta, polo tanto non ten sentido, cando tiña que ser un organismo autónomo ou integrarse na propia administración, e nós, como consideramos que é un gasto inútil, exclusivamente útil para os intereses electorais dun partido, pero non útil para Galicia, e sobre todo este ano, que sacan vostedes da chisteira o que é a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que xa falaremos dela na Lei de acompañamento desta lei, que vai operar en paralelo con esta Secretaría de Desenvolvemento Comarcal, no mesmo territorio e con practicamente iguais finalidades, polo menos as explicadas ata agora. Polo tanto esta é unha secretaría innecesaria.

Este gasto de mil e pico millóns de pesetas, e cando falamos de rigor, que estes mil e pico millóns de pesetas, son innecesarios, son cartos tirados para intereses partidistas, que nós propoñemos que eses mesmos cartos, se utilicen en fomentar proxectos de desenvolvemento comarcal elaborados democraticamente desde as mancomunidades de concellos, tamén le-

vamos outra emenda para que se potencien as mancomunidades, pero noutra sección, e de entes que fagan actuacións en materia de transporte para coordinar e vertebrar territorialmente esas comarcas.

En definitiva programas xeradores de emprego e mellora das estructuras comerciais. Para eso, sen necesidade de montar estructuras de poder paralelas, sen necesidade de montar xerentes nomeados a dedo, sen necesidade de montar instalacións e sen necesidade de montar aparellos ó servicio dun partido e non do servicio do desenvolvemento comarcal.

Despois levamos un conxunto de emendas que van todas dirixidas a unha finalidade que é o respecto e a potenciación e o darlle armas ós usuarios das administracións galegas, ós administrados en definitiva, ós que nos debemos, supoño, para que non sexan súbditos que vaian tramitar as súas peticións, os seus documentos á administración e que vaian dicir como di o conselleiro de presidencia: "que ben funciona esta administración, que marabilla, que aparellos informáticos temos postos, que métodos informáticos marabillosos que son a envexa". Pero que non lles demos as armas para que controlen esa mesma administración. Primeiro lugar, vostedes veñen dicindo sempre, fardando, de que temos uns procedementos administrativos marabillosos, pero levamos dous anos pedindo que fagan unha enquisa, fagan unha enquisa, fagan unha inquisa entre os usuarios para testar a opinión dos usuarios, non a opinión do conselleiro, que non me serve, nin a opinión dos directores xerais, senón a opinión dos usuarios, do que fai calquera empresa que queira dar un servicio de calidade.

Queremos tamén que se faga unha campaña informativa, para o cal propoñemos 58 millóns e medio de pesetas, para que se poñan en coñecemento os deberes dos cidadáns diante da administración, tales son os dereitos que lles dá a lei, que se fagan folletos, que se fagan anuncios e que se poñan en coñecemento, porque se vostede hoxe chama a un servicio destes telefónicos que ten a Xunta, cando ten unha reclamación, non lle informan de nada, dinlle que fagan por escrito a reclamación, pero non lle din que dereitos ten á hora de reclamar.

Por último, algo que, cae de caixón, o vimos dicindo, é que no debate anterior vostedes negáronse aceptar unha emenda tan sinxela como era que se lle aplique, algo de simplificación administrativa, ó procedemento das subvencións como é que, aqueles documentos que obran en poder da Administración Pública galega non se lle esixan ós cidadáns, é dicir, que en vez de que anden os cidadáns de consellería en consellería, recolectando papeis para presentar nunha consellería, por exemplo como a de Familia, para tramitar unha subvención, que sexa a propia consellería a que o faga, non porque o digamos nós, é que o dí a lei, están vostedes incumprindo esta lei. Nós aquí o que pedimos e que esa marabillosa reforma administrativa, que vai dirixida a comprar mais aparellos...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor VEIGA POMBO: ...–Remato señor presidente– e a gastar en procedementos de simplificación administrativa, que simplifiquen de verdade a administración e que cumpran coa lei, algo tan sinxelo como iso ó que vostedes votan un ano tras outro que non.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Gracias, señor Veiga Pombo.

Ten a palabra o señor Suárez Canal polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Gracias señor presidente, señoras e señores deputados.

Cando iniciamos o debate do estado de gastos das distintas seccións dos orzamentos da Comunidade Autónoma, queremos propoñer nós unha cuestión previa, existen formuladas pola oposición 1.494 emendas ó Estado de gastos. Seguramente dun estudio segregado de cada unha das emendas que se formulan, non de todas, pero dunha importante maioría, dun estudio segregado, seguramente, todos os deputados do grupo maioritario recoñecerían a súa necesidade, que se trata nalgúns casos de infraestructuras ou de accións de goberno das que se carecen e que non se poden implementar, sería o argumento que utilizarían, porque hai outras prioridades na acción do goberno.

Pois ben, esa mesma plasmación desas necesidades que seguramente segregadas unha a unha veriamos todos a súa necesidade, entendemos nós que a maior desautorización do discurso que habitualmente se utiliza por parte do presidente e por parte do Goberno, como balance da súa xestión política. Un discurso onde a anécdota, o cemento, a EDAR, o polideportivo cobra o valor de argumento fundamental, non hai liñas directrices de acción de goberno senón realizacións. Pois ben, despois de doce exercicios orzamentarios, fronte a esas múltiples realizacións hai as miles de realizacións que a oposición evidencia que se carecen delas hoxe na realidade do noso país. E seguramente non facemos máis patente que unha parte desas carencias que existen no noso país.

Polo tanto estamos ante unha evidencia, se o discurso de valoración e balance dunha acción de goberno son as realizacións concretas, as carencias evidencian que falta moitísimo por facer e polo tanto, poñen ó descuberto que en realidade ese discurso é un discurso que como balance dunha acción de goberno carece de sentido. Penso que esta reflexión ten a súa importancia porque insisto, á hora de abordar a elaboración do último orzamento, seguramente, da era Fraga no Goberno é moi importante evidenciar como se carece da presentación á sociedade galega dun balance do que serían liñas fundamentais que xustificaría unha acción de goberno e que presentarían en todo caso as realizacións concretas como corolarios e non como premisas, se se presentan como premisas aquí, señores, nas mil e pico emendas están outras premisas; que evidencian que en realidade a acción do goberno foi mesquiña e existen hoxe moitas necesidades, moitas realizacións concretas, moitas demandas da sociedade galega que se evidencian como non cubertas despois de doce anos.

E entrando na sección catro dos orzamentos da Comunidade Autónoma temos que dicir, en primeiro lugar, que se trata dunha sección peculiar, podería ser seguramente a mellor sección para evidenciar cal é o electroencefalograma dunha acción de goberno, de como exerce o poder o Partido Popular, das anomalías, das zonas de sombra, das carencias e dos defectos que teñen en xeral e nesta sección en particular os orzamentos, e que son as que fundamentaron precisamente as nosas emendas parciais.

Se falamos de anomalías, nesta sección está de forma moi patente, a legalización da discrecionalidade no gasto, inxentes partidas que quedan a gusto do consumidor, neste caso quen vai se-lo consumidor é o goberno que vai consumi-los orzamentos en función de intereses, moitas veces clientelares ou electoralistas. Se un observa a Secretaría para a investigación e o desenvolvemento verá que hai carencia de imaxinación, carencia de liñas de gobernos e si enormes partidas legalizadas para uso discrecional.

Dentro desas anomalías está tamén, e nesta consellería aparece de forma nidia, o impulso, a drenaxe de recursos, os tentáculos do PP para controla-la sociedade civil. E reiteramos unha vez máis que nós non cuestionamos nin a creación de sociedades públicas, de organismos autónomos ou de entes de carácter administrativo dependentes do Goberno, o que cuestionamos é a utilización dese recurso como método para drenar recursos en facelos ademais que se careza do control deles e sobre todo para crear unha rede dentro da sociedade civil que impida un funcionamento normal, lóxico e democrático do poder.

Dentro desas anomalías están tamén as inxentes cantidades de recursos para propaganda que nesta sección catro é patente, unha secretaría dedicada exclusivamente ó control e intento de mediatización dos medios públicos convertendo o que debería de ser un trato institucional e publicitario da acción de goberno nun simple instrumento de propaganda. A Xunta de Galicia, xa o temos dito, se contamos a secretaría que dedica a este menester o persoal que ten e os recuros e se contamos o persoal que, en cada un dos organismos autónomos ou das consellerías, se dedican á función de propaganda sairían máis de 70 persoas, un auténtico exército que evidencia a propia carencia de credibilidade do goberno na súa acción de goberno. Ten que utilizar un auténtico exército para mediatizar e presentar publicamente de forma benévola esa acción de goberno na sociedade galega.

E por fin outra das anomalías pintorescas é a estructura orgánica do goberno que efectivamente se fai en función exclusivamente de intereses partidarios, non se responde a unha liña coherente, racional de acción política, de directrices na sociedade, non. A estructura orgánica mesmo que unhas teñan rangos de secretaría xeral e outras de dirección xeral, mesmo

que se cre dentro desta consellería un auténtico submarino que é outra consellería á que me refirirei despois, responde única e exclusivamente a necesidades partidarias, e despois falaremos do asunto.

E estas anomalías hai que poñerlle emendas como as que formula o Bloque Nacionalista Galego e ademais hai tamén carencias e zonas de sombra que traduce tamén esta sección catro dos orzamentos.

Esta sección catro na que está encardinada a acción exterior fóra do estado da Xunta de Galicia resulta que non merece esa liña política de actuación, nin unha soa liña na memoria dos orzamentos do noso país, todo se deriva a unha fundación e o proxecto exterior que teña que ver por exemplo cos nosos ciclos productivos, coa acción na Unión Europea non merece un tratamento dunha liña, efectivamente é unha carencia fundamental que nós intentamos corrixir coas nosas emendas.

A presencia institucional no Estado tampouco merece ningunha liña, non hai o intento de afortalar a nosa presencia, non esquezan señorías que Galiza é nacionalidade histórica, das tres que recoñece a Constitución e o presidente da Xunta é artífice de que ese rango político fora decaendo paulativamente durante a súa xestión. Nós propoñemos que se realce e que se recupere ese rango cunha acción institucional encardinada nun programa dentro do estado.

¡Como non! O trato ós emigrantes, darlle contido a unha Proposición non de lei aprobada neste Parlamento hai moitos anos, por unanimidade, que tendía a desenvolver proxectos que recuperaran ós emigrantes a nivel de acción empresarial ou proxectos autónomos e que non foron quen de poñer nin unha soa peseta nesa dirección e por suposto intentar mellora-las prestacións que se lle ofrecen.

Tamén vemos unha auténtica carencia de ideas e de imaxinación en vincular o que é a acción de investigación e desenvolvemento en relación coas necesidades que hoxe ten o noso país, con completa-los ciclos productivos, con vertebra-la nosa economía nas comarcas, con facer que os nosos recursos endóxenos non teñan que recorrer ós *inputs* que se fan fóra para completa-los ciclos productivos e aí dámoslles ideas nas investigacións e no desenvolvemento, póñanas en práctica simplemente o único que teñen que facer patente é acepta-las nosas ideas.

No terreo da comarcalización fuxir unha vez máis de instrumentalizar o que debería de ser unha vertebración da columna administrativa, da columna vertebral administrativa do noso país, as comarcas que acabaran dunha vez por todas con esa administración estrambótica que son as deputacións e vinculadas sobre todo a completar necesidades que hoxe teñen os nosos homes e mulleres, é dicir desenvolve-la comarcalización en función de xerar e completar novos recursos, de completar novas necesidades, de actuar sobre os sectores productivos básicos que existen en determinadas comarcas do noso país, esa é unha concesión que utiliza o territorio, a comarcalización como foco é dinámica de desenvolvemento e progreso.

Mención á parte merece a análise da consellería –insisto submarina dentro doutra consellería– a Consellería de Relacións Institucionais da que nós pedimo-la súa desaparición detraendo os recursos, e dillo unha forza política que anos anteriores estivo disposta a darlle un rango de secretaría xeral ó trato das relacións institucionais, e dillo unha forza política que estivo disposta, e está, nestas emendas, a realza-lo papel institucional do noso país, pero o que non está disposta é a que utilicen os recursos de tódolos galegos para revolver un problema de índole partidaria que se xera no Partido Popular.

Non hai nin unha soa liña na memoria dos orzamentos que nos diga o que fai o señor conselleiro de relacións institucionais, debe de estar, supoñemos que amnésico porque efectivamente non hai nin unha palabra na memoria, carecemos de memoria da Consellería de Relacións Institucionais, debe de estar na Xunta de mirón aínda que non de discóbolo, debe de ser efectivamente un observador privilexiado dos concellos da Xunta, un auténtico *paparazzi* autorizado, de luxo e con soldo oficial, señor Diz Guedes, porque nós non sabemos que outra cousa fai, nin o explicou o día que compareceu, nin o explica a memoria, nin o explica ninguén, resolveron vostedes efectivamente un problema, é un reflexo da concepción do poder que teñen vostedes.

Eu estou convencido de que a ningún dos deputados que están neste lado, ningún ten a máis mínima dúbida de por que vostede foi nomeado conselleiro,

efectivamente conselleiro do ramo, neste caso dito coa mellor propiedade porque vostede saíu da Delegación do Goberno e déronlle un ramo, un premio, Consellería de Relacións Institucionais porque é a única explicación que ten o asunto, e desde logo faise moi descaradamente. Non houbo unha explicación neste Parlamento dun cambio de Goberno, dunha creación dunha consellería, si se fai para explicar algunha vez algunha cousa pintoresca por parte do goberno pero iso non se explicou aquí por parte do presidente, e todos os que están aquí teñen claro que foi a necesidade de encaixar un puzzle do que vostede por razóns "xe" ou que se decidiron en Madrid saíu dun sitio e había que darlle unha colocación e ese problema desde logo evidencia que vostedes teñen unha concepción do poder absolutamente ó servicio do partido que está nel. Se fan isto con esta consellería e con total impunidade e sen darlle unha explicación a esta Cámara, ¿que non farán coa cantidade de recursos que permanecen en certa maneira en zonas de difícil control para este Parlamento? ¿Que non farán? É unha concepción do poder que carece de ética, de estética e de fondo de manexo dos recursos públicos, e isto é o que motiva as nosas emendas.

Reducimos os recursos practicamente xa se pode un dar conta da propaganda das relacións institucionais, dos gastos discrecionais, do protocolo etc., e destinámolos a darlle ideas, no I+D, no deporte, intentado dunha vez por todas achegar o deporte ós cidadáns, que os concellos cumpran un papel fundamental e non só serven as infraestructuras, señores do Partido Popular, se os concellos non teñen recursos para proporcionarlle ós cidadáns sen distinción de situacións xeográficas etc., capacidade para desenvolver unha actividade deportiva supervisada, e aí teñen ademais diñeiro e tamén as infraestructuras deportivas que fan falta e advertimos que nós detraemos os recursos de gastos discrecionais e que non teñen finalidade concreta, os que teñen unha finalidade concreta de actuación na realidade, a eses, non lles tocamos.

Facemos unha serie de emendas que tenden a articular un proxecto e un plano de Galiza cara ó exterior, tanto na Comunidade Europea como no propio estado, establecemos un conxunto de emendas que interpretan a comercialización como algo básico que está por mandato estatutario obrigado a face-lo goberno e que ademais ten que ter un vínculo coas necesidades materiais que teñen os nosos homes e mulleres e iso é posible facelo, dámoslles ideas para que o fagan desde logo impulsamos emendas que tendan a recuperar emigración baseándose en desenvolver proxectos e traballo no noso país e pretendemos a mellora das relacións do goberno co Parlamento.

Hoxe é evidente que moitas das preguntas –e remato señor presidente– que nós formulamos, moitas das iniciativas non son contestadas en tempo e forma por parte do executivo, melloremos ese traballo e indubidablemente estaremos respondendo a un criterio democrático de que o instrumento de control por excelencia do goberno que é o Parlamento teña ó seu dispor tódolos instrumentos básicos e a dotación necesaria, e, neste caso, o compromiso do executivo para poñelos en marcha.

En definitiva, señores e señoras do Partido Popular, son emendas que evidencian unha concesión distinta do exercicio do poder, algunha delas vinculadas á nosa realidade material, algunhas delas vinculadas á maior transparencia e sobre todo intentando que os recursos públicos se utilicen en función dunha dirección política en positivo para o noso país.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Suárez Canal.

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Nós imos votar favorablemente as emendas do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista.

Moitas gracias.

Logo hai unha rolda de réplica ¿non?

O señor PRESIDENTE: Si. Gracias, señor Guerreiro.

Ten a palabra o señor Veiga Pombo polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor VEIGA POMBO: Nós imos apoiar tódalas emendas do BNG.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Veiga.

¿Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego? Non se manifesta.

Ten a palabra o señor Ruíz Rivas polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor RUÍZ RIVAS: Señor presidente, señorías.

Comparezo para explica-la posición do noso grupo sobre cincuenta e tres emendas presentadas polos grupos da oposición na que eu diría que, practicamente, a súa totalidade coinciden coas do ano pasado, coas dos últimos anos, co cal sería unha razón máis para expresa-lo noso voto negativo por canto xa foi expresado o noso posicionamento no seu momento, conforme este tipo de emendas o que deterioran é unha acción do goberno perfectamente planificada.

En canto as emendas do Grupo Mixto van dirixidas en tres eidos: na infraestructura deportiva, no deporte base e as transferencias ó exterior. No primeiro dos casos, o que pretenden é distribuír e territorializalo capítulo VI da secretaría xeral en concreto en cinco obras, tres delas van para O Grove, entón evidentemente non sei a que plano de infraestructura ou a que finalidade van dirixidas, non, e máis cando vostede sabe que esta partida está suxeita ós convenios entre a Xunta, deputación e os concellos, en que cada un deles ten unha parte importantísima sobre todo os concellos coa aceptación desas obras e á parte vostedes comprometen créditos que van dirixidos a obras concretas. En canto ó deporte base a nós gustaríanos saber cal é o seu modelo por canto detrae os cartos das transferencias os que son os verdadeiros axentes deportivos, como son ós clubs e as federacións, e ademais que son as verdadeiras ONG dos deportes que o fan desinteresadamente, e, onde os cartos van ter unha mellor eficiencia para chegar a todo o mundo.

Á parte vostedes retiran 330 millóns a maiores que van dedicados ó fútbol base para dedicalos á transferencia ó exterior, polo tanto a súa pretendida axuda ó fútbol base máis ben é fundir o deporte base que está a traballar a Xunta de Galicia.

Hai un grupo de emendas, a sete e as seguintes que son unhas emendas de por si, a súa finalidade é loable, pero que por un lado detraen fondos do que é un desenvolvemento comarcal que van dirixidos, precisamente, ás comarcas menos desenvolvidas de Galicia, pero por outro lado fan relación a un incremento, onde a Xunta de Galicia vén facendo un esforzo importante nos últimos anos, en concreto hai unha emenda do Partido Popular que incrementa esta partida en 165 millóns de pesetas o que fai que o presuposto inicial da Xunta de Galicia, dos presupostos que presentou o Goberno, dobren en máis da cantidade inicial ó presupostado o ano pasado. En concreto o total de cartos dedicados nas diferentes políticas a transferencias ou axudas ó exterior vai a 812.875.000, e en concreto nesta consellería estamos a falar, no que se refire a transferencias, a máis de trescentos millóns. Eu teño tamén aquí un escrito da Coordinadora galega de ONG para o desenvolvemento onde felicitan a Xunta de Galicia, agradecen a súa boa acollida ás súas propostas e o excelente trato que reciben por parte das conselleríias, e teñen data de novembro deste mesmo ano.

En canto ás emendas que pretende introducir o Grupo Socialista, por un lado hai unhas emendas que tratan de arranxos no que son os centros galegos no exterior e por outra parte dar cumprimento a Lei de galeguidade. Pois ben, por un lado vostedes están detraendo cantidades que van dirixidas ós 22 programas asistenciais, sociais, culturais e formativos e que compoñen en moitos deles a finalidade precisamente desa Lei de galeguidade.

E en canto ás infraestructuras dicirlle que nos últimos anos xa se levan investidos preto de 3.000 millóns que no seu momento deron cobertura ás necesidades máis prioritarias e por outro lado considéranse que as cantidades, que están previstas nos orzamentos, son suficientes para atender as demandas que se van formular.

En canto ás emendas que van dirixidas ás instalacións deportivas aquí se dixo que non hai un debate a fondo do que é a política deportiva, eu diría que é responsabilidade sobre todo dos grupos que sentan a este lado da Cámara, posto que non houbo unha soa proposición súa, non houbo nin un só método de control nestes catro anos que merecera a atención das súas señorías. Neste Pleno non se trata nunca nada do eido deportivo que non sexan os seus presupostos, iso pois

dá o interese que vostedes teñen no eido deportivo, pero ben, detraen como no caso do Grupo Mixto da partida ou do concepto 6.621 onde aparecen referenciadas actuacións concretas, e outras obedecen a planos de financiamento incluídos dentro do que é a achega da secretaría, a SXPD, e polo tanto de detraelos non se poderían realizar as obras que están algunhas xa comezadas e outras previstas.

Hai outras que xa van dirixidas ó plano da acción comarcal para sufragar programas xeradores de emprego, que nós pensamos que é un canto á descoordinación o separalo das accións que leva a cabo a Xunta a través da Consellería de Familia e que eu quero recordar que, só consignado para o cumprimento do plano de crecemento emprego 1998-2001, hai 26.947 millóns que van por riba dos compromisos inicialmente adquiridos.

Hai outro grupo de emendas que se dirixen a comproba-lo funcionamento da administración, é dicir que o servicio que vostedes pretenden de que haxa reclamacións está suficientemente atendido polos servicios de atención e información ó cidadán. Tamén vostedes pretendían realizar unha serie de enquisas para medi-la eficacia dos servicios e nós pensamos que son inútiles tanto cuantitativa como cualitativamente. Cuantitativamente porque coa cantidade que vostedes pretenden non había ningunha enquisa que puidera servir e por outro lado porque eses mecanismos xa os ten abondo a administración para comprobar a súa eficiencia.

En canto ás emendas do Bloque Nacionalista Galego por un lado hai as cinco primeiras, que o que pretenden é establecer, a priori, un importe específico a diversas actuacións, todas elas incluídas dentro do plano galego de I+D o cal, a nós non nós parece que sexa axeitado sobre todo porque dito importe pode non responder á demanda real existente no sector. Hai outras emendas que tamén van ó eido deportivo –eu recórdolle a Lei de Deporte de Galicia– recórdolle as competencias que teñen os concellos, competencias propias no eido deportivo, evidentemente a Xunta de Galicia apoia moito ao deporte local a través sobre todo das subvencións ós seus clubs e a través da infraestructura e se o que estamos facendo desde aquí é darlle ós concellos os cartos, a infraestructura mais os cartos que eles deben dedicar ó deporte base, evidentemente pois, o que van facer é detraerse dos fondos propios de cada concello. Cada concello ten a súa propia responsabilidade que debe de exectuar nos seus presupostos. Ben, pero vostedes pretenden dedicar 1.180 millóns a instalacións que, eu léndoas, vostedes con iso pretenden realizar polideportivos en colexios, diversificar a actividade deportiva en parroquias, reformar e mellorar instalacións e á parte diso citan dez polideportivos en colexios, 25 instalacións deportivas sen determinar que tipo de instalacións, nove estadios municipais e catro piscinas, a verdade é que case é para darlles a vostedes e aprobarlles a emenda a ver como son capaces con 1.100 millóns poder facer unha programación tan ampla, non me digan que anualidades porque incluso non cumprirían nin a propia lei presupostaria.

En canto ó plano de acción exterior, dar a coñecela identidade nacional de Galicia, a min gustaríame saber cal é a identidade nacional, esa que só defenden vostedes e un pequeno grupo de cidadáns galegos, ou esa identidade nacional de Galicia integrada en España, integrada cun Estatuto, cunha Constitución e que moitos outros defendemos. Evidentemente terán tamén que aclarar cal é esa identidade que pretende. Ademais o fan con fondos dedicados precisamente á promoción exterior de Galicia ou a outros como é a promoción de valores de Galicia como son o 17 de maio ou o 25 de xullo.

En canto ás comarcas, evidentemente, a lei de administración non lle recoñece personalidade xurídica. Eu xa falei en moitas ocasións do grave erro que cometeron outras administracións como foi a catalana; e por último tamén falan do control parlamentario dicirlle que neste ano 2000 van tramitadas máis de 1.651 preguntas, 48 interpelacións e 45 pedimentos.

Eu por último deixei o tema da emigración onde vostedes dan un cambio totalmente radical do que foi o primeiro ano da lexislatura, o que supón o último ano de lexislatura, quizás querendo cambiar ante os nosos emigrantes o concepto que teñen do Bloque Nacionalista Galego e que creo que o teñen bastante merecido coas súas actuacións. E vou recordar algunhas, non, por unha parte cando durante outros anos o que pretendían era que a secretaría xeral tivera rango de dirección xeral, cando durante todos estes anos só alentaban do perigro das accións solitarias da Xunta

de Galicia levaba no exterior porque iso se traducía en votos para o PP, entón cuestionaban que iso fora por métodos loxicamente limpos.

As emendas que vostedes pretendían á Lei da administración local cando pretendían un padrón de residentes no estranxeiro onde excluía ós descendentes só os fillos, ou ben cando criticaban a Lei orgánica de réxime electoral cando había un cambio no que era o censo e que se facía de forma automática igualando ós galegos do exterior cos que están dentro ou ben cando vostedes cuestionaban o voto dos galegos. Eu como teño datos que todos estes son do que vostedes pretendían calar os galegos do exterior desde hai tempo pois desde o 25 de outubro do 1997 cando dicían "los nacionalistas tampoco entienden porque pueden ejercer su derecho los emigrantes en el extranjero, que en algunos casos llevan décadas sin regresar a su tierra –bendita desgracia– y sin embargo no se les permite hacer lo mismo a los gallegos residentes en otra zona de España". Ou cando un señor que vostede coñecerá que se chama Mario López Rico dicía que, lamentaba que "ciudadanos de Buenos Aires o Montevideo hayan privado a los coruñeses de contar con un representante más en el Parlamento gallego". É dicir que vostedes non lle recoñecen a eses galegos, ós seus descendentes o primeiro dereito que deben ter...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RUÍZ RIVAS: ...que é incidir nas institucións de Galicia, e agora pretenden o último ano de lexislatura cambia-la imaxe que teñen do Bloque Nacionalista Galego.

Eu digo que dentro de poucas datas van ver como efectivamente os emigrantes non mudan iso, senón que o que fan é seguir confiando en políticas serias, de moito máis alá que son as que levan facendo moitos anos o Grupo Popular e o Goberno da Xunta de Galicia.

Máis nada e moitas gracias señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Ruíz Rivas.

Réplica dos autores das emendas, ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Gracias señor presidente.

Señor Ruíz Rivas, ben, vostede coincidirá comigo máis alá do ardor xustificativo apriorístico da súa posición, porque o recoñeceu na Comisión que a acción, as transferencias correntes, a acción exterior son insuficientes, recoñeceuno, mesmo o PP formulou unha emenda nesa dirección insuficiente, polo tanto non diga que a nosa proposta é carente de sentido, porque vostedes mesmos melloraron escasisimamente a súa proposta inicial, recoñecendo que a acción solidaria é moi escasa, desgraciadamente, vostede seguro que tamén comparte iso.

Segundo, home señor Ruíz Rivas, pódese dicir calquera cousa pero que as sociedades anónimas deportivas son ONG non, os clubs que son sociedades anónimas deportivas, son sociedades anónimas deportivas, lexítimas, pero non son ONG.

Terceiro, señor Ruíz Rivas e señor Diz Guedes, cando vostede dixo finalmente crin que se ía referir e a xustificar a existencia que eu lle pido que faga na rolda de réplica da consellería sen carteira do señor Diz Guedes. É unha cousa escandalosa que cando se crea a consellería non se explique que no trámite orzamentario, nin por parte do conselleiro cando comparece, nin por parte do portavoz parlamentario do PP en Comisión e en Pleno xustifique esa existencia. Pero ¿que pasa señor Ruíz Rivas? Eu síntoo por vostedes pero lles dá vergonza defende-la súa consellería, este é un feito obxectivo, non, non, dálles vergonza, nin o señor Pita é capaz de defendelo, mire que o señor Pita defende o que faga falta aquí ¡eh! o que faga falta, as cousas máis disparatadas e insólitas, pero vostede non foi capaz de defende-la súa existencia, a súa existencia política como membro do Goberno.

Eu pido ó señor Ruíz Rivas que nos explique por que se mantén iso, porque di: "Son as mesmas emendas que as do ano pasado". Non, señor Ruíz Rivas, esas tres últimas son menos, non podían ser porque non existía a Consellería de Relacións Institucionais, perdón, existía a Dirección Xeral de Relacións Institucionais que tiña un presuposto determinado e

que agora se chama Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias e que mantén a mesma estructura e o mesmo presuposto que tiña a antiga Dirección Xeral de Relacións Institucionais, e non me dá cal vén o señor Baquero á Xunta de Portavoces, esa mantense intacta, cambiouse o nome pero mantense todo o organigrama e todo o orzamento.

Recoñezan vostedes que é insólito que despois de tres ou catro comparecencias onde hai emendas precisas, demandas de explicacións e emendas concretas ós orzamentos ningún membro do goberno, nin membro e portavoz do Partido Popular sexa capaz de xustifica-la existencia política do señor Diz Guedes, e comprendo que o señor Ruíz Rivas non queira *tragar ese marrón*, e diga que o xustifique quen queira e o señor Pita –insisto que xustifica o inxustificable– tampouco quixo xustificar isto, eu nesas condicións, señor Diz Guedes, que o seu goberno e o seu partido sexan incapaces de xustifica-la súa existencia nin de defende-la súa existencia política –que non, explicouno vostede– pero nin o Goberno nin o Portavoz do Partido Popular o denfende, claro que vostede o explicou, ben, explicou que estaba aí, nada máis, pero o seu goberno e o seu partido non o defenden, e nesas condicións comprendan que a razón que se lle dá implicitamente á oposición é total.

Eu dígollo tamén persoalmente –porque eu nos terreos persoais son solidario coa xente–, vostede ten que esixir que se lle xustifique e senón ten que marchar de aquí, porque o seu partido non só non o xustifica é que dá por bos os ataques da oposición neste caso, porque son plenamente xustificadas. Polo tanto dígollo con toda sinceridade, persoalmente eu non estaría sentado neste momento, collería levantaríame e marcharía. Desde logo o Partido Popular comprenderán tamén, polo visto que tal e como están as cousas que lles dá vergonza defender algo que é indefendible, máis vale converter politicamente ó señor Diz Guedes en solidariedade internacional.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Ten a palabra o señor Veiga Pombo polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor VEIGA POMBO: A intervención do voceiro do Partido Popular como vén sendo habitual consiste en disparar contra todo o que se move con rapidez inusitada e non lle vale absolutamente nada do que fagan os demais grupos da oposición. É dicir, eu penso que non se pode afrontar unha defensa dunha posición baseándose nunha serie de argumentos estereotipados como os que vén utilizar el aquí, porque eses mesmos argumentos que el utiliza para rexeitar en moitos casos a posibilidade de facer unha emenda servirían para descualificar a propia emenda do Grupo Popular por exemplo, a emenda do Grupo Popular.

En anos anteriores temos feito emendas que afectan a unha partida de presidencia que se chama reforma administrativa, que é a *partida estrella* desta consellería, onde se xustifica practicamente o *grueso* da política de reforma, na eficacia da administración, por parte desta consellería e sempre se contestou dicindo, como imos tocar esa partida, imposible, vostedes sacan de aquí para meter alí, non pode ser, pois resulta que este ano sacan eles 135 millóns de pesetas e non hai ningún problema, é dicir, son argumentos claramente falaces porque miren, cando se vai a un trámite de emendas parciais necesariamente hai que sacar dun lado para meter noutro senón sobra este trámite parlamentario, sen embargo este trámite parlamentario amósase sumamente útil alá onde o Partido Popular non teña maioría absoluta, que tragaba en cantidade, cóntenllo ó señor Pujol, cóntenllo ós señores de Partido Nacionalista Vasco e Coalición Canaria, en onde estiveron metendo goles ó conxunto dos españoles, conxunto dos cidadáns do Estado con emendas parciais que sacaban financiamentos. Como por exemplo aquela dunha autovía en Granollers e cousas deste tipo, si, autoestrada despois financiada por cartos do Estado, unha emenda neste trámite precisamente onde todo é intocable e non se pode variar nada porque o proxecto fundamentalista do goberno non pode aceptar nin unha soa modificación.

Mire, vostede contéstanos concretamente en materias como a do deporte, vostede non contesta que hai miles de peticións insatisfeitas neste momento, e que non existe un plano que vaia máis alá do que é a vontade dos presidentes da Deputación e da Xunta de Galicia para facer escoller os concellos que poden ou non poden entrar nese plano. Nós propoñemos un pla-

no obxectivo onde haxa unhas cantidades predestinadas, non para uns determinados representantes de concellos senón para cidadáns, para cidadáns de Vigo, de Pontevedra, da Coruña, de Santiago, para eses cidadáns, goberne o Partido Popular ou goberne outro grupo, e vostedes non, vostedes queren discriminar, vostedes queren ter discrecionalidade para dicir agora que gobernan os nosos, porque se usou a terminoloxía, aquí hai fondos e agora que gobernan os outros, para eses non hai fondos. E é o que nós queremos poñer de manifesto aquí, por iso non fixemos unhas emendas puntuais dicíndolle tantos millóns para aquí e tantos para alí porque as necesidades sobrepasan e moito o que incluso é a nosa partida, senón para que haxa uns criterios obxectivos que vostedes se negan a aceptar neste campo e en todos. Vostedes foxen como do demo da obxectividade no gasto, vostedes perseguen a discrecionalidade ou máis incluso a arbitrariedade no gasto.

Na acción comarcal, vostede non explicou aquí unha cuestión elemental. A acción comarcal vénse dicindo que ata agora era a secretaría encargada de promove-lo desenvolvemento con iniciatrivas para a creación de empresas, de microempresas, para face-lo planeamento, etc., etc., pois agora resulta que iso vaino facer unha Axencia de Desenvolvemento Rural que acaba de sacar aquí que vai operar sobre o mesmo territorio e que segue mantendo o mesmo orzamento que tiña, e desde logo o que non fan nunca é un inventario de éxitos, como fixo o señor Barreiro na anterior intervención porque non o poden facer da acción desta Secretaría, porque esta Secretaría o único que se dedica é a montar eses *chiringuitos,* a facer esa estructura, a seguir facendo máis e a facer planos que lle encargan as diversas consellerías; e esa é a acción de desenvolvemento comarcal e que hai que dicir que fai. Polo tanto eses fondos que se gastan gran parte en infraestructura e en mantemento do propio aparello, nós propoñemos que se dediquen todos eles a cuestións productivas igual que os fondos que sacamos por exemplo de relacións cos medios informativos, catrocentos e pico millóns de pesetas que se gastan vostedes niso, e despois din que non hai cartos para outras cousas, cando esa é unha cousa que acaban de crear aínda hai pouco e que é un gasto escandaloso en publicidade e propaganda.

Logo por último vostede pasa por enriba do tema administrativo que queremos facer unhas enquisas e demais e xa hai medios abondo por parte da administración. A Administración non se pode avaliar así mesma porque o que vén aquí dar explicacións é parte desa avaliación. Nós o que pedimos é que se afortalen os cidadáns na súa defensa da Administración e que se escoite a súa opinión que non nós veñan aquí con máis *rollos* como o señor Pita que nos vén aquí contar o ben que funciona isto e que se neguen a facer unha enquisa, que se son poucos cartos, métanos vostedes nos orzamentos xa de entrada, metan máis e non temos necesidade aquí a emendar, pero iso é o que vostedes non queren que se avalíen os destinatarios a súa acción de goberno, queren poñerse as notas vostedes mesmos e por suposto póñense sempre medallas inmerecidas.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Veiga.

Ten a palabra o señor Suárez Canal polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Si, señor presidente.

Realmente cando un representante do Partido Popular sobe a esta tribuna, un ten que esperar xa que vai ver a escenificación dunha peza do teatro do absurdo, empeza dicindo que as emendas son as mesmas que as do ano pasado e acaba dicindo que cambiamos as emendas respecto de toda a lexislatura anterior ¿como se come iso, señor Ruíz Rivas? Todo vale, para dicir que non, todo vale, non se segrega algunha para analiza-la súa virtualidade, todo serve.

I+D, vaiamos por partes, I+D. O Goberno da Xunta de Galicia negándose a aprobar tódalas emendas que presenta o Bloque Nacionalista Galego no terreo de I+D certifica que non ten nin ideas nin proxectos para desenvolve-la investigación e o desenvolvemento relacionados coa nosa realidade material, con fornecer de impulso o noso país, con contemplar ciclos productivos e leva doce anos gobernando, e a día de hoxe, doce anos despois é incapaz de darlle concreción a esa enorme partida de gasto de I+D, efectivamente descubriu o señor Rivas por que, porque están a expensas de cal é a demanda real que o

Partido Popular vai ter no próximo ano, e entón efectivamente en función desa demanda real darase contido, é dicir, absolutamente carentes dunha acción de goberno, en función de criterios electoralistas, supoño que algunha se podería anticipar, nin iso.

Necesidade dun proxecto exterior e cal. Fíxense vostedes, todos temos claro que no Estado español e en Europa xóganse hoxe decisións políticas que nos afectan de forma importante, verdade, tanto é así que hai incluso direccións xerais ou secretarías xerais dedicadas a iso, incluso unha consellería, pero na memoria non hai ningunha liña concreta de acción de goberno, para o exterior nin unha liña, para as relacións institucionais nin unha liña e nós dicímoslle, simplemente déanlle contido no plano do Estado á Constitución, nacionalidade histórica, traballemos nesa dirección e dámoslle ideas nas emendas de cara ó exterior, señor Ruíz Rivas, ¿que está pasando coa pesca de Marrocos? ¿que está pasando co problema da agricultura? ¿que está pasando coas nosas competencias exclusivas? ¿non é necesario un proxecto exterior que camiñe nesa dirección? Aí teñen emendas.

Grave erro no tema da comarcalización, será do Estatuto que é o que recolle que pode desenvolverse por lei, polo tanto está no Estatuto, ¿verdade?, será o grave erro, pero para vostedes a comarcalización é outra cousa, non é intentar aproveitar os resortes que nos proporcionou o Estatuto para intentar dinamizalos recursos endóxenos, vertebrar territorialmente o país, fixar poboación nas comarcas, aproveita-los recursos que hai na base material, non; a comarcalización hai que utilizala para crear unha rede clientelar, unha rede de *chiringuitos*, unha administración paralela e sumerxida non para insuflar osíxeno ós valores que hai na nosa base material e poñelos na superficie, para iso non.

Emigrantes, señor Ruíz Rivas, as nosas emendas son practicamente literais do ano anterior, do ano anterior, si, si, ¿que pedimos nós nós emigrantes? Que se lle dea contido a unha Proposición non de lei que se aprobou neste Parlamento hai moitos anos e as reiteramos tódolos anos, desenvolver proxectos que incentiven a recuperación de emigrantes baseándose en que teñan fixado aquí un traballo digno ou un proxecto empresarial. Intenta-lo control sobre o censo e sobre os procesos electorais. Vostedes ós emigrantes téñenos concebidos como carne de canón, non queren que voten democraticamente, ese é o seu problema, señor Ruíz Rivas, ou ¿non recordámo-la foto do señor Fraga chamando a votar ó Partido Popular? ou ¿non recordamos o que acaba de pasar recentemente instrumentalizando recursos públicos nun acto descarado de propaganda electoral? Vostedes o que non queren é dedicar recursos a que os emigrantes saiban que este país é plural, que vostedes teñen a maioría, pero que hai outras opcións, e vostedes utilizan os recursos públicos para que só os coñezan a vostedes, ese é o problema e aí nós imos seguir insistindo desde sempre, coas mesmas emendas de control, de recuperación dos emigrantes, e ¿como non?, intentar efectivamente que volvan.

E fala vostede da estructura orgánica, nós non repetimos as emendas, estamos en total desacordo como estructuran vostedes organicamente esta consellería ata que metan unha consellería submarino dentro de outra para resolver necesidades partidarias. Un auténtico atentado contra a ética do exercicio do poder que por necesidades partidarias e de colocación do antiguo delegado do goberno, métenos unha consellería e tamén estamos en contra do rango que lle dan vostedes a determinadas direccións e secretarías xerais e os fixemos patentes outros anos, como nos dixeron que non pois este ano imos ó plano do concreto, pero seguimos pensando que a instrumentalización que fai o Partido Popular do poder e o señor Fraga na estructuración orgánica e funcional desta consellería responde a unha perversa concepción do poder, e iso seguirémolo criticando señor Ruíz Rivas.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Suárez Canal.

Procedemos a vota-las emendas dos distintos grupos comezando polas emendas correspondentes ó Grupo Parlamentario Mixto, señor Veiga ¿quere pedir algunha segregación?

O señor VEIGA POMBO: Non, simplemente señorías que na rolda que consumín para fixa-la posición sobre as emendas dos outros grupos referinme ás do BNG e esquecéuseme dicir que imos apoiar as do Grupo Mixto, e quero que así conste.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Procedemos entón á votación das emendas do Grupo Parlamentario Mixto que son da 1 á 12.

¿Señor Suárez Canal?

O señor SUÁREZ CANAL: Imos empezar polo Grupo Mixto ¿verdade? Solicitamos a votación en dous bloques, da 1 á 7 por un lado e de 8 á 12 por outro.

O señor PRESIDENTE: ¿Algunha outra solicitude?

¿Acéptase polo grupo?

Procedemos a vota-las emendas do Grupo Parlamentario Mixto da 1 á 7 ambas inclusive.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 36; abstencións, 15.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Mixto da 8 á 12 ambas inclusive.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 35.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Pasamos agora a vota-las emendas correspondentes ó Grupo Parlamentario dos Socialistas que son da 1 á 11.

¿Señor Suárez Canal?

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, votariamos por separado a emenda número 4.

O señor PRESIDENTE: Se non hai ningunha outra solicitude procederemos a vota-las emendas correspondentes ó Grupo Parlamentario Socialista da 1 á 11 ambas inclusives, agás a 4.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Votamos agora a emenda número 4.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 36; abstencións, 16.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a emenda.

O señor PRESIDENTE: Señor Veiga, o seu voto favorable ¿non? ¿O señor Rego? Voto favorable, facer constar eses dous votos que saíron errados.

Procedemos a vota-las emendas que foron propostas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que son da 1 á 30 ambas inclusive.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 36 .

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Votadas tódalas emendas procede votar agora o orzamento da sección 04.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 25 .

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado polo tanto o orzamento da sección 04 que é a Consellería da Presidencia e Administración Pública.

O señor PRESIDENTE: ¿Señor Suárez Canal?

O señor SUÁREZ CANAL: Quería señor presidente medio minuto para explica-lo noso sentido do voto.

O señor PRESIDENTE: Explique desde aí entón.

O señor SUÁREZ CANAL: Si, simplemente dicir que a nosa abstención é motivada por onde detraen os recursos as emendas e en ningún caso coa súa finalidade que poderiamos compartir. Non consumimos esta vez, no seu momento, porque non queremos que o Partido Popular utilice a nosa argumentación posto que nós estariamos dispostos a transaccionar esas emendas buscando a mesma finalidade pero detraendo recursos doutras partes.

Os recursos nas emendas que nós cuestionamos, en moitos casos, teñen unha finalidade de realizacións concretas, fundamentalmente no terreo deportivo e que nunha parte pequena teñen un destino discrecional pero que noutra parte teñen xa unha finalidade concreta que o detraelos de aí, efectivamente se poría en cuestión e por iso coincidindo coa finalidade é polo que motivámo-la nosa abstención nalgunhas das emendas dos outros grupos.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Suárez Canal.

SECCIÓN 05 (CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA).

O señor PRESIDENTE: Para a defensa das emendas do Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Villarino Santiago.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Moitas gracias, señor presidente.

Ben, o Grupo Socialista presenta unha soa emenda á Consellería de Economía e Facenda. Presentamos unha soa porque pretendemos, en primeiro lugar unha consellería que ten recursos limitados pero que en todo caso o que si queremos é poñer de manifesto... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor as tertulias fóra do local. Siga, siga...

A señora VILLARINO SANTIAGO: –gracias– ...un ano máis a importancia que para nós ten o financiamento das corporacións locais, este ano ademais é dobremente importante resaltalo porque o Goberno do Partido Popular, tal vez porque é final de lexislatura e quere ir á campaña electoral con algún panfleto de publicidade cun certo soporte. Este ano, como dicía, o Grupo Popular estivo negociando ata última hora coa Fegamp –señor presidente, quero moito ó señor Casares pero está gritando tanto, perdón, síntoo moito pero é que me distrae, sabe que o quero ¿non?– *(Risos.)*.

O que dicía é que este ano ademais o Grupo Popular por ser ano preelectoral, presupostos, orzamentos preelectorais estivo ata última hora negociando, intentando negociar coa Fegamp o que é o mesmo, intentando impoñerlle á Fegamp un acordo sobre o Fondo de Cooperación Local, pero ¿cal é a historia? A historia é que nós vimos reclamando a necesidade de que entre nesta Cámara a Lei de facendas locais –debe de ser tan importante o que estou dicindo que agora si hai varios conselleiros a vez a falar sen parar, pero vou seguir, non me vou trabucar desta volta– quero dicir que nós vimos reclamando porque ademais era un compromiso do goberno, por certo, outro compromiso incumprido porque se vai remata-la lexislatura e desde logo o señor Orza non vai dar conta do recado, non vai traer aquí o Proxecto de lei de facendas locais, pero é máis era un compromiso feito nesta Cámara polo propio voceiro do Grupo Popular, o que é certo é que rematamos esta lexislatura sen Lei de fancedas locais, por certo tamén sen regulamento.

Entón nós podemos poñer aí o acento, entón queremos que quede claro que para nós as corporacións locais son unha parte da Administración do Estado é unha administración maior de idade, é unha administración que ademais é a que presta, por proximidade, o maior número de problemas que teñen os cidadáns, é a primeira administración á que acoden os cidadáns, pero realmente ó final deste ano xa empezamos a entender, eu agora si que xa entendín cal era a idea de Administración única do señor Fraga Iribarne, a idea da Administración única do Partido Popular porque todos estaban de acordo e aplaudiron a idea do señor Fraga era a Administración do Estado, porque a finais de ano, desde ano 2000 non só o Goberno popular de

Galicia, o Goberno do PP non só remata o ano e a lexislatura sen solventar ou polo menos traer a esta Cámara a Lei de facendas locais, ordenar cal vai se-la participación dos concellos de Galicia nos recursos autonómicos e non seguir con ese espectáculo lamentable de alcaldes nos corredores ós que de feito non se lles recoñece a lexitimidade democrática que teñen, pois insisto, non só non traen aquí a Lei de facendas locais senón que o Partido Popular a nivel de Estado acaba de sacar da manga a Lei xeral de estabilidade presupostaria.

Unha Lei xeral de establidade presupostaria, que por certo nega a soberanía das comunidades autónomas e das corporacións locais. Para o Partido Popular pasamos do déficit cero á estabilidade, iso si non falaremos de carburantes, non falaremos de paro, non falaremos de converxencia real con Europa, non falaremos de I+D, ¿para que imos falar de todo iso, se o importante é esa cousa máxica e marabillosa do déficit cero e da estabilidade presupostaria? Pois nese documento, que anda por aí rondando, por certo que xa foi ó Consello de Política Fiscal e Financeira, queda claro cal é a teoría das administracións do Partido Popular, administración única é administración do Estado e de aí para abaixo todos soldados. Dígoo porque ademais paga a pena dicilo nunha tribuna como esta dun Parlamento autonómico porque aínda non escoitei desde logo a ningún responsable do goberno autonómico falando desta lei ou dicindo como se vai resolver en Galicia, facer compatible esa lei de estabilidade presupostaria coa cantidade de recursos comprometidos e de déficit encuberto que ten esta comunidade autónoma.

É dicir, veremos no futuro os equilibrios que haberá que facer en Galicia se esa lei se aproba pola mesma razón que dicía aquel ministro que se ía aprobar o plano hidrolóxico que non me atrevo a repetir. Se se aproba esa lei pola mesma razón ou polas dúas razóns aquelas, verdade, pois en Galicia imos telo moi complicado, pero por dúas razóns, primeiro porque a situación presupostaria non é boa e segundo porque Galicia é un país aínda cheo de déficits. Por todo isto nós queriamos, insisto, un ano máis deixar claro que as corporacións locais son administración de primeira orde e de primeira categoría que comparten a soberanía popular co resto das administracións, non teñen nin menos nin máis. Compártena porque son institucións democráticas igual que o resto das institucións do Estado e que neste ano ademais dáse a circunstancia, como dicía antes, de que o Partido Popular pretende –e pretendía porque non o conqueriu– facerse unha foto de consenso coa Fegamp que era imposible de facer.

En todo caso presentan, na lei de acompañamento, unha emenda que é dicir onde poñía cinco mil e pico millóns, agora imos dicir que ese cinco mil e pico de millóns é unha porcentaxe dos recursos propios. Estamos a falar exactamente do mesmo e xa veremos o que pasa nese tema, porque nós si que propoñemos xa postos un fondo adicional que fora do 5% dos recursos propios da Comunidade Autónoma.

Por todo iso –señor presidente e vou rematando– nós cremos que o fondo de cooperación local, o actual, e na medida insisto en que non se abordou nesta lexislatura e non se abordou por parte do goberno e do grupo parlamentario, non se abordou a participación das corporacións locais nos recursos da Comunidade Autónoma, como legalmente está establecido, nós cremos que non se pode soster que o Fondo de cooperación local que os recursos para os concellos diminúa cada ano. Estámonos movendo nunha cantidade cada ano igual, imos dicir que este ano igual que ó ano anterior, cando de feito os recursos que se destinan vía transferencias, é dicir, a través dos diferentes conselleiros logo do pedimento humilde dos alcaldes, sen embargo, eses recursos non diminúen. Iso significa que non se lle dan máis cartos ós concellos como xa dixen noutra intervención para que o señor Pérez Varela vaia de alcalde facendo cultura, non se lle dan máis cartos ós concellos para que a señora Besteiro vaia tamén de alcaldesa facendo convenios cos concellos e así sucesivamente todo o Goberno.

Nós esperamos que neste trámite recapaciten, que pensen que as corporacións locais e mesmo os seus alcaldes porque maioritariamente son seus do Partido Popular xa teñen claro que vostedes non queren darlle recursos ás corporacións locais, sobre todo recursos non finalistas nin sequera dos outros, e espero en todo caso que vostedes recapaciten e que poidan votar a favor esta emenda que presenta o Grupo Socialista.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señora Villarino.

Para a defensa das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Vega Buxán.

O señor VEGA BUXÁN: Señor presidente, señoras e señores deputados.

Estamos a falar dunha Consellería de Economía e Facenda que presenta unha situación singular nos exercicios orzamentarios que levamos discutindo nesta Cámara, diría eu, que practicamente nos últimos dez, doce anos.

A singularidade da Consellería de Economía non deriva dos mesmos factores que antes o meu compañeiro Alfredo Suárez Canal enumeraba respecto da Consellería da Presidencia, aínda que algo ten en común con ela nun certo sentido e é que esta consellería agocha no seu interior, a través de distintos mecanismos administrativos, unha chea de instancias, organismos ou entes que constitúen o principal brazo interventor da Xunta de Galicia, diría eu, na vida económica do noso país onde por certo aproveito para dicir que a Xunta de Galiza intervén, aproveito para lembrar unha vez máis que esa polémica que ás veces escoitamos formulada en termos simplistas ou reduccionistas do tipo de intervención si, intervención non na economía, velaí a cuestión, pois non, a cuestión non está aí porque todo Goberno intervén, e este goberno tamén, na economía. O problema sempre está no modelo, no xeito de intervención, na lóxica que preside esa intervención, aí está o problema, aí reside a diferencia no noso caso substancial na acción do goberno, pero non está en que vostedes non interveñan na economía, iso non o cren nin vostedes cando algunha vez o din, xa non o din moito pero é que nin vostedes mesmos cren esas afirmacións.

Ocorre que a Consellería de Economía como digo ten unha grande importancia, desde ese punto de vista, e sen embargo o seu tratamento a efectos do debate orzamentario presenta un déficit que eu considero relevante ¿en que sentido? En que normalmente a Consellería de Economía no debate que temos nesta Cámara a partir do 20 de outubro, aparece subsumida no conxunto do debate orzamentario. Contribúe a esa circunstancia o feito de que o señor Orza, neste caso o titular da Consellería de Economía, aproveita a súa comparecencia nesta Cámara, máis para falar do conxunto da acción orzamentaria, que está efectivamente inspirada desde a Consellería de Economía pero que conta, por así dicilo, coa aprobación de todo o executivo no seu conxunto, aproveita, digo, para facer unha valoración global que para entrar polo miúdo nas actuacións da Consellería de Economía. Por iso resulta habitual non coñecer na primeira comparecencia que fai o señor Orza na Comisión terceira, non coñecer digo polo miúdo demoradamente cal é o balance de organismos tan importantes como Igape que practicamente manexan sobre 10.000 millóns de pesetas ademais de posuír capacidade de actuación avalando a determinadas empresas, nin tampouco podemos coñecer polo miúdo actuacións das sociedades de capital-risco ou dos fondos de capital-risco ou mesmo dunha entidade como o Inesga, non podemos valoralo adecuadamente, xa digo, porque todo fica incluído nun gran apartado que afecta a todo o conxunto das consellerías ou das accións de gasto.

Isto presenta sen dúbida un certo problema á hora de falar da Consellería de Economía e mesmo á hora de propoñer as emendas.

Se ademais engadimos que na Consellería de Economía están localizadas cuestións como, as relativas á xestión do patrimonio que ten a Xunta de Galicia e singularmente a construcción de novos elementos que conformen ese patrimonio da Xunta e tamén están localizadas ou situadas na Xunta de Galicia actuacións no eido da administración local, nada menos que a través do fondo de coperación local ata agora coa revisións ou modificacións parciais que se introducen non aquí, senón na lei de acompañamento no Proxecto de lei de acompañamento pero que comezarán a funcionar a partir do exercicio que vén, todo iso xa configura unha consellería de gran importancia na actuación da Xunta pero insuficientemente tratada, pormenorizada á hora de analizala, debatela, confronta-las opinións deste Parlamento.

Eu lamento ter que dicir, e xa non é a primeira vez que o fago, que despois de tantos anos non existe por parte da Xunta de Galiza un balance traído a esta Cámara sobre a actuación do Igape, non existe, só trouxeron aspectos parciais da actuación do Igape con motivo, ademais deixando á parte as compare-

cencias solicitadas pola oposición, pero de *motu propio* só trouxeron aspectos relacionados co Igape con motivo da transformación de Sodiga en sociedade de capital-risco e da creación de dous fondos de capital-risco, só nese momento puidemos facer un balance e unha discusión, vinculada a ese balance, parcial deses importantes instrumentos na acción do goberno. Pero nada máis, non hai unha vocación ou pretensión por parte do Goberno de facer algo que polo demais resulta evidentemente necesario, porque de vez en cando ademais o Igape aparece nas treboadas diversas que suceden este país e non me refiro os aspectos meteorolóxicos, pois o Igape aparece avalando empresas do señor Ramilo, e claro logo o señor Ramilo en fin ten un comportamento, ten unha vida moi movida, un tanto accidentada e poden pensar algúns e non malientencionados que sería bo momento para que o propio Igape dixera algo respecto dos avais concedidos ás empresas do señor Ramilo, as empresas. E fin, o Igape tamén toma certas decisións, respecto dalgunhas empresas e non doutras, todo iso debería de ser analizado aquí con máis calma e desde logo nun contexto ou ben orzamentario ou ben doutro tipo.

Tendo presente esas limitacións de partida, nós presentamos catro emendas que pretenden propor outras tantas posíbeis accións para que o Goberno se ten a ben escoller algunha, non necesariamente as catro, claro, pero algunha, non necesariamente na mesma intensidade, por suposto, pero algunha –matizo as miñas palabras para que logo non sexan mal interpretadas como sucedeu antes– con motivo do debate do articulado.

Nesas emendas queremos en dous casos propoñer obxectivos que o Goberno non contempla como é a promoción, a creación dun consorcio de comercialización de productos galegos nun caso e noutro, a promoción con recursos de planos de utilización dos bens do Ministerio de Defensa desafectados, cedidos ou ás veces vendidos a institucións vinculadas á Comunidade Autónoma, poden ser institucións locais.

Xa digo dúas actuacións importantes, no primeiro caso, xa o teño repetido noutros anos, non farían falta moitos argumentos para ilustra-la pertinencia ou a importancia da creación de consorcios de comercialización; porque os problemas que ten o tecido autonómico galego coa producción ou na producción a determinados sectores e que obedecen en moitos casos a decisións basicamente políticas e noutros casos ás dinámicas económicas derivadas do peso relativo maior de certos grupos empresariais no mercado europeo basicamente, que é o mercado, imos dicilo así, o máis natural ou máis próximo co que comercian distintos grupos empresariais galegos, pois ben, sexa por un motivo ou por outro hai un estrangulamento bastante máis habitual do desexábel no sector productivo que se multiplica cun efecto multiplicador, neste caso certamente moi negativo se nón hai canles de comercialización, se nón hai instrumentos que favorezan esa comercialización que ás veces non nos poden pór en práctica por si mesmos os grupos empesariais debido a cativa dimensión ou tamén, eu podo aceptalo, a unha trabucada visión dalgúns dos responsables de certas empresas do noso país, tamén se pode admitir que sexa unha visión *curtopracista* e mediatista, pouco adecuada digamos ó mundo económico no que nos movemos. E é aí neses ocos que deixa a iniciativa privada, que non atende ben, onde podía xustamente aparecer a administración pública, neste caso a galega favorecendo, inducindo, digamos presionando positivamente para que eses grupos empresariais tomaran determinadas decisións e foran acompañados nesas decisións pola Administración Pública galega. Nós ofrecémoslle esas posibilidades pero hai outras nas que nós estamos abertos a consideralas, evidentemente.

En fin, os dos bens do Ministerio de Defensa parece obvio, trátase de que sexa posíbel esa utilización social dos bens que hipoteticamente ou que eventualmente sexan cedidos para que non caia iso nas espaldas, nas facendas locais que bastante mal están como para sufrir enriba o compromiso ou o reto de financiar ese tipo de actuacións.

En fin, hai dúas emendas máis que pretenden reforzar actuacións que xa se contemplan por parte da Consellería de Economía pero que nós quixeramos ver máis intensamente asumidas. Por unha parte está o tema do Fondo de coperación local que xa foi aludido aquí na intervención anterior que será aludido de novo no debate do Proxecto de lei chamado de acompañamento e que nós temos reiterado moitas veces nesta tribuna. Nós estamos a favor de que existan máis recursos para os concellos galegos e ademais

que se faga para que eles poidan utilizalos con carácter incondicional, queremos que se substitúa a práctica perversamente instalada hoxe en día na Administración galega, consistente en acudir como se fora unha procesión laica ás distintas consellerías buscando o peso perdido pero non os que están demasiado delgados ou delgadas, senón precisamente buscando os cartos que non chegan por mecanismos obxetivables establecidos de común acordo coas administracións locais.

Vostedes que eran conscientes dese problema porque os seus alcaldes tamén o eran, e xunto cos restantes alcaldes tiñan presionado o seu xeito establecendo un acordo unánime na Fegamp nestes anos, vostedes foron apagar ese lume que estaba xurdindo e chegaron a un acordo, que nós non compartimos, que provocou lamentablemente a excisión a eses efectos, non a excisión organizativa pero si rachou o consenso anteriormente existente na Fegamp, un acordo que supón unha reconversión parcial do Fondo de cooperación local pero cunha dotación de recursos que nós cremos que é claramente insuficiente.

A nosa emenda está feita obviamente antes de que se coñecera o desenlace desas negociacións, non debe de ser valorada, por tanto, en función da cantidade que se propón, digo isto para que non se argumente aquí que o que vai subir eventualmente para o 2001 é maior do que aquí se contempla porque esa sería unha argumentación digamos para usar e tirar, é dicir, deliberadamente manipuladora a eses efectos porque desde logo nós, xa teremos ocasión de dicilo, parécenos espúreo, claramente espúreo o procedemento de chegar a un acordo cunha parte da Fegamp e traelo aquí pola vía das emendas á lei de acompañamento.

Ese é un procedemento tan extraordinario, tan atípico que como condición necesaria, digo, tal vez non suficiente pero desde logo como condición necesaria, requiriría que ese acordo fora subscrito unanimemente pola Fegamp porque entón suporiamos que tódolos grupos que estamos nesta Cámara asumiriamos o contido dese pacto, e, por dicilo así asumiriamos tamén o carácter atípico do procedemento utilizado a través dunha emenda que introduce o grupo maioritario desta Cámara e que non dá pé a que outros grupos poidan presentar alternativas diferentes.

Ben, por tanto queremos que haxa máis diñeiro para o fondo de cooperación local e tamén nos gustaría que ese diñeiro, eses recursos foran distribuídos efectivamente con criterios discutidos na Fegamp coa Consellería de Economía pero tamén neste Parlamento cousa que vostedes rexeitaron no trámite anterior ó debate do articulado.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Vega.

Rolda de posicionamento, ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Nós imos votar favorablemente as emendas dos outros dous grupos, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Posicionamento do Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra a señora Villarino Santiago.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Señor presidente, nós pediriamos que se votase sepradamente das emendas do BNG a 2...

O señor PRESIDENTE: Despois cando chegue o momento señora Villarino, se fai o favor.

Moitas gracias.

Posicionamento do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Vega Buxán.

O señor VEGA BUXÁN: Si, señor presidente, obviamente das consideracións que veño de facer defendendo as nosas emendas derívase que a emenda do Grupo Socialista é congruente co que nós defendemos á respecto do fondo de cooperación local con independencia de que na obtención dalgún deses recursos nós puideramos facer propostas máis convincentes, desde o noso punto de vista, pero como compartimos a asignación á que se dedican eses recursos. Imos votar favorablemente esa emenda.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Vega.

Ten a palabra o señor Barreiro Fernández polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor BARREIRO FERNÁNDEZ: Señor presidente.

Señorías, subo de novo a tribuna para explicar cal é a posición do Grupo Parlamentario Popular respecto as emendas que tanto o grupo do Bloque Nacionalista Galego como o Grupo Socialista presentaron á sección cinco, Consellería de Economía e Facenda, en concreto como xa foi explicitado por parte dos respectivos portavoces hai catro emendas do Bloque Nacionalista Galego e unha emenda do Grupo Socialista.

Antes de expresar claramente cal é a nosa postura respecto destas emendas quizás conveña recordar algo que xa foi comentado ó longo desta mañá, e é que, en definitiva, un orzamento e neste caso o anteproxecto de orzamentos para o 2001, digo, que en definitiva é unha forma de establecer prioridades, non somente de defini-la política económica senón implicitamente, deste mesmo xeito, de establecer prioridades.

Polo tanto iso quere dicir, que para levar a cabo determinadas iniciativas implica, isto é unha obviedade pero creo que é conveniente dicilo, deixar de facer outras iniciativas, ¿por que digo isto? Digo isto porque seguramente no que se refire ó que podiamos chama-la filosofía das emendas aquí propostas por parte dos dous grupos da oposición, pois poderiamos estar de acordo no sentido de que son iniciativas importantes tamén é certo que son iniciativas que en boa medida están sendo xa postas en práctica por parte da Administración autonómica pero ¿cal é a razón que xustifica a nosa postura? e, xa adianto a nosa postura negativa sobre estas cinco emendas. Pois precisamente o que teriamos que deixar de facer, señorías, para levar a cabo as iniciativas que vostedes propoñen.

A ninguén se lle escapa evidentemente que a figura dos consorcios, como figura que axuda á comercialización de productos, fundamentalmente é unha figura que se utiliza de forma máis particularizada no caso de productos agroalimentarios, pero si que é unha forma apropiada no que se refire á política de distribución. Pero tampouco podemos esquecer que no caso particular de productos agroalimentarios hai iniciativas eu entendo que considerables iniciativas, importantes por parte da Consellería de Agricultura a este respecto e sobre todo no que atinxe a algo que polo menos é tan importante desde o punto de vista do seu afecto como a propia figura do consorcio, estoume a referir ó que son os procesos de diferenciación, posicionamento e productos, insisto, no caso particular de productos agroalimentarios.

Tamén eu creo que hai iniciativas por parte dos concellos e na maioría delas non só con cargo ó que é o presuposto do concello, senón a través de convenios cando a Administración autonómica no que se refire a utilización dos bens afectados polo Ministerio de Defensa. Eu aquí estoume lembrando de actuacións particulares no caso do concello de Lugo na anterior etapa en onde bens importantes do Ministerio de Defensa na cidade de Lugo son actualmente propiedade municipal e en boa medida gracias a ese tipo de convenios, pero onde a achega económica procedía a través da Administración autonómica, en concreto hai actuacións moi importantes a través da Consellería de Política Territorial e do Instituto Galego de Vivenda.

Claro, tamén todos estamos de acordo en que é importante levar iniciativas que vaian encamiñadas ó mantemento da estructura financeira dos concellos e particularmente a través da creación dese fondo de cooperación local. En concreto, espero que non me falle a memoria, creo que actualmente hai un fondo creado ó redor de 5.500 millóns de pesetas que medra aproximadamente ó redor a uns mil millóns por ano, que seguramente isto é insuficiente. Tampouco poden esquecer as súas señorías que isto non son as únicas iniciativas que a administración autonómica está a levar a cabo en relación cos diferentes concellos.

Por último en relación ás figuras dos fondos de capital-risco, e onde particularmente o grupo do Bloque Nacionalista Galego propón da orde de 500 millóns de pesetas entre Sodiga, o Fondo Adiante e o Fondo Emprende, ben, nós compartindo esa filosofía da importancia do labor que se está a levar a cabo por parte destes fondos da Consellería de Economía, como dicía, non podemos compartir ou apoia-las iniciativas pola razón de onde se detraen estes recursos e é onde tentarei determe agora nesta segunda parte.

En concreto vostedes propoñen a diminución ou detración de recursos do programa 511A e do progra-

ma 531A. O primeiro deles fai referencia a dirección, a servicios xerais da Consellería de Economía e o segundo á administración financeira e tributaria. E claro ¿por que nós non estamos a favor de que se detraian recursos destes programas? Vostedes presentaron no debate desta mañá, a través das emendas ó articulado da lei e eu dicía que había un grupo de emendas que facían referencia ós procedementos de control, polo tanto vanme permitir señorías que aprecie un certo contrasentido no que vostedes por unha parte postulan a través das emendas ó articulado como medidas para tratar de incentivar e de incrementar, se cabe, as actuacións da Administración autonómica en materia de control, pero por outra parte vostedes están detraendo recursos desas iniciativas, e simplemente por citar algunha das funcións, dos cometidos que teñen encomendados estes dous programas ós que facían referencia está, por exemplo, o caso da execución e seguimento dos presupostos de gastos, a ordenación de pagos, a contabilización de ingresos, a normalización e control da xestión dos tributos propios, a dirección, coordinación e xestión da contabilidade da Comunidade Autónoma, o control e contabilización das liquidacións de ingresos, a informatización tamén destes ingresos, a implementación dos servicios de intervención mediante novos medios tanto técnicos como persoais.

En definitiva, señorías, estamos dentro de dous programas que teñen un peso substancial en todo ó que se refire á aplicación dunha das importantes funcións que teñen encomendadas á Consellería de Economía como é esa función agrupada baixo esa denominación xenérica de control, polo tanto entenderán vostedes que, aínda tendo a consciencia de que é importante e tamén por iso se está actuando nas liñas que vostedes sinalan a través das súas emendas, non é menos importante devaliar estas outras iniciativas, tal e como vostedes farían, entendo que non intencionada, a través destas actuacións que vostedes propoñen aquí.

Propoñen tamén unha reducción no concepto 622.1, do programa 511A que fai referencia á construccións, tamén para detraer 1.000 millóns de pesetas do Grupo Socialista e 500 millóns por parte do Bloque Nacionalista Galego. Programa que baixo esa denominación de construccións inclúe actuacións, que nós cremos que importantes. Por iso facía alusión ó principio da miña intervención a esa cuestión de establecer piroridades, cuestións importantes porque inclúense dentro deste epígrafe a construcción, a continuación mellor dito, das obras dun edificio administrativo en San Lázaro aquí na cidade de Santiago de Compostela, a continuación das obras da urbanización da finca Montepio e a realización tamén dun novo edificio na cidade da Coruña, a realización das obras correspondente ó mandato de SPI, tamén a liquidación das obras de restauración do antiguo hospital de San Roque aquí en Santiago, en definitiva todas elas construccións que, desde a nosa perspectiva, constitúen actuacións importante por parte da Xunta de Galicia e que non podían ser acometidas no suposto en que nós aceptasemos estas iniciativas que vostedes propoñen.

E recollen tamén unha reducción do concepto 640 tamén deste programa 511A que fai referencia a gastos e investimentos de carácter inmaterial por unha contía de 50 millóns, no caso do Grupo Socialista e de 30 millóns, no caso do Bloque Nacionalista Galego, e que ó noso entender dada a escasa contía que ten este concepto que é un pouco menos de 71 millóns de pesetas e tendo en conta tamén as actuacións que se recollen aquí como traballos técnicos por importe de cinco millóns de pesetas, unha operación de *leasing* por 800.000 pesetas, asistencias informáticas por 5 millóns. En definitiva todas elas actuacións que, como xa tiven ocasión de comentarlles no debate en Comisión, dificilmente serían substituíbles dado xa o apertado destas partidas de gastos de carácter inmaterial.

E propoñen por último, tamén unha reducción de 100 millóns tanto o Bloque como o Partido Socialista en dous conceptos tamén deste programa 511A, o 442 e o 740, 100 millóns por parte do Bloque e do PSOE nun programa e 400 millóns no outro lado. Trátase dun concepto que as súas señorías coñecen perfecamente que fai referencia ó Cistec. O Cistec é un organismo de control de soporte informático, que eu diría que é crucial para implementa-la función de control por parte da Administración autonómica e que ademais ten uns obxectivos perfectamente definidos e perfectamente expostos no momento en que foron presentados os orzamentos correspondentes a este organismo de control. Por outra parte obxectivos cos que as súas señorías manifestaron o seu consentimen-

to, é dicir, o seu acordo a respecto destes obxectivos e eu pódolles garantir que sería practicamente imposible o acadar eses obxectivos en termos de control no suposto en que fosen detraídas as cantidades que vostedes aquí propoñen.

Polo tanto –señor presidente, señorías, e con isto remato xa– vémonos na obriga de non poder apoiar as emendas presentadas á sección cinco, á Consellería de Economía e Facenda non tanto porque non entendamos que son actuacións importantes que, insisto por outra parte xa están sendo levadas a cabo por parte da Administración autonómica, senón porque se me permiten a expresión, o mal sería maior no sentido de que os recursos que vostedes detraen doutras iniciativas impidirían, polo tanto, levar a cabo estas iniciativas e entrariamos nesa situación á cal eu me refería como cualificando de mal maior.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Barreiro.

Rolda de réplica por parte dos autores ou defensores das emendas.

Ten a palabra a señora Villarino Santiago polo Grupo Parlamentario Socialista.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Moitas gracias, señor presidente.

Realmente señor Barreiro por certo, case seguro que ten vostede razón e non podía ser doutra maneira, pero os argumentos son sempre os mesmos. Nós repetimos de maneira reiterada nestes últimos debates orzamentarios, alomenos desde que eu son deputada e voceira, repetimos os argumentos, é que son as mesmas iniciativas porque é que realmente, señor Barreiro, son as mesmas iniciativas porque vostedes en financiamento local non só non deron ningún paso adiante senón que deron vostedes un paso atrás, como dicía antes.

Pretenden dar un paso atrás a nivel de Estado e deron vostedes un paso atrás a nivel autonómico, a nivel de orzamentos da Comunidade Autónoma, e ¿por que? Porque realmente agora sabemos o que queren facer, é dicir nada, ata agora aínda criamos e pensabamos que vostedes estaban na posición porque criamos na súa palabra e vostedes falar falan case coma nós, outra cousa é o que fan vostedes, digo que falan case coma nós cando falan de financiamento de corporacións locais.

Realmente este debate presupostario serviu, de maneira importante para cualificar as posturas, vostedes non só non fixeron nada senón que non pensan facer nada e recordo con bastante claridade unha intervención do señor Orza, na que eu sentinme ata recriminada: "pero vostede que quere señora Villarino que lle pasemos os recursos autonómicos ós concellos, o que queira máis diñeiro que suba os impostos", por certo, é o mesmo que di o señor Montoro agora ós conselleiros de economía das comunidades autónomas, tamén di o mesmo vou aprobar eu esta lei que é unha volta de porca á autonomía política, xa non só a autonomía financeira, das comunidades autónomas, autonomía política, negan a soberanía das comunidades autónomas. Non só é un paso atrás senón que ademais o señor Montoro di, *"oiga el que quiera más dinero que suba los impuestos",* entón isto é unha cadea, que está claro que vostedes non entenden, ou non queren entender que a Constitución española, Constitución que por certo vostedes votaron, establece unha organización do Estado onde recoñece diferentes niveis de administración, todas soberanas no seu ámbito competencial.

Vostedes, non, vostedes cando chegan a unha administración ocúpana, utilízana e negan o pan e o sal ó resto das administracións, non teñen vostedes unha concepción moderna da organización do Estado. Vostedes non entenden ou non queren entender cal é o principio de cooperación entre as administracións, nin o principio do pacto e do acordo, non entenden, ou non o queren entender. Teñen vostedes unha vocación de ocupar e teñen vostedes unha concepción antiga, moi antiga porque colegas seus, conservadores, entenden a organización do Estado doutra maneira, e que vostedes están a dereita de vostedes mesmos, e por iso nós temos que insistir sempre coas mesmas iniciativas, pero insisto, este ano, alomenos o debate foi clarificador. Está claro que ó señor Montoro dille o señor Orza o mesmo que o señor Orza di a tódolos alcaldes de Galicia, o mesmo, señor Orza, exactamente o mesmo, vino eu, vin eu ós dous, vino a vostede con-

testándome a min por certo, e vin o señor Montoro, *"el que quiera más recursos que suba impuestos"*.

Son a maneira de entender a organización constitucional deste país, de feito eu diría que case preconstitucional, porque os recursos públicos e os impostos que pagamos os cidadáns deste país están para todas as administracións, algunhas con máis responsabilidade fiscal e outras como ningunha, por certo que a que teñen non a utilizan por exemplo vostedes, ou utilízana de xeito marxinal, aquilo do cuarto fillo, iso é o que hai por iso, señor Barreiro, nos temos que repetirnos.

Ó que eu esperaba en todo caso, vaime perdoar, é que alomenos agora que xa sabemos cal é o seu pensamento, cando me refiro ó seu non me refiro, ó seu persoalmente senón ó do grupo popular, ó do Partido Popular e ó do Goberno de Galicia agora que xa están as cartas boca arriba eu esperaba alomenos que nalgún dos argumentos que eu expuxen aquí que vostede me contestase. Isto é o que aí meten vostedes, unha emenda desde o meu punto de vista impresentable por ser o último ano de lexislatura e simplemente intentar xustificar un incremento ridículo de 1.000 millóns de pesetas nuns fondos de cooperación local que servíalle calquera trámite, señor Orza, lle servía o trámite das emendas parciais, escusaba vostede de intentar dicir que era unha cousa máis importante, porque calcularon vostedes a porcentaxe para atrás, dixeron 1.000 millóns canto representa, isto é a porcentaxe. Iso é impresentable, é intentar dicirlle ós cidadáns que se está a facer o que non se está a facer.

Se vostedes quixeran abordar de verdade a financiamento das corporacións locais dentro das súas competencias e dentro dos seus recursos e ninguén lle di que faga cousas que non lle corresponda, se vostedes abordasen e tiveran polo menos desde que eu son deputada van ter vostedes catro anos non estariamos repetindo señor Barreiro todos os anos a mesma iniciativa.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señora Villarino.

Ten a palabra o señor Vega Buxán polo Bloque Nacionalista Galego.

O señor VEGA BUXÁN: Señor presidente, señoras e señores deputados.

Prioridades na acción da Xunta, home claro isto é o que estamos debatendo, o que pasa é que para falar con rigor das prioridades na acción da Xunta hai que dicilo todo, porque o señor Orza podería destinar, ben non el só, o Goberno en definitiva mediante unha decisión colexiada, podía dedicar máis recursos á Consellería de Economía, claro, podería dedicar 1.000 millóns máis dos que figura, iso tamén son prioridades, as prioridades non só hai que valoralas, estudialas co límite establecido para cada consellería que vén nos orzamentos, é unha maneira de mira-las prioridades, pero unha maneira máis ampla é miralas así e miralas previamente ¿por que só vai a iso da Consellería de Economía?, podía ir máis se estiveramos de acordo en que, como din vostedes, algunhas das propostas que nós facemos son razoables, o problema dos recursos para esas propostas non é complicado, agora é máis complicado tal como veñen os orzamentos, pero previamente non é complicado.

O noso grupo non pode aceptar que en materia de consorcios de comercialización está todo feito, que é unha das conclusións que se deriva da intervención do señor voceiro do Grupo Popular, eu non podo aceptar iso, ben non o podo aceptar eu nin calquera que se achegue con certo rigor á análise da situación económica do noso país, non se pode aceptar.

Tampouco se pode aceptar que en materia de utilización social dos bens do Ministerio de Defensa, xa por así dicilo estamos ben, moi ben, a tope, non se pode mellorar nada, non é verdade, non é verdade. No Fondo de Cooperación Local a ver se partimos polo menos no que vén na documentación orzamentaria –se non leo mal aínda que non teño as gafas aquí– 4.359 millóns para o ano 2001, de 5.000 nada, 5.000 será o resultante de que logo aprobaremos o xoves, claro. Non, non, perdón 4.300 que é sobre o que nós estamos emendando xa llo dixen señor Barreiro, estamos emendando sobre isto e por certo, todo, unha parte ben do Feder e outra do FCI, cartos propios aínda que xa sei que me van dicir todos son propios, si todos son propios, todos, afortunadamente non propios de vostedes aínda que algúns..., todos son propios pero fondos que pon a Xunta de Galicia ademais dos que obteñen do Feder e do FCI para o Fondo de

Cooperación Local cero, de novo, é que lle gusta o cero, están apostando continuamente ó cero, están, insisto, subligados polo cero para o ano 2001, debe de ser porque desapareceu o 2000 entón o algarismo cambiou e vostedes non queren entrar no século XXI, teñen medo, non me estraña, non me estraña que teñan medo ó que vai vir no século XXI porque algo virá que a vostedes lles dará máis dunha preocupación, máis dunha dor de cabeza. Nós estamos incrementando isto que aquí se di, que logo vostedes fagan o que xa analizaremos na lei de acompañamento xa merecerá tamén outra argumentación pola nosa banda.

E por certo, vostede como fixo na Comisión dedica o tempo sobre todo a analizar as desgracias que ocorrerían de tomar en consideración as nosas emendas, e unhas das desgracias seica é que a Xunta de Galicia vería deteriorarse moi fondamente os seus mecanismos de control dos que vostede nos deu aquí un *trailer*, e por certo con todos eses mecanismos de control seica funcionando estupendamente métenlle cada gol a vostedes, ¿que cantidade de goles lle meten? Metéronlle un gol en Ourense hai cinco anos cunha subvención a UNICAR, un gol. O señor Ramilo meteulle non un, debeulle meter dez goles, xa o veremos aquí, debeulle meter dez e iso que hai mecanismos de control, que sei que ficarían moi deteriorados se se aceptan as modestas emendas do BNG, pois vixien vostedes os seus mecanismos de control, vixien vostedes os seus amigos e non se obsesionen co BNG, vixien os seus amigos e ás veces os seus correlixionarios.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Vega.

Procedemos entón a vota-las emendas que foron defendidas polos distintos grupos.

(A señora Villarino Santiago pide a palabra.)

¿Señora Villarino?

A señora VILLARINO SANTIAGO: Nós pediriamos por separado a dúas e a catro.

O señor PRESIDENTE: A dúas e a catro que se voten por separado, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

¿Algún outro pedimento de segregación? *(Negación.)*

Votamos en primeiro lugar a emenda do Grupo Parlamentario Socialista que é a 12.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a emenda.

Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego as números 1 e 3.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Votamos agora as emendas 2 e 4 deste mesmo grupo parlamentario.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 38; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Feita a votación destas emendas presentadas a esta sección quinta que é a Consellería de Economía e Facenda...

(Pide a palabra a señora Villarino Santiago) ¿Señora Villarino?

A señora VILLARINO SANTIAGO: Quería unha rolda de explicación de voto de trinta segundos.

O señor PRESIDENTE: Explicación do seu voto.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Ben, realmente abstémonos na emenda do BNG, na número 2, estando de acordo coa finalidade desa emenda pero entendemos que para nós non nós parece axeitado que para a utilización, que estamos de acordo en que a utilización dos bens desafectados do exército do Estado utilícense nas comunidades autónomas polos concellos para os fins sociais que sexan pertinentes, non entendemos que a Comunidade Autónoma teña que ter aí uns recursos e que iso debería de partir da Administración central.

E polo que respecta á número 4 é que nós xa expliquei cando expliquei as nosas emendas en Comisión, que nós non pensamos nin o ano pasado nin este en incrementa-los recursos destinados tanto a SODIGA como os fondos de capital-risco, porque dos últimos datos que temos do Consello de Contas, realmente o IGAPE ten unhas deficiencias importantísimas por ser suave na xestión dos recursos públicos que ten encomendados, entón nós de momento pois aínda non temo-la confianza suficiente como para saber se os novos xestores van facer unha utilización máis beneficiosa para o tecido productivo de Galicia dos recursos que xa teñen e por iso cremos que non se deberían de incrementar.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señora Villarino.

Feita está a exposición pasamos a votar os orzamentos da sección 05 que é a da Consellería de Economía e Facenda.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 26 .

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos desta sección.

O debate da sección sexta que é Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda comezarémolo ás cinco da tarde.

Suspéndese a sesión.

O señor PRESIDENTE: Boas tardes. Reiniciámo-la sesión.

SECCIÓN 06 (CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA).

O señor PRESIDENTE: E para a defensa das emendas dos distintos grupos que foron presentadas, para defensa concretamente do Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra o señor Pazos Varela.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señores e señora deputada, boas tardes e imos proceder efectivamente á defensa das emendas parciais do Grupo Parlamentario de Esquerda de Galicia á sección 06 de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Dicía á mañá o voceiro agora ausente do Partido Popular no tema da Lei de orzamentos, que era unha obriga e unha responsabilidade do Goberno priorizalas actuacións e –que agora chega precisamente– que precisamente por iso non tiñan cabida emendas parciais dos grupos da oposición que ían contra a priorización dun goberno que ten un obxectivo político que, evidentemente, podemos estar en desacordo pero, é a súa obriga gobernar.

Pero agora mesmo, estamos a falar dunha consellería que precisamente fai todo o contrario. É dicir, efectivamente, un orzamento –e con iso estou de acordo co voceiro de economía do Partido Popular– debe responder a unha planificación.

Polo tanto, ten que priorizar segundo as necesidades do país e temporaliza-las actuacións de acordo coas posibilidades económicas que un orzamento ten.

Pois ben, o señor Cuíña que ten a inmensa responsabilidade de se-lo conselleiro nada menos que de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, é dicir, aquel que ten a responsabilidade de vertebra-lo país é, precisamente, a consellería que máis xeneralista é nas súas partidas.

É dicir, que non asume nin unha planificación, nin asume o que debera asumir que é un contrato coa cidadanía –que iso é o que é un orzamento– un contrato coa cidadanía no que se planifican, que se priorizan e

que se acometen diversas obras que a cidadanía ten dereito a coñecer de antemán.

Aquí non existe nada diso. Evidentemente, este deputado non está en condicións de coñece-la cabeza do conselleiro e saber se dentro da súa cabeza existe ou non esa planificación e esa priorización.

Esta consellería ten unha altísima porcentaxe do seu capítulo VI de investimentos, un capítulo fundamental nunha consellería desta característica, sen especificar onde van ser os investimentos. É dicir, non a territorializa.

E, señorías, isto, ¿por que? Ben, pois moi sinxelo. Porque estes orzamentos, as actuacións da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, non están supeditados ós intereses do país. Están supeditados ós intereses "electoreiros" do Partido Popular.

E, daquela, o señor Cuíña, ¿que fai? Pois, vai por aí de vendedor ambulante, pero fraudulento. É dicir, sen licencia para exercer tal actividade. Como saben as súas señorías, a actividade da venda ambulante está regrada e hai que pagar uns impostos. O señor Cuíña fai de vendedor ambulante sen pagar impostos para exercer tal actividade. Promete obras por acó e acolá, mesmo reparte cheques casos de urxencia e necesidade por acó e acolá, pero á hora da verdade esas obras prometidas, eses convenios asinados, poucas veces se ven cumpridos.

Mesmo chega o señor Cuíña nun alarde de enxeñería política a vende-la mesma obra cen veces. Claro, como as partidas son xeneralistas chega a un sitio promete unha obra e, ¿onde está esa obra? En tal partida. Noutro sitio outra obra diferente está na mesma partida e así sucesivamente e é capaz nunha partida de 1.000 millóns de pesetas sacar 20.000 millóns sen o máis mínimo rubor político, logo claro, as obras non se cumpren, a cidadanía non as ve, pero, polo menos, a primeira fase que é a de vender e revender a mesma obra moitas veces, si que a cumpre.

Pois ben, nós o que facemos coas nosas emendas parciais é precisamente iso que botamos de falta nos orzamentos da consellería: priorizar, territorializar unha serie de actuacións necesarias e mesmo imprescindibles nalgún caso para a vertebración deste país.

Moitas obras, señorías, –e dígollo claramente ó que vaia exercer de portavoz do Grupo Popular– moitas obras son promesas concretas do señor Cuíña que saíron nos papeis prometéndoas ou asinando convenios, pero que esas obras logo –e non se sabe por que– non aparecen para nada no papel dos orzamentos que é o único documento válido para que nós, deputados da oposición, e a cidadanía que nós representamos saiban realmente en que se vai emprega-lo diñeiro público.

Nós territorializamos e priorizamos, evidentemente, non tódalas necesidades do país, pero é que tampouco movemos tódolos orzamentos da consellería, faltaría máis. Territorializamos e priorizamos unha parte das necesidades dese país, unha parte dos orzamentos da consellería que consideramos que se deben plasmar para que haxa realmente un contrato entre a Xunta de Galicia, neste caso entre o responsable desta consellería e a cidadanía á que ten que atenderlle as necesidades.

Así por exemplo nas primeiras emendas da 13 á 17 solicitamos unha serie de construccións, estructuras de carácter sociocultural. O señor Cuíña distinguiuse nos últimos anos –e a nós parécenos moi ben– xa que o señor Pérez Varela non atende ás necesidades socioculturais, que as atenda o señor Cuíña por medio da consellería ou por medio de encargos á SPI, parécenos moi ben. Así por exemplo o auditorio de Cangas o que hai que recoñecerlle que é unha obra da súa consellería que el pulou, ou o prometido auditorio de Vilagarcía que a ver se é certo que o fai. Pero, evidentemente, ó lado desas dúas vilas hai outras vilas do país, vilas moi importantes do país que están sen infraestructuras socioculturais. E, polo tanto, para esas vilas nós pedimos tamén que esta consellería as dote de contedores culturais coa condición, evidentemente, de que logo os concellos as doten de contido. Este é o caso do Grove, de Vigo, Marín, O Porriño, Moaña, etc. Vilas que superan todas elas os 15.000 habitantes e que non teñen a máis mínima infraestructura cultural, daquela cremos que están sobradamente xustificadas estas emendas parciais.

A emenda número 18 –pequena, por certo, unha partida de 25 millóns de pesetas–, fai referencia a unha obra que o señor Cuíña –e aí lle fixen o seguimento– vendeu xa tres veces, tres veces na prensa. É a se-

gunda fase do acondicionamento do contorno do cruceiro do Hío. Un cruceiro, un monumento emblemático do noso país, mesmo símbolo místico e cultural deste país e no estranxeiro que estaba en estado realmente de abandono. A consellería de Cultura acometeu unha primeira fase, hoxe rematada, e o señor Fraga Iribarne –a propósito con moito bombo– foi inaugurar, pero ese acondicionamento está incompleto. E a segunda parte correspóndelle ó vendedor de fume, ó señor Cuíña que xa o vendeu tres veces. Ademais o orzamento é exacto. O señor Cuíña comprometeu 25 millóns de pesetas para a segunda fase de acondicionamento do cruceiro do Hío e tanto a cidadanía do Hío, como a cidadanía do Morrazo, como a cidadanía galega en xeral, está a agardar por esa promesa do señor Cuíña. A primeira fase leva preto dun ano rematada, non sei a que agardamos para ir pola segunda fase.

As emendas 19 e 20 falan de actuacións concretas en Vigo, rexeneración de praias e o corredor verde do río Lagares. A propósito –é unha lástima que non estea aquí o señor Cuíña– ¿que foi dos patos do Lagares? Aqueles patos que con moito acompañamento de prensa soltou un día no río Lagares e que non sei, supoño que morrerían, porque realmente esa foi a gran actuación do señor conselleiro no río Lagares, un río que atravesa a cidade máis importante do país e que a actuación do señor Cuíña foi soltar catro patos no parque de Castrelos, saca-la foto e, se te vin, non me lembro.

A emenda número 21 refírese á circunvalación necesaria –vén sendo reivindicada ano tras ano por este grupo– no porto do Grove.

E da 23 á 28 as circunvalacións que van ser necesarias para a estrada do Cantábrico nos concellos do norte de Lugo. Porque, señorías, a pesar da racanería do Ministerio de Fomento, a pesar da posición política incorrecta pero de non emendalo do Grupo Popular de Galicia, nós seguimos mantendo que a autoestrada do Cantábrico debe percorre-los concellos do norte de Lugo. Debe de vertebra-la costa de Lugo e comunicala, evidentemente, coa cidade de Ferrol. E como sostemos iso, plasmamos porque nós si que as nosas ideas as plasmamos no documento orzamentario e, polo tanto, pedimos unha serie de partidas para as circunvalacións desa estrada e nas vilas polas que vai preto delas, transcorren.

O grupo de emendas que van da 29 á 46 corresponden a outra promesa a *bombo-platillo* do señor Cuíña, refírense ás comunicacións do Morrazo. Hai uns meses plantificouse o conselleiro en Moaña con gran convocatoria de prensa, con gran convocatoria de medios de comunicación e presentou un sistema xeral de mellora de comunicacións do Morrazo. Claro, algúns non o cremos de principio, outros si que o creron, pero mesmo os que non o cremos fomos ós orzamentos e, efectivamente, atopamos unha cantidade ridícula, absolutamente ridícula para o proxecto do corredor do Morrazo, é dicir, do mal chamado corredor do Morrazo que non é outra cousa que unha estrada que sirva de ponte entre Vigo e as praias da zona da costa oeste da nosa península. Pero non hai absolutamente nada da prometida mellora das comunicacións en xeral. Mellora que ten que levar consigo as circunvalacións de Cangas e Moaña, o arco que as intercomunique, unha coa outra, a mellora da comarcal 550, a mellora da comarcal que vai de Moaña a Marín, é dicir, a mellora das comunicacións en xeral. Porque, se non, tal e como vén a previsión nos orzamentos, imos atoparnos cun corredor que obvia e illa totalmente ós pobos do Morrazo, porque ese corredor non ten saídas cara ás vilas polas que pasa. O que, evidentemente, falando de comunicacións é algo demencial. Porque o chamado corredor do Morrazo ten unha saída cara Cangas que desemboca nunha estrada local sen capacidade para absorber tráfico, ou ten o seu remate primeiro nunha estrada comarcal sen capacidade tampouco para absorber ese tráfico.

Polo tanto, o señor Cuíña veu vender un plano conxunto de comunicacións e nós demandámosllo desde aquí con estas emendas ás que me refiro, o resto evidentemente é unha parafernalia que non hai quen a entenda.

Logo, outro grupo de emendas fala da mellora de accesos a diversos portos, outros de mellora de estradas con necesidade, ou remate das mesmas, como é o caso vou referirme a ela concretamente –porque supoño que haberá un argumento para dicirme que non a estas emendas, porque me van dicir que non– a estrada PO-400 que ten como misión fundamental vertebra-los concellos que transcorren pola beira norte do

Miño. É dicir, os concellos galegos que transcorren desde Porriño ata Crecente pola beira norte do Miño. Estrada que no seu lado de Portugal está rematada, estrada que está rematada polo lado da provincia de Ourense e estrada que lle falta por rematar, no caso da provincia de Pontevedra, a variante de Salvaterra –e supoño que o señor Ballesta que vexo que está atento co cal me vai contestar el– está sen facer, e estrada que remata ó principio do concello de Crecente e non sei que caste de maldición –supoño que o alcalde que en si é unha maldición, evidentemente– impide que esa estrada imprescindible para as comunicacións desa zona deprimida, complete o seu percorrido polo concello de Crecente. Remata en Pousa e non chega ata Filgueira que é onde tiña que rematar. E é un compromiso da Xunta de Galicia e acometeuse o que está acometido con fondos europeos e a unha pregunta deste deputado díxose que se ía acometer con fondos europeos no ano 2001. Pois ben, no orzamento non aparece absolutamente nada específico para rematar esa estrada.

E eu creo que, non sei que escusa van utilizar para votar que non a estas emendas. Noutras seccións a escusa é de onde se detrae o diñeiro. Nuns orzamentos, ou sexa, nun proceso de emendas nos que non podemos máis que quitar dun lado para poñer do outro.

Pero ben, creo que a escusa non lles vai valer neste caso. Primeiro porque non detraemos, senón que o que facemos é concretar partidas xenéricas, obras en materia de urbanismo, obras en materia de estradas, obras en reparación de estradas, é dicir, partidas xenéricas que están sen concretar en sitio ningún. Nós propoñemos unhas, outros grupos supoño que propoñerán outras, non hai problema. Non aproban as nosas, aproben as deles. Non hai problema ningún. Pero, polo menos, concreten onde van ir esas partidas.

E, por outro lado, sacámolo dunha partida que é a todas luces demencial –falando en prata– demencial, que o Goberno galego lle regale ó Ministerio de Fomento miles de millóns de pesetas nunha obra de interese xeral que debera ser asumida na súa integridade por tal ministerio. Estou a falar da autoestrada Santiago-Dozón. Á que, evidentemente, lle detraémola partida destinada polo Goberno galego para regalarlle diñeiro ó Goberno central que tamén cobra impostos dos galegos, e supli-la ineficacia dese ministerio de Fomento poñendo o diñeiro nós. E, por riba, ó final, vannos poñer peaxe, senón verán vostedes como vai ser así. Pois detraemos este diñeiro para que se invista en obras necesarias, imprescindibles na nosa comunidade e que o Ministerio de Fomento asuma a súa responsabilidade como outros ministerios a asumiron antes noutras comunicacións imprescindibles para o país como foi o caso das autovías.

Non se pode lavarlle a cara ó goberno amigo, senón que hai que esixirlle que cumpra as súas obrigas e por iso nós detraemos de aí o diñeiro. Non creo que por iso se nos acuse de querer varia-la política do Goberno, non. O que facemos é o que debería face-lo señor Cuíña.

Porque estivesemos de acordo ou non con el, se os orzamentos da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, viñesen territorializados, priorizados e mesmo con investimentos plurianuais, poderiamos manifesta-lo noso desacordo coa priorización, e de porque esta e non a outra, pero, dende logo, non podiamos acusalo de facer electoralismo barato que é o que fai e máis nun ano preelectoral, e esconderlle ós galegos e ás galegas onde van se-las prioridades da consellería, para logo poder venderlle 100, 200 veces, a mesma obra.

E logo das eleccións *si te he visto no me acuerdo* como aconteceu no caso da peaxe. Lémbrase vostedes, peaxe de Rande, vicepresidente do Goberno, don Mariano Rajoy: "Si ganamos no hay peaje". Agora resulta que Álvarez Cascos di que...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor PAZOS VARELA: ...non é prioritario para o Partido Popular –remato, señor presidente– suprimi-las peaxes. Isto non hai... ben, si hai quen o entenda, enténdese desde o punto de vista a falta de escrúpulos total e absoluta política, e de que o electoralismo prima sobre tódalas decencias políticas que deberían primar.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Gracias, señor Pazos.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Señor presidente, señorías, moitas gracias.

Vaia por diante que o Grupo Parlamentario Socialista dá certamente moita importancia ós orzamentos desta sección, porque nos parece que deles emana boa parte, ou debía facelo, da política de investimentos, da política de infraestructuras que o Goberno deberá desenvolver ó longo do próximo ano dentro deste país.

Non parece que o mesmo interese sexa para o señor conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pois, escoita-la opinión dos grupos desta Cámara. Seguramente que se nos dirá desde o Grupo Parlamentario Popular que apoia ó Goberno e desde o Goberno en xeral, que o señor conselleiro está traballando, claro, o resto aquí estamos de vacacións. E, polo tanto, o señor conselleiro considera que as horas do Parlamento son horas absolutamente perdidas que el está e debe estar dedicándose a outras cuestións e non pode escoita-la opinión dos grupos da oposición que tiveron a ben estudia-los presupostos que el remitiu aquí e emendalos mesmo dunha forma certamente considerable.

Ben, nós temos que dicir con certo pesar que os presupostos da consellería son uns presupostos que ó meu xuízo están baseados claramente pola improvisación, polo escurantismo, por prácticas claramente clientelares. Son uns presupostos ó noso xuízo absolutamente irresponsables e presididos claramente por malgastar. A cada unha destas cuestións entendemos nós modestamente que temos algunha razón para darlle cobertura ás afirmacións que facemos.

Improvisación, ¿por que? Porque nada menos que o 60% dos orzamentos veñen sen priorizar, veñen sen asignación sen actuación concreta ningunha. Polo tanto, absoluta improvisación na consellería, no departamento do Goberno que ten baixo a súa tutelaxe e responsabilidade a política de infraestructuras deste país para o próximo ano. Ningún tipo de programación.

Loxicamente así non nos estraña que o señor conselleiro nos viñera anunciando cando foi do PDG, temos un PDG de Galicia que remitía a un plano galego de infraestructuras que non existe, –aí vai a credibilidade do PDG, señor Orza– e temos ademais un conselleiro que leva tres anos prometéndonos a remisión a este Parlamento dun segundo plano de estradas, porque polo visto quedóuselle obsoleto o que ten sen cumprir en máis dun 40% que é o primeiro plano de estradas.

¿Por que dicimos escurantistas? Pois dicimos escurantistas, señorías, porque mesmo das partidas que trae con nomes e apelidos, son absolutamente, non só irresponsables, senón que correspóndense con actuacións que non teñen nada que ver coa realidade dos orzamentos destes presupostos. Pódolles dicir o seguinte: programan actuacións a cinco anos aproximadamente que custarían máis de 50.000 millóns de pesetas, –véxase a vía rápida da costa Ferrol-Ribadeo– e programan a cinco anos cun investimento que non sobrepasa os 4.000 millóns de pesetas, señoría. A isto atrévese a consellería que ten baixo a súa tutela a programación das actuacións desde o noso país.

Clientelares, señorías, entendemos nós, porque non atenden a ningún tipo de planificación mesmo as partidas que veñen asinadas no presuposto para actuacións concretas e específicas, non atenden a ningún tipo de planificación. Atenden, –e aquí, señores do Grupo Parlamentario Popular, sobre todo os dalgunhas provincias, debían estar vostedes atentos– atenden a presións políticas, partidarias e doutro tipo de grupos de presión. A iso é o que atenden os presupostos, non atenden a ningún outro tipo de programación. Atenden a presións políticas, partidarias, de poder político interno do partido que apoia ó Goberno e doutros grupos de presión que existen no país. Non atenden a ningún tipo doutra planificación.

Isto é grave, señorías, non sería que o dixesemos o Grupo Parlamentario Socialista, o grave de todo é que o din os presupostos, e dunha lectura atenta deles vese claramente que, por exemplo, en materia de estradas os presupostos non priorizan actuacións en dotar de eixos de comunicación a vertebración do noso país. Non contemplan para nada os nosos presupostos e comunicación cos grandes eixos de comunicación que supoñen as autovías, a comunicación dos nosos portos e aeroportos, non o contemplan para nada, señorías. En moitos traxectos fanse estradas e programan estra-

das por onde practicamente non pasan coches e mentres tanto temos no país unha cantidade de variantes sen levar a cabo, temos no país unha cantidade de nós e colos de botella que se producen ó longo do territorio que non se atenden simplemente porque non teñen valedores no goberno de Galicia.

Este élles o problema do presuposto. E poderiamos falar dalgún caso concreto. Poderíalles dicir que houbo un momento que na política de estradas todo ía cara a Lalín, ben, claro, iso vaise acabando xa o descarga e vai rematando coa famosa autoestrada esa que tivo un comezo virtual, vai rematando.

Agora hai outras zonas no territorio, por exemplo, na zona norte da provincia de Lugo todo vai cara a Trabada, todo vai a que o conselleiro de Educación chegue ben a Trabada. Pódolles dicir que van algúns miles de millóns de pesetas investidos ó longo destes anos, para unha zona onde pasan aproximadamente dez coches ó día. Algúns miles de millóns de pesetas.

Esta é a planificación que vostedes fan e iso que vostedes nesa zona non fixeron ningunha ponte, señor Orza, –que diso vostede debería saber algo– algunha ponte que ían facer para comunicar a parte de Asturias coa parte de Galicia no río Eo, que daba xustamente paso a unha casa, iso si, do Principado de Asturias. Claro, esa obra tíñana adxudicada, teñen alí o letreiro posto e ó final veu aquí a este Parlamento e parece que era moita a desvergonza e ó final non se fixo, está parada. Non sei o que fixeron con aqueles recursos pero a actuación está sen facer, certamente parecía moito 60 millóns de pesetas por moitos salmóns que circularan ó redor daquela ponte. Parecía un claro exceso e vostedes tiveron o bo gusto –e eu penso o acerto– de non levar para diante aquel atropelo e malgasto de recursos públicos.

Pero ben, miren as nosas emendas teñen que ver claramente, non pretenden planificar porque sería imposible e, polo tanto, atendemos desde logo todas aquelas cuestións que o Goberno remitiu ó Parlamento como actuacións concretas a levar a cabo, non restamos nin un só céntimo delas. Nós tamén entendemos que o Goberno, clientelar ou non, ten dereito a face-la súa planificación. Pois, moi ben, que a faga.

Pero con aqueles, máis do 60% dos orzamentos da consellería que remite ó Parlamento sen ningún fin concreto, señorías, nós o que facemos é distribuílos. ¿Baseándose en que? Baseándose nas necesidades moi serias que existen en materia de mantemento de estradas, conservación de estradas. Que o señor conselleiro presume moito dalgúns informes por exemplo da Asociación Española de Carretera, o señor conselleiro presume de que existe un informe que é favorable para a consellería. ¿Saben as súas señorías –desde logo o conselleiro non, que seguramente non leu ese informe, porque se o lera non dicía estas cousas–, que nada menos que a Asociación de Usuarios da Carretera de España di que en Galicia faría falta en conservación de estradas e en mellora e equipamentos en materia de seguridade vial, máis de 21.000 millóns de pesetas? ¿Saben as señorías que ese é o informe da asociación de usuarios da carretera? Ben, pois o señor conselleiro aínda non se enteirou. Pois a iso nós dedicamos recursos. Recursos á conservación, pero, iso si, a actuacións concretas, con claros nomes e apelidos no presuposto. Que, desde logo, poden discutirse. Seguramente que algunha delas poden ser discutibles, imaxinámonos que todas son discutibles.

E, logo despois, en materia de seguridade vial, nós damos moitísima importancia á eliminación de puntos negros, á construcción de variantes. A construcción de variantes en gran medida, señorías, que derivan da falla de planificación do Goberno en materia de política urbanística. Fixéronse auténticas barbaridades en materia de construcción de núcleos urbanos no contorno das estradas que son xa auténticos puntos negros ó longo do territorio de Galicia e que hai que atendelo. Pois para iso mandamos unha cantidade importante para construír variantes naquelas zonas que poden contribuír a arranxar temas en materia de seguridade vial e ademais que sexan actuacións acordes coa actividade que se desenvolve nesas zonas do territorio.

Señorías, diciamos que os presupostos son irresponsables porque lonxe de atender ás necesidades que nós temos dentro do noso territorio, e sendo sempre presupostos escasos, señorías, sen embargo atenden a actuacións que son de competencia exclusiva da Administración central. Actuacións que son de competencia exclusiva do Ministerio de Fomento.

Claro, nós vemos e esperemos que tódolos galegos sexan capaces de percibir, esperemos que o señor Pérez Varela nos teña a ben deixárllelo chegar, que o saiban, imaxinemos que si, porque o señor Pérez Varela ultimamente está collendo un talante absolutamente descoñecido, e estou completamente seguro que vai axudar a que os cidadáns se enteiren do que pasa con este presuposto, completamente seguro. Entre outras cousas, porque imaxino que non tardará en haber eleccións e o señor Pérez Varela terá ganas de presentarse cun talante absolutamente aberto sen que haxa ningún tipo de problemas.

Pois miren vostedes, diante dunha cantidade de necesidades tan importantes como son as que existen no noso país, somos capaces de que a actuación máis importante e singular destes presupostos e senón que veña alguén e que o desminta, é, nada máis e nada menos, que unha responsabilidade do Goberno central. Pagar unha obra é competencia exclusiva do Goberno central a autoestrada Santiago-Ourense que, por certo, non empezou, da que temos pagado xa 4.000 millóns de pesetas e da que imos comprometer 3.500 millóns de pesetas máis para facer fronte ós máis de 10.000 millóns de pesetas que temos comprometidos para un convenio para unha autoestrada, competencia exclusiva da Administración central e pola que ademais imos ter que pagar peaxe por pasar. Iso si, para facela ata Lalín, non pasamos de aí.

E eu digo, señorías, nun país que temos o nivel de necesidades que temos aquí, ¿como é posible que estas cousas se poidan facer? Ten que haber algunha razón, e os socialistas estariamos incluso en disposición de aceptar que se nos dera como razón algunha outra comunidade autónoma de España que cometera semellante pardillada. Claro, díganos aquí, mire que tamén o señor Lucas en Castela-León, pois puxo non sei canto para non sei que estrada que era competencia do Estado ou o señor Chaves en Andalucía, o señor Pujol en Cataluña, o señor Zaplana en Valencia, ¿díganos vostedes unha soa? Un só goberno autonómico que para unha actuación exclusiva do Goberno do Estado para unha autoestrada de peaxe fora capaz, tivera o atrevemento de poñer máis de 10.000 millóns de pesetas de recursos propios, señorías, da propia Comunidade Autónoma tendo en conta o estado de necesidades que aínda existe neste país. Díganos unha, porque a pode haber e se a hai igual nos convence.

Se hai algún tipo de razón, senón, miren vostedes, nós aí dicimos que son irresponsables e pretendemos corrixilo porque mentres que o Goberno fai isto graciosamente coa Administración do Estado, nós estamos en condicións de afirmar que mentres dedicamos 3.500 millóns de pesetas para pagar unha actuación responsable do señor Cascos, limitamos a 500 millóns de pesetas o pagamento de expropiacións a cidadáns propietarios de terreos deste país ós que se lles ten ocupado os seus bens e debémoslles, señor Orza, máis de 5.000 millóns de pesetas; 3.000 regalados ó señor Cascos para que presuma de que vai facer unha autoestrada en Galicia e mentres tanto temos esperando a cidadáns galegos para cobra-los seus bens que xa lles foron expropiados, que xa lles retiraron da súa propiedade máis de 5.000 millóns de pesetas pendentes de pagamento e para iso vostedes meten 500 millóns de pesetas, señores.

Polo tanto, ¿temos razón ou non cando cualificamos de irresponsables os presupostos? A min paréceme que nisto debían facer vostedes unha reflexión porque lles daría algunha pista certamente importante.

Pero é que ademais hai máis, señorías, ¿hoxe en día como se pode entender que paguemos unha actuación que é responsabilidade do Estado con fondos propios sabendo o nivel que temos de engarrafamento por exemplo na estrada Noia-Santiago? ¿Non sería mellor investir na estrada Noia-Santiago para desdobrala, facer unha autovía, facer un eixo de comunicación como é debido e atender á responsabilidade nosa de comunicar ben os nosos territorios importantes e atendela xa, non fialo, en período electoral a anos luz e meterlle unha cantidade ínfima neste presuposto? ¿Non sería mellor dotala con medios e recursos para que se puidera facer o presuposto e poñela en marcha, señorías? ¿Non sería preferible iso?

¿Non sería preferible atender unha estratexia de comunicacións en Galicia que, cando menos, naquilo que é da nosa competencia e que o mesmo conselleiro ten recoñecido neste Parlamento, que máis do 40% do plano de estradas de Galicia e, sobre todo, no que se refire ás estradas que están catalogadas como da rede primaria complementaria que é a rede que é compe-

tencia exclusiva nosa e que é a rede que ten como misión vertebrar interiormente as comunicacións do país e que el mesmo recoñeceu que está incumprido nun 40%, non sería mellor planificar actuacións e dedicarlle os recursos que dedicalos a ningún outro tipo de responsabilidade que corresponde con outros? ¿Non sería mellor iso? Nós entendemos que si.

¿Non sería mellor atender os compromisos que mesmo ten asumido o conselleiro diante deste Parlamento de construí-lo centro intermodal de transportes de Santiago de Compostela, que leva xa non sei cantos anos prometendo e non aparece nunca por ningún sitio, o porto seco de Monforte, o centro de transportes de Ourense...? ¿Cantas e cantas cousas faltan por facer neste país?

Miren nós esperamos que vostedes atendan, polo menos terán estudiadas as emendas que nós presentamos. Non se poderá dicir que desbaratan para nada nin que desfán ningunha das actuacións propostas polo Goberno. Serán discutibles algunhas delas, todas dudariámolo moitísimo. Non rompen ningunha estratexia de goberno, priorizan o gasto e farían os presupostos, señorías, bastante máis responsables do que son, porque atenderían cos presupostos dos galegos necesidades que teñen os galegos e se queren vostedes apoio e se queren traballo para facer e reivindicar que a Administración do Estado ou outras administracións cumpran coa súa obriga no territorio de Galicia, conten cos socialistas.

Saben vostedes perfectamente que o sabemos facer cando temos responsabilidade de Goberno e máis cando non a temos; e senón vostedes terán que explicar porque as autovías a Galicia se puideron facer, señorías, sen poñer nada de recursos propios e porque actuacións tan puntuais e ó mesmo de interese xeral –e isto non me vou cansar de repetírllelo– non se pode facer cun goberno do Partido Popular.

Terán que explicalo moi ben porque os galegos teñen dereito a sabelo, señor Pérez Varela.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Rego.

Para a defensa das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente.

Señorías, subo a esta tribuna a defender as emendas presentadas aos orzamentos xerais e en concreto á sección 06 polo Bloque Nacionalista Galego. Son emendas que se poden dividir en emendas de carácter xeral e outras en emendas de carácter particular.

As emendas de carácter xeral teñen que ver evidentemente con intentar un troco na política realizada por esta consellería, indicando directrices e sinalando a dirección contraria do que está a facer a Xunta de Galiza e, en concreto, a Consellería de Política Territorial.

Señoras e señores deputados, representantes dos medios de comunicación, e digo representantes dos medios de comunicación a quen non me debería dirixir, evidentemente, pois non son obxecto de convencemento, mais tamén é certo que teñen segundo os principios constitucionais o deber de informar. Comprendo que para algúns sexa aburrido ou falto de interese o que se di no Parlamento, mais a oposición de aquí e, en concreto o Bloque Nacionalista Galego, ten que dicir que é necesario que se transmita a mensaxe, que non se oculte e que non só sexa a publicidade interesada a que dea lugar a información aos cidadáns.

É necesario que os debates parlamentarios se transmitan á sociedade porque este Parlamento –xa o dixen na sesión anterior– non está en baixa, este Parlamento tenta debater sobre os problemas que ten o país e é necesario que se coñezan as alternativas de todos.

Pois nós pensamos que aos señores deputados ten que preocuparlles tamén este debate, non pode ser un debate como dicía o señor Rego que para algúns non teña ningún tipo de interese e poida pasar así. Os señores deputados deberían preocuparse de saber que as emendas da oposición pretenden, evidentemente, cambiar rumbo, pero tamén pretenden que cousas que ao país lle interesa porque nós consideramos que teñen interese ou vostedes consideran que non ten interese que as emendas da oposición demanden planea-

mentos urbanísticos, demanden ordenación do territorio, que se estudie a situación dos núcleos rurais que tanto se fala deles cando se fan campañas electorais ou cando se di que hai uns que se preocupan dun determinado tipo de cidadáns e outros non; que se fale de dotación de servicios aos cidadáns como poden ser vivenda, portos, etc., que se fale de mellora de estradas como se fala nas nosas emendas e que pasarei despois a explicitar. Como dicía que se falara de mellores portos, de máis cartos en orzamentos, en infraestructuras e menos cartos en festas e presentacións. Que se expropie, evidentemente, que hai que expropiar para realizar infraestructuras, mais que se paguen as expropiacións. Cousa que orixina incluso neste orzamento e nesta consellería unha situación de débeda encuberta, terrorífica para a Xunta de Galiza que debe neste intre máis de 5.000 millóns de pesetas en expropiacións e que só presuposta creo que 500 millóns de pesetas falando de memoria.

Que é necesario investir na seguridade vial comezando polos puntos negros; que é necesario mellor investir en transporte público que é o único que vai permitir aos cidadáns aforrar e mellorar a súa calidade de vida.

E, ¿por que non dicilo? Que as consellerías como esta non se poden xustificar só dicindo fixemos quilómetros e poñemos moito chapapote, non é esa a xustificación. Pois, señoras e señores deputados, se se fixeron quilómetros, eu pregúntome ¿o investimento ata hoxe solucionou os problemas de desertización do noso país –pregunto– a pesar de terse realizado estradas nese famoso Plan de Estradas? ¿alguén pode contestar se aumentou a poboación onde en teoría, segundo vostedes, desapareceu o illamento? ¿poden afirmar vostedes que aumentou a poboación a pesares desas comunicacións por estrada? Pódese demostrar que non é así. ¿Que é o que ten fallado evidentemente? Fallou a política de ordenación territorial, esta consellería e o seu primeiro título e o seu primeiro nome é Consellería de Política Territorial, e é exactamente o que menos practica a ordenación territorial.

¿Pode alguén dicir a estas alturas se sendo importante tardar de Madrid aquí cinco horas, non é moi preocupante que ir de Fisterra á Guarda, da Guarda a Ribadeo, de Cambados a Valdeorras, etc., sexa un auténtico calvario? ¿Poden vostedes contestar o contrario? ¿Poden vostedes falar diso?

É dicir, que nós podemos afirmar que dez anos despois do "monstro Fraga" en Galiza resulta que o preocupante é porque tamén despois de vinte anos de gobernos autónomos as cousas non cambian realmente nun proxecto de ordenación territorial por moito que se vaia por algúns camiños mellores que non conducen a ningunha parte. E o de "monstro Fraga" enténdano desde a linguaxe de calquera rapaz novo ou calquera persoa nova cando fala, digo eu, de U2, agora que están de *revival*, ou dos Beatles, ¿non? ou senón –que diría eu– dos Ramones que é ó mellor e a cultura que a algún lle irá. En definitiva, esta é a cuestión.

¿Como é posible –non me dirixo a vostede, se fai o favor, mire eu a vostede nin interrompelo– que cando se fala de planeamento en Galiza contemplemos que os orzamentos seguen a mesma política?

Falemos de planeamento urbanístico. Vostedes cren que se vai cambiar a política de Galiza en planeamento urbanístico, a política que ultimamente deu lugar a Teo, a Ames, a Sigüeiro e a outros moitos casos e se queren seguímosllos enumerando coa política que aínda se segue contemplando. ¿Saben vostedes que a sanción dos planeamentos, e cando digo sanción significa aprobación, definitiva dos planeamentos que dan lugar á desfeita urbanística do noso país nos últimos dez anos, son asinados e aprobados en definitiva polo conselleiro de Política Territorial? ¿Como se pode falar de que existe política de planificación urbanística cando o colexio de arquitectos manifesta publicamente, moi a pesar do que aquí se diga, que o 75% dos concellos non teñen actualizado o planeamento? ¿Vaise facer iso coa política da Consellería de Política Territorial, coa mesma política, con máis do mesmo? Seguramente non.

A contestación sería que coas nosas emendas si, e digo, que as nosas emendas, as 30 emendas que temos en urbanismo e ordenación do territorio, propoñen claramente a dotación ós concellos de planeamento e unha política diferente. Unha política onde sexa real a capacidade dos concellos para facer planeamento. Non unha política na que vostedes aproban unha Lei de delegación de competencias urbanísticas que me-

ten na Lei 1/1997, do solo, e curiosamente despois os concellos non se lles dota para nada de investimento para que poidan ter técnicos, servicios, etc., todo se fía ás deputacións.

¿A que deputacións podemos fiar o urbanismo? A Deputación de Lugo que xa nos tempos en que o señor Caharro é presidente se fixo o que se fixo en Foz. ¿Que planeamento urbanístico teñen? Fíxose pago... claro, segue sendo, así vai a política urbanística na provincia de Lugo e noutras, evidentemente xa se ve no conselleiro.

¿Cal é a política para que exista transporte intermodal no país? ¿A da COTOP? ¿Que política é a que hai? Ningunha definida.

Nós estou seguro que con esa política non imos asistir a unha mellora, asistiremos a unha mentira continua, a unha mentira total, a mentira de prometer en tódolos lados moitísimo e facer pouco. Coas nosas emendas faríanse cousas concretas. Nos orzamentos non aparece desa materia nada.

Lémbrolles a algúns que un bo día chegaron a este Parlamento cunha emenda urxente para unha determinada cuestión en Vigo, e era urxentísima, e era o gran coello da chisteira. Aínda hoxe esa infraestructura está sen realizarse e non se sabe por quen. Dende logo, non será por culpa do goberno municipal do Bloque Nacionalista Galego, senón pola falla de seriedade á hora de facer cousas.

As nosas oito emendas teñen entre elas a creación do porto seco de Monforte. E a creación do porto seco de Monforte se a aproban vostedes é acabar co engano continuo que teñen vostedes na poboación de Monforte e na zona de influencia, ¿por que? por unha razón moi sinxela. Porque o porto seco de Monforte é actuar e querer entrar non só na cuestión de comunicacións por ferrocarril, senón entrar realmente no que é transporte, no que é influír economicamente incluso nin que se desvíen tráficos doutras partes da Península Galiza e que se teña capacidade. Porque se non é así o único que se está a facer co porto seco de Monforte se non se crea esa sociedade é enganar aos demais.

¿Que planos existen nos orzamentos, señoras e señores deputados, no tema de estradas? É dicir, se calquera colle os orzamentos, leos e fai unha rápida visual, verá que hai unha situación moi prometedora nos orzamentos, pero nada realizadora. E volve repetirse o de sempre, o mesmo.

¿Que circunvalacións co orzamento necesario están nos orzamentos? Porque a maior parte fíanse por lingo e a planos plurianuais ben longos. Nós programamos diñeiro para Vilagarcía, para Ourense, para Moaña, para outros lugares. ¿Que planos existen nos orzamentos para eliminar o illamento da Costa da Morte e do Xallas ou do interior da costa? Voulles poñer un exemplo do que é a inutilidade. ¿Vostedes, algún de vostedes vai polo país, polas súas estradas? Para vostedes están todas marabillosas.

Hai aquí un deputado que se tivese vergonza toreira –e póñoo de exemplo– tería que saber que hai unha estrada que é a C catrocentos non sei que, Buño-Malpica, tramo dunha estrada complementaria que é un escándalo do illamento que significa. ¿Foron vostedes ou ven vostedes como está esa estrada? ¿Saben como está? É un exemplo do escándalo que é. É un exemplo da política que se fai por parte da consellería. E podo dicir que pasa con outras cuestións de reparación.

Porque, señores e señoras deputados, a cuestións de reparación me quero referir. Presten atención porque a algúns parécelles mal que saquemos o diñeiro de reparacións. E, ¿por que facemos estas cuestións? Pois miren, o diñeiro en reparacións se todo el é o mesmo que se vai empregar e do mesmo xeito que na vía rápida do Salnés, teño que dicir que a corrupción e a dilapidación está instalada na Consellería de Política Territorial. Ou acaso non é corrupción que se diga que existiu un defecto na execución da vía rápida e agora a mesma empresa ou outra repárea cobrando 100 millóns de pesetas, unha cuestión que se rematou hai dous anos e medio, ¿é esta a política de reparacións? ¿É esta a política de transparencia e responsabilidade? Porque responsabilidade significa esixirlle responsabilidades a aqueles que construíron mal as estradas, que para iso se paga a técnicos e se pagan boas direccións de obras.

¿Cal é a política de seguridade vial que teñen os orzamentos? ¿Existe algún diñeiro concreto destinado para algunha obra destinada? Só hai seguridade vial.

Pode ser ao final propaganda. Nada se pon en concreto para enviar por exemplo, como facemos nós, unha mensaxe de esperanza aos cidadáns de Bergantiños que viven pola estrada de máis alta siniestralidade do Estado. Unha mensaxe de esperanza que se quere enviar dende aquí co acordo marco de todos os grupos e coas xogadas para que ninguén protagonice nada.

¿Onde está a súa responsabilidade, señores do Grupo Popular, cando impiden que a Comisión de seguridade vial que está creada neste Parlamento funcione ou teña unha soa reunión para tratar un tema no que todos, todos, absolutamente todos estamos de acordo que hai que abordar?

Ben, pois aí teñen emendas nosas con nome e apelidos que poderán dicir vostedes que non interesan, non serve. Digan vostedes cales van facer.

En definitiva, as nosas emendas pretenden falar de cousas reais neste Parlamento. Pretende por unha parte ser voz de problemas que demandan os cidadáns ou acabar coa desidia en infraestructura portuaria. En infraestructura portuaria os orzamentos son continuamente escasos e agás unha política de portos deportivos, non existe unha política de infraestructuras en materia de realización de obras de infraestructuras. Fronte a eses escasos orzamentos o Bloque Nacionalista Galego presenta 22 emendas como transferencia para Portos de Galiza e a realización de obras.

En definitiva as emendas, señoras e señores deputados, están feitas dende o corazón, mais tamén coa cabeza de quen sabe que ten programa e capacidade para rematar cunha política como a da Xunta de Galiza e, en concreto, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda; un política sen programación, sen dirección, sen obxectivos, a salto de mata moitas veces, e o que é peor, hai tempo que asomou nela benevolamente o que nos chamabamos dilapidación, pero que no fondo disfraza a corrupción política e a deslegalización do gasto existente na Consellería de Política Territorial, *iceberg* de moitos funcionamentos da Xunta de Galiza.

Nada máis e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Trigo.

Rolda de posicionamento respecto das emendas.

Polo Grupo Parlamento Mixto, ten a palabra o señor Pazos.

O señor PAZOS VARELA: Dende o escano, señor presidente, para anunciar que imos votar positivamente as emendas do Grupo Socialista e as emendas do BNG, pois que aínda que non coinciden exactamente, evidentemente no noso lugar e onde priorizamo-las obras, si que a filosofía coidamos que é compartida por este grupo.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señor presidente.

Señorías, nós temos que apuntar que nos presenta algún problema o posicionarnos sobre das emendas porque imos manter ata o último segundo cando se produza a votación a esperanza de que se poida transaccionar ou de que se poida votar favorablemente algunha das emendas, porque consideramos estrictamente necesario as de tódolos grupos. Parécenos que todas teñen partes positivas. E por iso esperar ata o último momento para que isto sexa posible.

Non favorece nada a actitude irresponsable do señor conselleiro non estar aquí cando se debate o presuposto da súa sección. Eu paréceme que salvo causa de forza maior de carácter persoal, que un responsable político non estea na primeira institución do noso pobo o día que se debate a lei máis importante que hai na vida política parlamentaria, certamente o deixa nun lugar pouco desexable, cando menos eu non o desexo para o señor conselleiro de Política Territorial, para nada. Pero, en calquera caso, quen se pon nesa situación e el, e el sabrá perfectamente por que.

E isto dificulta seguramente a posibilidade de que haxa algún acordo. De todas maneiras, a nós gustaríanos saber e imaxínome que se poderá dar algunha ex-

plicación polo que respecta ás emendas, por exemplo, do Grupo Parlamentario Popular que ten algunhas emendas que reducen, nada menos, que partidas que nós consideramos importantes. *(Murmurios.)* Si, si. E reducen emendas en conservación e explotación de estradas, gustaríanos saber porque sobran recursos aí, nos gustaría sabelo. Porque os reducen nada menos que nunha cantidade de 205 millóns de pesetas.

Reducen tamén recursos en materia, en actuacións que van destinadas a políticas de vivenda do noso país, imaxinámonos para a mellora da vivenda rural, para a construcción de vivenda, pois tamén reducen. E nós non temos nada absolutamente en contra dos fins ós que se mandan eses recursos, nada en absoluto, parécenos ben.

Por exemplo, 100 millóns de pesetas para redacción do proxecto da construcción para o Palacio de Congresos e Exposicións da cidade da Coruña que nós imos apoiar, ningún problema. Loxicamente, parece ben.

Tamén nos gustaría o mesmo que felicitamos ós deputados e deputadas do Partido Popular da provincia da Coruña, tamén nos gustaría que os señores deputados e deputadas da provincia de Lugo, presentaran unha emenda para que na provincia de Lugo se construíra o primeiro Palacio de Congresos que non existe ningún, tamén gustaríanos. Certamente, gustaríanos, pareceríanos moi interesante. Ou que os deputados e deputadas da provincia de Ourense presentaran emendas, por exemplo, para a construcción da cidade do transporte de Ourense que é absolutamente necesaria e tampouco está, ó mesmo que outros presentan para facer un palacio de congresos onde xa existen dous. Parécenos ben, fan falta os tres, parécenos ben, pero, gustaríanos que vostedes presentaran esas emendas ou que, cando menos, apoien as dos grupos da oposición, señorías, por exemplo, que se refiren a construír vivendas sociais na cidade de Ourense para novos e familias necesitadas. Imaxínome que os señores do Partido Popular de Ourense, de Lugo, da Coruña, de Pontevedra imaxinámonos que votarán a favor destas emendas, porque non reducen recursos nin de estradas nin da política de vivenda, non, non, redúcenos de partidas e de gastos improductivos e de gastos de carácter inmaterial que se pode pasar sen eles perfectamente.

Polo tanto, señores deputados e deputadas do Partido Popular, nós estamos absolutamente a favor de que vostedes presenten emendas, parécenos ben, pero, por favor en tódalas provincias e atendan tódalas cuestións. Non vaian vostedes única e exclusivamente a aquelas cuestións puntuais que máis ou menos, algunhas cuestións internas do seu partido pretendan solventar. Parécenos ben que o fagan pero en tódolos sitios.

Nós traballariamos nesa dirección de xeito absolutamente favorable.

E logo gustaríanos algunha explicación. Detraen vostedes 25 millóns de pesetas de estradas outra vez –parece que en estradas sobra todo– e dedícanas á compra e adquisición de maquinaria. Gustaríanos que nos explicaran que vehículos pretenden comprar. ¿Se necesitan vehículos novos, novas operacións, a ver que é o que necesitan porque nos gustaría sabelo? Porque as emendas de vostedes son tan importantes como 25 millóns de pesetas para vehículos, gustaríanos que nos deran algunha explicación sobre isto.

E polo que respecta ás emendas dos demais grupos, que somos favorables a todas elas, pois, señorías, o que diriamos é que esperemos que sexa posible facer algún tipo de transacción co grupo que apoia ó Goberno e co resto dos grupos e veremos a ver despois o que pode resultar de aí, podería resultar algo certamente interesante para que un presuposto que vén máis do 60% sen cuantificar, poidamos darlle algunha saída a tanta improvisación, darlle algunha saída a tanta política de escurantismo e darlle algunha saída, que algunhas cousas poidan planificarse, poidan dedicarse a actuacións concretas e deixemos xa de utiliza-la política de aprobar uns presupostos non se sabe moi ben para que.

A min paréceme que o Parlamento debemos tomalo todos en serio e tomalo todos en serio quere dicir que aquí os deputados e deputadas saibamos perfectamente o que aprobamos e que os conselleiros en cada consellería teñen bastante xa con dedicir e poder cambiar aínda aquelas partidas, que van con cargo a actuacións concretas, as poden cambiar, para canto máis, aínda encima, facerlle pasar á institución parlamentaria polo transo dun auténtico paripé na aprobación dun presuposto. E que alguén teña aquilo que hai

que ter que me parece que é moito, para remitir a este Parlamento e permitir que se aprobe un presuposto co 60% sen ningún tipo de asignación cando menos específica.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Rego.

Posicionamento do Grupo Parlamentario do Bloque.

Ten a palabra o señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente.

Señorías, realmente moitas das emendas que se presentan polos grupos Socialista e Mixto, son algunhas delas coincidentes con outras que nós temos, en función diso ímolas apoiar coa salvidade de que dalgunha maneira isto primeiro di unha cousa, esquecinme antes de dicir que na nosa emenda número 165 onde di "Dormallo", debe dicir "Domallo". Ao igual que na emenda 19 do Grupo Socialista debe dicir "xufre" en vez de "chufe" porque se refire ao peirao da Illa de Arousa e para que quede constancia que apareza a cuestión.

Señor Rego, nós ímolas apoiar aínda que as emendas do Partido Popular xa están incorporadas, para nós xa non son obxecto de debate, pero só lle vou corrixir unha cousa, non era para o proxecto, era para o anteproxecto. Léase a cousa, fíase máis longo e calquera se fía de determinadas cuestións que cara á galería a pesar de convenios que se asinen se poidan realizar convenios nos que se poida acreditar pero que despois a súa realización desgraciadamente é o que é.

Son coincidentes moitas delas, tanto as de mellora de estradas como as de seguridade vial, evidentemente que é unha posición que tódolos grupos da oposición e o Grupo Mixto tamén, defendemos aquí porque, claro apróbase unha Comisión, nós queremos participar, queremos axudar seguindo ese lema do deporte afeccionado olímpico que o importante é participar, pero claro, non hai maneira que nos poñan nin pista de atletismo nin camiño ou senda por parte do Partido Popular para que funcione a Comisión de seguridade vial que tanta tinta fixo correr en función da sensibilidade que a Consellería de Política Territorial tiña neste tema.

En definitiva, o noso apoio tamén ás emendas do Grupo Parlamentario Mixto pola mesma razón, coinciden moitas delas, aínda que presenta unha cuestión de auditorios, etc., que ben, se é que se pode chegar a algún acordo, nós non temos inconveniente ningún en que se chegue.

E digo o mesmo que dicía vostede, por nós todas están vivas e esperamos que algo poida pasar. Diríxome a vostedes na esperanza de que algún reciba un regalo de nadal ou un coello da chisteira. Se reciben un coello non nos fiemos, se o regalo é de nadal e en forma de emenda, vixiémolo continuamente porque ao mellor como todos sabemos, por moito que aquí se escriba, ao final cámbiase porque vén o tío Pepe –e non o do viño nin o tío Pepe famoso– coa rebaixa e déixanos sen nada.

Nada máis e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Trigo.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Casares González.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Gracias, señor presidente.

Señoras e señores deputados, é sorprendente que para defende-las emendas dun grupo parlamentario que pretende modificar un orzamento se teña que facer crítica permanente dese orzamento. Dicíame un compañeiro veterano e magnífico deputado do noso grupo parlamentario esta mañá comentando cuestións sobre os debates que estamos a desenvolver deste orzamento, que era xustamente no debate de totalidade onde se enfrontaban políticas, onde se enfrontaban propostas, onde se enfrontaban problemas de país, onde un apostaba por unha visión determinada e, lexitimamente, dende tódalas perspectivas a confrontaba cos demais grupos da oposición ou a oposición do goberno que presentaba esta lei. Pero non é nos debates posteriores onde se segue con esa desputa, senón onde se trata de achegar pequenas ou non tan pequenas achegas dentro do esquema xeral.

Precisamente aí é onde a oposición está a faltar ó rigor parlamentario e está a faltar ó que é un debate de créditos concretos dun orzamento. Non se trata de confrontar posicións neste momento, senón que se trata de que dentro dese espírito aprobado por esta Cámara tomando en consideración a lei, face-las modificacións que lexitimamente, que por suposto lexitimamente, cada deputado ou cada grupo pretende para ese orzamento.

Aí está o primeiro gran erro da oposición que coloca en posición difícil á maioría que pretende e non consegue discutir pequenas, medianas... –digo en contía, non en importancia– partidas presupostarias e non é quen porque están discutindo, alomenos aparentemente, grandes postulados, máis propios como digo do debate de toma en consideración da lei xa pasado hai uns días.

Señoras e señores deputados, non hai nada perfecto. Este grupo parlamentario non sae apoiar unha lei do Goberno pensando que é a perfección personificada en lei, non hai nada perfecto, señorías.

Escoitándoos a vostedes parece que o mundo xira porque Mixto, Socialista e Bloque existen. Se a maioría pensara así este país tería un problema de difícil, por non dicir imposible, solución.

Señorías, non hai nada perfecto. Pero, como veremos agora pretender argumentar que non existe planificación, que non existe priorización, e que non hai accións coordinadas no orzamento en xeral e en concreto da sección 06 que estamos a debater, e non colocar nin un só e pequeno exemplo para argumentar iso e volver perde-la batalla e cometer un segundo erro que unido ó primeiro fai, de novo, señor presidente, practicamente imposible a chegada de acordos, a posta en común de posturas parecidas, a transacción ou o transacordo que tanto predicamos pero que tan difícil é chegar a el polas condicións que lle digo.

Señor presidente, á parte de condicións xerais hai tres condicións, tres elementos, ou tres visións que fan case que imposible que aprobemos emendas da oposición tal e como están presentadas.

Por unha parte veremos como da lectura das propias emendas se fai difícil para a maioría pedirlle ó Goberno nesta Cámara que modifique os seus postulados.

En segundo lugar, pola filosofía dos grupos parlamentarios, non pola filosofía intrínseca deles quizais, senón pola filosofía que amosan neste debate en concreto se fai absolutamente imposible chegar a unha postura próxima que permita o acordo porque o acordo se produce, sábeno tan ben coma min, dende posición próximas, nunca dende posicións de lonxanía.

E por último, unha terceira cuestión que veremos tamén con algúns exemplos como pola declaración que acaban de facer, alomenos o Grupo Mixto e o Grupo do Bloque Nacionalista Galego cando se posicionaban sobre as emendas dos demais, que é unha declaración de voto cruzado, de voto de tódalas emendas duns grupos cara ós outros. Digo do Grupo Mixto e do Bloque porque o Grupo Parlamentario Socialista falou dunhas emendas que non existen, entón aí xa, señores, non é que sexa moi difícil, é que eu non teño nin o meu grupo parlamentario variña máxica para falar sobre o inexistente. O señor Rego estivo falando sete minutos dunhas emendas que non existen, que isto xa é cousa como para entrar nos anais deste Parlamento.

Señor presidente, a primeira das visións é a visión dicía das propias emendas, a visión que dende a maioría podemos achegar sobre as emendas dos grupos da oposición que digo fan moi difícil posturas de achegamento. Se o Grupo Mixto, por certo, imos ver se temos a mesma capacidade de interpretar o que lemos pero, ¿como di vostede que o señor ministro de Fomento di non sei que ou non sei canto das peaxes? ¿Que o señor ministro di que non se poden quita-las peaxes? ¡Home!, e o señor Cuíña e este grupo parlamentario.

Se vostede lle pregunta a este grupo cando propuxemos suprimir unha peaxe entre Santiago e Pontevedra ou entre Santiago e Ordes, pois, nunca. Se o señor ministro, lera vostede esa entrevista, falaba do que eran as autoestradas que se estaban a converter ou se converteron en vías de circunvalación, ou cando o señor ministro de Fomento, Álvarez Cascos, falaba das tramas urbanas, subliño literalmente, tramas urbanas, das autoestradas, verá vostede que o señor ministro de Fomento está a referir palabras escoitadas nesta

Cámara ó señor Cuíña Crespo e ó señor presidente do Goberno de Galicia. Sempre con máis ou menos éxito secundadas por este grupo parlamentario.

E se vostede pretende dicirlle, ó mellor ós habitantes da súa vila de residencia de que estamos tomando unha posición tépeda, pois mire, estamos tomando a posición e renovando neste acto parlamentario o compromiso de que estamos poñendo os medios para que rapidamente, nun medio prazo a peaxe da ponte de Rande, de onde vostede é veciño, pase a ser unha cuestión superada para os que alí habitan, para os que alí moran como un proxecto de futuro para o país.

As emendas, señor presidente, dicía a 13 e 18 minoran os proxectos en materia de urbanismo que son lexitimamente defendibles polo Goberno de Galicia. Non podemos asumir esas minoracións, e créditos minoran para proxectos xa realizados.

Tamén minoran partidas de conservación e estradas. As súas señorías entenderán que este grupo parlamentario ten que apoiar a sección 06 onde aparecen partidas para a conservación de estradas, máxime cando temos moitos máis quilómetros de estradas que noutros momentos.

Somos da opinión e as propias emendas falan, señor Pazos, de que non priorizan ben.

Mire, no concepto 740 vostedes minoran convenios ferroviarios. Convenios ferroviarios cando saben que o proxecto no que este país está involucrado de primeirísima categoría é a modernización interior do camiño de ferro, a conexión do eixo atlántico na alta velocidade e a conexión en alta velocidade coa Meseta e con Europa. E vostedes minoran eses créditos. ¿Saben, señoras e señores deputados, a cambio de que? Pois coa minoración do ferrocarril, é dicir, imposibilitando ó ferrocarril en Galicia, vostedes propoñen rexeneración de praias que son absolutamente respectables, pero, señor Pazos, entenda vostede que unha cousa fronte a outra é unha horrible, unha nefasta priorización do goberno que nos alonxa, por suposto das súas emendas.

O Grupo Socialista, que á parte dun discurso como lle dicía dunhas emendas que non existen, virá o señor Rego dicirnos que existen esas emendas, –a ver que nos diga onde están esas emendas– teño que dicir que hai uns puntos de coincidencia enormes. En calquera caso, os socialistas non tocan a política urbanística deste orzamentos en exceso, fan unha emenda cunha serie de criterios moi respectables, pero hai que dicir que non a tocan esencialmente, –o Bloque si o fai– e despois o 80% das emendas son con cargo á autoestrada Santiago-Ourense.

Vostedes non queren que Galicia poña cartos para a autopista Santiago-Ourense. ¿Vostedes que queren que fagamos? Vostedes queren que nos sentemos pacientemente e que algunha administración se compadeza de nós e constrúa unha infraestructura *(Murmurios.)* que compañeiros da súa señoría socialista querían converter nunha estrada convencional, pretendían poñernos unha nova sinalización vertical, poñernos unha nova pintura, cambiarnos algunhas curvas e con iso era suficiente. *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)*

Señores e señoras deputadas da oposición, con todo o que é criticable calquera opción deste goberno, saiban que cando un goberno autónomo como o goberno do señor Fraga e cando o señor Cuíña decide impulsa-la posta de créditos en conxunción co Ministerio de Fomento, estanse abrindo unhas novas políticas de construcción de grandes infraestructuras, que non teña dúbida a súa señoría que serán imitadas en moitos lugares do territorio español. Efectivamente, en lugares onde saiban prioriza-las súas grandes infraestructuras e non en lugares onde colegas de pensamento da súa señoría senten nunha chaira a esperar a ver se vén algún ministro bondadoso e dá algunha dádiva. Os tempos de dádivas remataron neste país e neste país son máis tempos de compromiso, tempos de concordia para as grandes infraestructuras.

Minoran partidas de conservación tamén e, dende logo, fan propostas insuficientes. Miren, minoran unha partida de conservación e din que queren arranxa-las estradas de Sanxenxo, ¿sabe o que nós queremos facer en Sanxenxo? Unha circunvalación e desdobrar unha autovía ¿Como me pode vostede comparar a circunvalación e o desdobramento da vía rápida do Salnés que se converterá nunha autoestrada? cómparao vostede co arranxo duns camiños. Pois, vaia vostede a Sanxenxo facer ese tipo de políticas que o noso compañeiro alí alcalde acabará tendo practicamente

tódolos concellos da vila, porque iso non son políticas homologables, son políticas de pequeno barrio as que se están a facer.

No caso do Bloque –e sigo, señor presidente, rapidamente intentando ver emenda a emenda– pois vostedes algúns créditos dos que minoran non son aceptables. É a nosa posición. Por exemplo, a 134 e 137, incidencias que temos que pagar con cartos que están na FCI, que hai que asumilos, que hai que pagalos, a súa señoría utiliza estas partidas para facer unha serie de propostas moi respectables, pero que non son créditos que se poidan suprimir. O Bloque non podería suprimilos en caso de estar gobernando. Partidas para realizar proxectos que son indispensables, hai nove emendas nese caso. E, por suposto tamén, a autoestrada Santiago-Ourense. E dicía, vostedes están en grandes infraestructuras, ¿pero como imos de Santiago ó Barco de Valdeorras? ¡Coño! Coa autoestrada Santiago-Lalín, porque o problema para ir de Cambados ó Barco de Valdeorras, señoras e señores deputados, non é ir por autoestrada dende Cambados ata Santiago, non é ir por unha vía rápida dende Lalín ata Monforte, non é ir pola boa estrada de Monforte ó Barco, o problema é entre Santiago e Lalín que tardamos unha hora e media. E esa é a infraestructura que a súa señoría está mirando. ¿Como solucionamos ese problema? Votando o noso orzamento, señor Trigo, votando as propostas que o Goberno lle fai nesta lei. *(Risos.)*

O Bloque propón con pouco rigor algunhas das emendas –señor presidente, e como non teño tempo, entro na segunda explicación– que xa non é a explicación do que pensamos que din as propias emendas, senón a explicación do que son as filosofías e os formulamentos que hai apriorísticos dos grupos da oposición e que nos enfrentan neste debate e non nos permiten chegar a acordos.

Vostedes nun grupo de emendas propoñen proxectos de rehabilitación onde vostedes presentan proxectos singularizados concello a concello, onde interveñen esas propias administracións locais, a xunta de administración local. E, dende logo, non establecen nin bases nin compromisos de colaboración. É dicir, *todo para el pueblo, pero sin el pueblo.* Esa é unha das políticas que se sabemos le-las emendas sabemos que vén detrás do PSOE. Señores do concello de aquí, como a Xunta o di, vostedes vano facer. Como a Xunta quere esta política urbanística, vostede vaino facer polo artigo 33 *y es el rey sol nacionalista de Galicia que nos dice lo que tenemos que hacer.* Esas son as políticas, léanse vostedes señoras e señores deputados, relean as emendas 12 e 13 e verán como isto nace nidio e que se ve con claridade meridiana.

No caso do BNG á parte deste desprezo ós concellos hai políticas disgregadas e non planificadas. Se collen as emendas hai 76 e 77 propostas concretas. É dicir, hai un funcionamento de partido en células que despois se transcribe ós presupostos, é dicir, para facer unhas emendas ós orzamentos parece que o Bloque Nacionalista Galego consultara a cada unha das células locais e lle enviaran un aluvión de emendas, cada unha desconexa das demais, sen existir ningunha planificación. Vostedes collen no orzamento as emendas do Bloque Nacionalista Galego e é unha amálgama de distintas e pequenas. Por poñerlles un exemplo, de 179 emendas que fai o Bloque, 83 desas 179 son pequenísimas actuacións que non teñen conexións as unhas coas outras.

Señor presidente, vou rematando para dicir que o Partido Socialista ten unha filosofía que, dende logo, non se cadra coa súa expresión de voto. O Partido Socialista polas súas emendas vén de apoiar o 80% das políticas gobernamentais. O Partido Socialista soamente ten unha gran discrepancia con este goberno que son os cartos que a Xunta de Galicia vai colocar para que exista autoestrada entre Santiago e Ourense e as demais só hai algunha pequena discrepancia e o 80% do orzamento está sen tocar.

Señores do Grupo Socialista, non nos pidan a nós que votemos unhas emendas, senón que fagan o favor...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASARES GONZÁLEZ: ...vota-las emendas do Grupo Socialista.

E remato, señor presidente para dicir que polo sentido do voto non é posible aprobar estas emendas. E non é posible porque mire, dicían en Comisión, aínda que non estamos de acordo dicían aquí, as emendas dun grupo da oposición con outros, imos votalas. ¿Saben, señorías, o que van votar? Mire, van votar

2.500 millóns menos para o ferrocarril galego. ¿E saben o que van votar, señores socialistas? Van votar dúas emendas a 140 e a 141 do Bloque que farían imposible o metro lixeiro de Vigo. Cóntelle vostede ós seus compañeiros socialistas do concello de Vigo cal é a posición coherente do Grupo Socialista.

Por certo, señor Trigo, cando eu llo conte aproveite vostede para explicarlle tamén ó señor alcalde, porque vostede lle sopra ó metro lixeiro de Vigo compromiso deste Goberno, compromiso dun deputado do Bloque que é a segunda contradicción...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASARES GONZÁLEZ: ...non soamente as subas de salarios no concello de Lugo onde vostedes preconizan un 2% coa oposición dos traballadores, aquí preconizan un 4% ou 5%, senón tamén que vostedes no concello de Vigo están a manter unha política e o Grupo Parlamentario do Bloque nesta Cámara tíraa por terra e vai facelo –espero que non, aínda están a tempo– co apoio do Grupo Socialista o que é dobremente lamentable. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Casares.

Réplica dos grupos que presentaron emendas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra o señor Pazos Varela.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señorías.

Señor voceiro do Grupo Popular, dende logo, falar non ten cancelas, como moito a algúns falares habería que aplicarlles peaxes, a iso si que habería que aplicarlle peaxes e non, evidentemente, ás comunicacións.

Ben, empezou vostede falando dun magnífico deputado do Grupo Popular que lle dera bos consellos. Non sei, supoño que pode haber magníficas persoas no Grupo Popular e magníficos deputados, este deputado aínda non escoitou ningún nesta Cámara. De verdade, dígoo con toda a cordialidade. *(Murmurios.)*

Tamén falaba... –magníficos deputados en canto a deputados, non en canto a persoas, evidentemente– ...falaba tamén o señor Trigo da *non nata* Comisión de seguridade vial. Efectivamente un xa sabe que o Grupo Popular cando quere frear algo crea unha Comisión e pon a unha determinada persoa na presidencia. As comisións que teñen a determinada persoa na presidencia, esas non funcionan nunca e hai dous exemplos Benposta e Seguridade Vial neste Parlamento que nos ilustran ben.

Pero agora en serio. Señor Casares, falou vostede de falta de rigor parlamentario nas nosas emendas. Emendas que son concretas, que priorizan investimentos e que as territorializan. ¡Home! díganos que estamos equivocados. Dígalle vostede, por exemplo, ó gran amigo do señor Cuíña, ó alcalde Cangas, ó alcalde de Moaña que investir na comarcal 550 non é necesario ou non é prioritario, dígallelo. E dígallelo alí, sexa vostede valente. Pero cando van alí non din iso, din que é prioritario pero logo non o fan. Polo tanto, falta de rigor, señor Casares, será esconderlle á cidadanía deste país en que se van investir o 60% dos orzamentos de investimento desta consellería. Iso é falta de rigor parlamentario. Falta de rigor parlamentario é ter máis da metade do orzamento de carácter xeneralista para que o conselleiro o venda e revenda por tódolos currunchos do país sen ter licencia de vendedor ambulante. Señor Cuíña, que por riba é vostede fraudulento, dedícase á venta ambulante sen ter licencia para iso, porque me supoño que non a terá.

Que nos cargamos a planificación e a priorización do Goberno. ¿U-la planificación e esa priorización?

Mire, eu a única priorización que vexo, de verdade, é escaquear 3.500 millóns de pesetas á cidadanía galega para as necesidades de vertebración do noso país e regalarllas ó señor Álvarez Cascos para eludi-la súa responsabilidade. Pero, imos ver. ¿Aquí cada administración non ten as súas competencias? ¿De quen é competencia a autoestrada Santiago-Ourense, neste caso Santiago-Dozón, primeira fase, de quen é competencia? Porque se é competencia, se fose competencia da Comunidade Autónoma ben, que nos transfiran as obras de interese xeral e que nos doten dos orzamentos necesarios para afrontalas. Pero o problema é que é competencia do Ministerio de Fomento pero nós máis dadivosos que ninguén regalámoslles os cartos dos que tan necesitados estamos para acometer unha obra que é da súa exclusiva competencia.

Peaxes, señor Casares, peaxes. Efectivamente, miren aquí a demagoxia alcanza xa o cume máis alto. Demagoxia fíxoa o señor Rajoy vicepresidente do Goberno, –non mo vaia negar agora vostede– cando nas vísperas das eleccións xerais dixo: Se gobernamos suprímese a peaxe de Rande e suprímese a peaxe A Barcala-A Coruña.

Eu creo que está gobernando o Partido Popular, ou estou trabucado, –en Madrid, digo– e non se suprimiu peaxe ningunha. Dígame vostede en serio, señor Casares, ¿vano suprimir cando vaian se-las eleccións autonómicas? Porque se me din que si, ben, pois déixanme tranquilo.

Pero ben, eu oíndo ó señor Casares, señor Cuíña, hoxe non vou pagar na peaxe de Rande, non vou pagar, voume declarar insumiso e vou da-lo nome e apelido do señor Casares. Vou dicir, cóbrenlle ó señor Casares, porque segundo el xa non hai peaxes.

Home, por favor, sexa serio porque levan vostedes anos *mareando la perdiz* das peaxes. E logo non me diga vostede que detraémo-los cartos de proxectos urbanísticos, de conservación de estradas, claro, pero para investilos no mesmo. Detraemos diñeiro de partidas xeneralistas en materia de urbanismo para poñerlle nome e apelido en obras de materia de urbanismo. Detraemos diñeiro de partidas para a conservación de estradas pero para dicirlles a vostedes hai que reparar esta estrada, esta estrada, esta estrada e esta estrada. E dicir, estámoslle priorizando onde teñen vostedes que investir.

E, repito, que antes non estaba o señor Cuíña, precisamente naqueles sitios onde o señor Cuíña xa vendeu esas obras pero non ten pensado acometelas.

Señor Cuíña, ¿é certo ou non que vostede en Moaña vendeu unha actuación complexa e completa en materia de comunicacións do Morrazo? ¿Si ou non? ¿U-los presupostos desa obra? ¿Onde están? Un anteproxecto para un corredor, pero que todo sistema de comunicacións ¿onde está contemplado? Na súa cabeza.

Había un político, hai un político que se senta aí que lle cabe o Estado na cabeza, a vostede eu creo que non lle caben nin as estradas, señor Cuíña. Polo tanto, por favor póñamo nun papel, adquira o compromiso coa cidadanía poñendo as obras que vostede promete nun papel. Asine un contrato coa cidadanía que eses son os orzamentos, o resto é palabrería barata e venda de fume electoral e máis neste ano vespera e de eleccións.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Pazos.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señor presidente, señorías.

Certamente, señor Casares, eu non podo deixar de recoñecer que a súa intervención certamente é simpática. Non podía ser doutro xeito porque vostede dixo que eu non falara das emendas, que falara dos presupostos, claro se os presupostos foran bos non faría falta emendalos, nós non os emendariamos, nós somos absolutamente responsables. Emendámo-los presupostos naquelas cuestións que nos parece que non son de recibo. E non é de recibo, señor Casares, que vostede veña aquí a defende-lo presuposto dunha consellería que remite ó Parlamento o 60% do presuposto sen priorizar. Non parece que sexa moi de recibo, polo tanto, hai que tomalo a vostede de broma, non se pode tomar outra cousa.

E hai que tomalo a vostede de broma, señor Casares, cando vostede no nome do principal grupo deste país, no nome do Partido Político que ten o maior apoio dos cidadáns deste país polo de agora, señor Casares, non é de recido que vostede veña aquí frivolizar con 3.500 millóns de pesetas dos impostos de tódolos galegos que van dirixidos única e exclusivamente neste presuposto a cubrir unha responsabilidade do Goberno central.

Pregunteille a vostede, dígame unha soa comunidade autónoma de España que teña feito iso, que teña feito esa temeridade de goberno, unha soa. Nin unha, señor Casares. Actuación exclusiva do Goberno central.

E vostede falounos do ferrocarril, claro que si, vostedes poñen máis de 2.000 millóns de pesetas para

Renfe, para o ferrocarril, competencia exclusiva da Administración central, señor Casares, mentres tanto esa Administración central para o tren –que lle chaman vostedes de altas prestacións da Galicia– pon 45 millóns de pesetas. Esa é a diferencia; 2.000 millóns de pesetas dos impostos de tódolos galegos e responsabilidade grave de goberno contra 45 millóns de pesetas, gran regalo do señor Cascos, para o que lle chaman vostedes tren de altas prestacións a Galicia e que, polo visto, van asinar vostedes un convenio que vai ser a *madre del cordero* en titulares de prensa, pero que van condenar ós galegos a ter un tren de segunda ou terceira categoría a diferencia do que van ter a Cataluña, a Valencia ou que teñen xa a Andalucía, señores. Ese é o problema.

A iso, é ó que están condenando vostedes este país, señor conselleiro. Esa é a súa responsabilidade. Responsabilidade na que nós lle dixemos por activa e por pasiva a nosa disposición a axudarlle, ¿a axudarlle a que? O mesmo que foi posible cun goberno socialista en España que vostedes gobernando en Galicia puideran asinar un convenio para construí-las dúas autovías, señor conselleiro, as dúas autovías sen poñer dos impostos de tódolos galegos nin unha soa peseta, señor conselleiro, nin unha soa, dígame vostede ¿que ten máis de interese xeral a comunicación entre Santiago e Ourense o día que se faga? señor conselleiro ¿dígame que ten máis de interese xeral que ten a comunicación entre Lugo e A Coruña? Explíqueme isto. Porque claro, para o goberno socialista que non era amigo, dicía o señor Fraga, para eses o interese xeral levábao a pagar o 100% e que non puxera nada o Goberno galego.

Claro para o goberno amigo do señor Cascos e do señor Aznar e do señor Fraga tódolos galegos temos que pagar 10.000 millóns de pesetas por un tramo de autoestrada ata Lalín e despois paga-la correspondente peaxe. Esa é a diferencia de que goberno o Partido Socialista ou de que gobernen vostedes. Non lle estou dicindo aquí nin inventado nada. O problema no é que isto o dixera eu en representación do Grupo Parlamentario Socialista, o problema é que o din vostedes cos seus feitos e sófreno os galegos con cargo ós seus impostos. Ese é o problema, señor conselleiro. Ese élle o tema.

E as nosas emendas, ¿que pretenden? Corrixir esa desorde, axudarlle a vostede a que o corrixa e diso debía estar vostede tremendamente contento porque non sempre se atopan grupos na oposición con este nivel de responsabilidade. E, fíxese vostede, que mesmo ata iso pretende que se volva en contra nosa.

Fíxese que a crítica máis feroz –ata incluso descalificadora nalgúns casos–, fíxoa o seu portavoz contra quen segundo el presenta unhas emendas que mostran algún tipo de acordo mesmo o que vostede remite ó Parlamento. Ou sexa, se mostramos acordo malo; se se vende moito e non se mostra acordo, se lle reduce a vostedes cantidades que remiten ó Parlamento cunhas eleccións concretas, malo tamén. É malo todo.

Miren, vostedes queren xustificar un rodillo impresentable, que xa non se aplica en ningún sitio con maioría ou sen maioría. Os gobernos e a oposición son capaces de chegar a acordos. Ou se non, señor conselleiro, dígame vostede, ¿como é posible que vostede non pode chegar a un acordo na aceptación dunha soa emenda cun grupo parlamentario que non detrae nin unha soa peseta de partida ningunha que vostede dedicou aquí cun fin concreto, nin unha soa peseta? ¿Como se pode explicar iso?

Así, señor Casares, entendo que a súa intervención pode ser máis ou menos simpática, pódenos facer máis ou menos gracia, pero, desde logo, o que é é absolutamente irresponsable.

Nada máis e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Rego.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque ten a palabra o señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: Señorías, señor Casares, o mellor do discurso é o que improvisou, o que non ensaiou, o ¡coño! Iso foi o mellor do discurso, se o chega a ensaiar reñeríalle ó espello. Reñeríalle non o podería dicir. Iso foi o mellor do seu discurso.

É vostede un deputado moi pouquiño rigoroso, vostede que vén aquí e enche a boca co rigor. E voulle explicar por que.

Mire, na sesión de Comisión, señoras e señores deputados, o señor Casares reservouse para explicarnos aquí as emendas, non quería entrar nelas, non entrou. Polo tanto, o señor Casares impediunos debater con el e estábanos reclamando debater.

Señor Casares, neste trámite e no anterior trámite o Bloque Nacionalista Galego presenta 179 emendas e a elas estívenme referindo bloque a bloque, unha por unha. E demostrei que a política da consellería da que é titular este señor que aquí está, é unha auténtica desfeita en materia de planificación e ordenación territorial que é a primeira función que ten. Unha desfeita, unha inutilidade e, senón que responda diante deste Parlamento por que durante o seu mandato de dez anos pode pasa-lo que pasa en Cacheiras, que o diga, que se levante e que o diga. E pasa porque é inútil en toda a materia de planificación e ordenación. Que explique por que a pesar do chapapote, dos firmes e dos pavementos é posible que a onde chegan as estradas, curiosamente, desertízase igual o país. ¿Para que serven as infraestructuras que fai este cidadán?

Que explique, que pasa cos portos de Galiza, que o explique. En definitiva, necesitariamos que comparecera moito en Comisión este cidadán que nunca comparece en Comisión e menos aquí con chistes baratos e nunca fala absolutamente de nada.

Señor Casares, o Despotismo Ilustrado non o practicaba o Sire. O Sire era o Rei Sol, Luis XIV, non o practicaba el. O Sire non era iso, era un borbón da restauración borbónica, don Carlos III era o que dicía: *Todo para el pueblo y sin el pueblo*, Despotismo Ilustrado.

Pero entra vostede nunha contradicción continua, porque curiosamente El Rei Sol fai *todo para el pueblo sin el pueblo*, segundo vostede Carlos III –o da Porta de Alcalá, esa canción deses cidadáns que a vostede lle gustarán tanto, aquí hai a Porta Faxeira para falar dela–, pois, curiosamente vostede despois di, parece que as emendas están feitas chamando ás células –non hai células no BNG, hai asembleas– as asembleas do BNG que nos mandan o recado. ¿Como era? ¿Era co pobo ou era sen o pobo? Fálanos de que as emendas, señoras e señores deputados, o rigoroso Casares, fálanos de que as emendas teñen que ter por escrito os planos, os acordos cos concellos.

Vostedes ven que onde se fala aquí de acordos cos concellos nas propias partidas dos orzamentos, dígase onde está. ¿E que vostedes cren que nós podemos escribir aquí un plano plurianual? Pero, señor Casares, mire, a trécola parlamentaria de falar barato como vostede para a feira non serve para nada.

E voulle dicir unha cuestión pola que vou... *(Murmurios.)* Non se poñan así que vostedes parece que poden dicir o que queiran e os demais teñen que calar. Dígolle que a vostede nin caso, nin caso. Vostede significa...

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, por favor. Señor Trigo, non dialoguen.

O señor TRIGO DURÁN: ...o peor da política, nin caso.

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, non dialoguen. *(Murmurios.)*

O señor TRIGO DURÁN: A vostede nin caso.

Sigo.

O señor PRESIDENTE: Señor Trigo, non dialogue por favor.

O señor TRIGO DURÁN: Estou tranquilísimo, non se preocupe.

O señor PRESIDENTE: Non interrompan ó orador. Non interrompan, por favor.

O señor TRIGO DURÁN: A personalización da política haina que facer cando se din determinadas frases.

En definitiva, ía rematar xa antes de que me interromperan. Señor Casares, é vostede o Robespierre do PP.

Nada máis e moitas gracias. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Trigo.

Procedemos a votar.

Ocupen os seus escanos por favor.

Imos votar en primeiro lugar as emendas que foron presentadas polo Grupo Parlamentario Mixto á sección 06 que é a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Foron presentadas emendas entre a 13 e a 47 ambas inclusive.

¿Hai algunha solicitude de votación por separado?

Procedemos a votar entón.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 22; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, estas emendas quedan rexeitadas.

Señor Casares, o seu voto era afirmativo, fágase constar.

Procedemos a vota-las emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista que son da 13 á 31, ámbalas dúas inclusive.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, estas emendas quedan rexeitadas.

Votamos agora as emendas presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que son da 1 á 179, ámbalas dúas inclusive.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, estas emendas quedan rexeitadas.

Efectuada a votación de tódalas emendas presentadas á sección 6ª, procede a votación dos orzamentos a dita sección.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, os orzamentos da sección 06 quedan aprobados.

Polo tanto, quedan aprobados os orzamentos da sección 06 que é a Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda.

SECCIÓN 07 (CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA).

O señor PRESIDENTE: Para a defensa das emendas ten a súa rolda, polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Pazos Varela.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señorías... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor. Gracias.

O señor PAZOS VARELA: Hai uns *corrillos* aí fóra para falar que están moi ben, moito mellor que o hemiciclo, creo eu.

Señor presidente, señorías, dicía que o Grupo Parlamentario de Esquerda de Galicia presenta 29 emendas ós orzamentos da Consellería de Educación que van dedicadas, como non podía ser menos, a mellorar ostensiblemente, desde o noso punto de vista, o que debe se-lo servicio educativo que presta a rede de centros públicos, é dicir, a defensa do ensino público e das prestacións que este debe dar como garante do acceso en pé de igualdade á cidadanía deste país, a este servicio tan importante como motor que é da sociedade.

Falaba o conselleiro na presentación dos orzamentos, que falando de educación xa debiamos deixar de falar de cantidade. É dicir, efectivamente, a LOXSE está no remate da súa implantación e os problemas que hai de natalidade neste país, probablemente sexa o momento de non falar de cantidade, senón de cualidade. Nesa filosofía estamos total e absolutamente de acordo co conselleiro.

Pero claro, todo iso contradise despois cando un colle o papel dos orzamentos e ve que de cualidade nada. Os orzamentos dedicados a educación no que respecta á rede de ensino público, seguen sendo insuficientes, pero iso si, ó mesmo tempo aumentan considerablemente, mesmo en progresión xeométrica, os orzamentos destinados á concertación con centros privados. Mesmo, mesmo –e aí é onde entra a nosa discrepancia– naquelas etapas de ensino non obrigatorias que nin sequera están atendidas na rede pública. Falo por exemplo, é un exemplo, da educación infantil onde non está escolarizada na rede pública toda a nosa poboación por problemas por exemplo de transporte entre outros, e, en cambio si que se dedican cuantiosos orzamentos á potenciación do ensino privado.

Por iso, como non podía ser menos, as nosas emendas definen o que sería en caso de ter responsabilidades de goberno, evidentemente, a nosa política educativa: potencia-lo ensino público para que, efectivamente, haxa ese pé de igualdade tan predicado á hora de que a cidadanía poida elixir unhas prestacións ou outras. Porque, dende logo, non existe liberdade de elección que tanto preconiza o grupo que apoia ó Goberno, se dúas partes non compiten en igualdade de condicións. E todos vostedes saben que neste momento non é así nin moitísimo menos. Por iso, tódalas emendas van destinadas a mellorar as prestacións da rede pública de centros, é dicir, do ensino público en Galicia.

Así hai unha serie de emendas que obedecen á xa vella teima deste deputado de defensa do que son o comedor e o transporte escolar. O comedor como actividade educativa, non o comedor como servicio de mínimos de beneficencia ou daquel alumnado que vive lonxe e non pode ir comer á casa, non. O comedor como un servicio que debe prestar toda a rede de centros porque, primeiro, é un servicio educativo de primeira necesidade e, segundo, é unha demanda social hoxe que evidentemente e por sorte, evidentemente, hai moitas parellas que os dous traballan fóra da casa e que, polo tanto, teñen necesidade dese servicio e que a rede pública non llo presta a non ser que asuman a responsabilidade as asociacións de nais e pais ou os propios claustros de profesores. Polo tanto, é unha demanda que cómpre atender dunha vez e por iso pedimos partidas importantes para a implantación de comedores escolares en toda a rede de centros públicos.

Tamén temos unha partida importante para a mellora do transporte escolar. Cánsase o señor conselleiro de repetirnos sempre que hai algunha iniciativa ou algunha interpelación que o transporte escolar está cuberto. Efectivamente, podemos estar de acordo, o transporte escolar está cuberto. Non hai nenos e nenas que deixen de estar escolarizados por non ter acceso ó transporte escolar. O problema non é que está cuberto, o problema é como está cuberto, en que condicións. Pois está cuberto por exemplo con liñas de autobuses tendo que dobrar horarios e, polo tanto, indo en detrimento do servicio educativo. Porque non hai autobuses suficientes porque segundo as empresas o convenio que teñen con Educación é insuficiente. Está cuberto sen acompañantes nos autobuses e, polo tanto, con claro perigo para os conductores e para os propios usuarios e usuarias do servicio de transporte que neste caso é o alumnado.

Ou, por exemplo, o transporte escolar non cobre as actividades extraescolares, polo tanto, hai nenos e nenas deste país que non están en igualdade de condicións con outros que viven ó pé do centro e, polo tanto, poden participar nas actividades extraescolares porque non teñen que desprazarse e en cambio outros viven a dous, tres ou catro quilómetros e non teñen medio de transporte, non poden participar en actividades extraescolares, por exemplo, pola tarde. Co que, velaí a famosa igualdade preconizada polo Grupo Popular.

Hai tamén unha partida moi importante, 6.000 millóns de pesetas nada menos, destinada á gratuidade dos libros de texto. Velaí teñen unha garantía de acceso en pé de igualdade ó ensino a gratuidade dos libros de texto, para nós é unha aposta fundamental. Por iso destinamos unha partida tan importante non é unha partida menor. É unha partida importante pero é nece-

saria e imprescindible para poñer en marcha un plano de gratuidade dos libros de texto e outro material escolar. Porque, evidentemente, hoxe para moitas familias supón un gasto importantísimo ter que pagar do seu propio peto, dos seus cativos salarios ou dos seus medianos salarios o que é o libro de texto e o que é o material escolar de varios fillos ou fillas. Esa si é unha medida ó mellor para potencia-la natalidade e non outros premios para cueiros que se dan desde outras consellerías.

Tamén para bolsas para estudiantes, para implantar dunha vez e seriamente desde Educación unha rede de educación infantil de 0 a 3 anos. Hoxe non está atendido para nada o sector de 0 a 3 anos e os poucos centros que hai dependen da Consellería de Familia nun exemplo clarísimo de non planificación e de desidia, cando é evidente que tódolos centros educativos deberan depender da Consellería de Educación porque senón sobra o conselleiro e sobran moitísimos altos cargos que ten no seu gabinete o tal conselleiro.

Tamén solicitamos aumenta-las partidas destinadas á fomación do profesorado que nos parecen escandalosamente insuficientes, o incremento dos PACS na educación infantil e primaria onde se lle está pedindo ó profesorado que cumpra funcións que van dende conserxe ata administrativo, cando evidentemente non entra dentro das súas obrigas, pero aquí todo se carga á boa vontade do profesorado que por sorte temos uns grandes profesionais no ensino, porque senón as cousas andarían doutra maneira. Pedimos un incremento en xeral nos equipamentos dos centros, en tódalas etapas educativas tanto nos centros de infantil e primaria con equipamentos insuficientes, como nos de secundaria, educación especial ou ensinanzas artísticas.

Pedimos unha mellora ostensible tamén nas partidas destinadas a gastos de funcionamento dos centros que non teñan que andar racaneando para poder tirar adiante, para poder funcionar con dignidade. Así como unha mellora tamén no PRAM, nos Planos de Reforma, Ampliación e Mellora dos centros que moitos deles, non vou dicir que a situación sexa catastrófica, non o é; pero moitos centros e mesmo a portavoz en Educación do Grupo Popular teno recoñecido en Comisión, moitos centros necesitan melloras ostensibles para poder adaptarse ó que ten que ser un ensino de calidade.

Pedimos un aumento nos programas de garantía social. Señorías, non se está tomando en serio os programas de garantía social, pero logo, enchen a boca falando de fracaso escolar no alumnado de secundaria que non chega á postobrigatoria. Pois ben, ese fracaso pode paliarse en parte con programas de garantía social que garantan o acceso do alumnado que non dá superado esa etapa, que garantan o acceso a un ensino que lles permita logo situarse no mercado laboral e non andar paseando polas beirarrúas sen ter nada que facer ou caer en problemas de máis difícil solución.

Pedimos a creación e dotación, que non existe, globalmente de aulas de tecnoloxía e de música nos centros do ESO. Aquí adaptáronse moitos centros a correr, pero moitos deles non se dotaron das instalacións suficientes para imparti-lo ESO con garantías.

Pedimos, por fin, obras en centros concretos de ampliación, por exemplo en Cambre, Vigo, etc.

Pedimos un apoio decidido ó ensino da música, co apoio decidido ós conservatorios superiores, ós conservatorios de grao medio ou coa colaboración cos concellos nunha dotación moito maior para as axudas a conservatorios de grao medio, de grao elemental e escolas de música.

Falaba o conselleiro non me acordo agora mesmo de canto é a partida, pero é ridícula, que aumentara o 1.000% ou algo así. Claro pasou de 4 ou 5 millóns a 20 millóns. Iso é totalmente ridículo e insuficiente tendo en conta o gran labor que están a facer nas vilas do noso país e nas cidades do noso país os conservatorios e as escolas de música que significan unha saída para aquelas persoas que realmente queren acceder ós estudios musicais.

Evidentemente, facemos un plano paralelo e alternativo ó que nos presenta o Goberno. E, ¿de onde detraémo-lo diñeiro? Xa o dixen antes. ¿De onde o iamos detraer? Evidentemente de onde se malgasta. Non se lle pode poñer tellado bonito a casa allea e telos cementos da nosa sen consolidar.

Polo tanto, señorías, eu non ataco á concertación e non ataco ós centros concertados. Os centros concer-

tados cumpriron unha función fundamental cando a rede pública non daba cobertura a toda a demanda educativa que se producía na sociedade. Hoxe hai prazas no ensino público, por desgracia a nosa natalidade ten taxa negativa e, polo tanto, hai prazas cada vez máis na rede pública, mesmo –palabras do conselleiro que eu non comparto– sobran profesionais. Eu creo que non sobran, pero en palabras del si sobran.

Ben, hoxe daquela a función dos centros concertados non é a mesma, pero nin así. Eu pido ou detraio o diñeiro das partidas destinadas ós centros concertados nos tramos de ensino non obrigatorio e que polo tanto non hai obriga ningunha de subvencionalos. Igual que na pública están sen atender.

E eu creo que é realmente esperpéntico –e permítanme que utilice este adxectivo teatral– ter unha rede de infantil que non atende ás demandas dos nenos de 3 á 5 anos na rede pública, mentres se regala diñeiro para ese mesmo tramo de idade na rede privada. Iso non é de recibo e iso ademais non ten xustificación ningunha.

Polo tanto, sinceramente cremos que o obxectivo prioritario do Goberno da Xunta de Galicia é atendelas necesidades da rede pública galega. Se esas necesidades estivesen atendidas en condicións, se a oferta desde a Administración, non cargándoa nos ombros dos profesionais, se a oferta desde a Administración estivese realmente no lugar que lle corresponde, doutras propostas educativas habería que falar. Pero iso non é así, as eivas e as carencias son grandísimas e, polo tanto, non se pode permitir malgastar o diñeiro cando non están cubertas as necesidades básicas.

Por iso presentamos estas 29 emendas que cremos sinceramente, señorías, que non estamos equivocados. Melloran ostensiblemente a dedicación do goberno de Galicia á rede pública, ó ensino público e ó mellor ata algunha pode sobrar pero, dende logo, este deputado non cre que sobren as 29 e en cambio sabe positivamente que van ser rexeitada as 29 co peregrino argumento de que nos cargariamos ós centros concertados cando sabe perfectamente que non é así. Sume... Non me van aprobar todas evidentemente pero aínda que no caso impreciso dun delirio colectivo e que vostedes mas aprobaran todas, porque senón sería imposible, aínda así sume as cantidades e verá que non me cargo os centros concertados porque vostedes destinan moito máis diñeiro que todo iso para ese ensino. E teñen desatendida a propia casa. O que é obriga prioritaria dun goberno, atender desde a rede pública as demandas básicas da cidadanía.

Fagan iso e entón o debate daquela, señorías, sería outro, mentres ten que moverse nestes parámetros porque son os parámetros nos que vostedes teñen o ensino público do país.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Gracias, señor Pazos.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, señorías, cativo o número pero representativo de señorías neste momento para falar de algo tan importante como é a política educativa.

Eu quixera comezar facéndolles unha reflexión de actualidade porque nestes días vénse de publicar nunha prestixiosa revista española de economía, Papeis de economía española que edita un organismo nada sospeitoso de parcialidade ideolóxica cando menos coa oposición como é a Confederación Española de Caixas de Aforro, dedícase un número monográfico a algo que este deputado no nome do seu grupo ten presentado aquí dende esta tribuna numerosas veces que é a relación, a estreita relación, entre capital humano e benestar económico, e este deputado e este grupo teno feito, precisamente, na demanda de maiores compromisos na formación de capital humano.

Pois ben nese número monográfico previsto de gran prestixio, escrito fundamentalmente por economistas e sociólogos, analízase en profundidade esa relación e vénse a concluír no que sempre, máis ou menos dende a oposición se está a dicir.

O sorprendente nese número é que finaliza nun interesante artigo asinado nada menos que pola ministra de Educación, Cultura e Deportes do Estado español, a señora Del Castillo, que fai unhas atinadas reflexións. Tan atinadas que se veu na obriga de retira-la súa sinatura en canto ese número foi publicado, por-

que parece ser que entraba en contradicción o que ela asinaba co que ela facía a cotío dende o seu despacho ministerial.

E, sen embargo, o que está escrito segue sendo interesante e segue tendo gran validez, aínda que agora parece que foi escrito non por ela persoalmente senón por un colaborador.

¿Que nos di nese artigo a señora ministra? Pois di por exemplo, e afírmao nada menos que a ministra do Estado, di que o investimento en ensino secundario en España é o 40% menor da media europea. Tamén di que é menor o investimento noutros niveis como é o ensino universitario, o ensino obrigatorio, etc. Pero o 40% no ensino secundario menor que a media europea e iso tamén acontece en Galicia.

Di a señora ministra nese artigo que en España neste momento abandonan o 25% dos estudiantes no ensino secundario. Que a proporción entre estudiantes de Formación Profesional e Bacharelato é a contraria do que o ocorre na Unión Europea, é dicir, temos máis estudiantes en Bacharelato que nos ciclos formativos profesionais. E di que na universidade española un tercio dos matriculados abandonan os seus estudios o que volve a incidir no aspecto da ineficiencia do sistema educativo que este grupo ten suscitado en distintas ocasións. Palabras atinadas que subscribimos da ministra de Educación do Estado.

Outro dato recente, tamén dunha publicación do Estado, do Goberno do Partido Popular, publicación que está accesible no centro de documentación do ministerio de Educación que fala de cal é a situación de escolarización neste momento en España e nas Comunidades Autónomas a respecto de Europa. E onde veñen a dicir e a demostrar citando fontes que son as comunitarias, a rede Euridice e os observatorios de cada Estado, veñen a demostrar que en España estamos moi lonxe de acada-los parámetros máximos de escolarización dos países máis desenvolvidos de Europa. E mesmo que Galicia estase quedando descolgada a respecto das comunidades máis adiantadas. Lástima que o señor conselleiro de Educación non nos honre coa súa presencia nestes momentos do debate para que puidera asentir ou cando menos explicar estes datos. Porque ese informe do ministerio di o seguinte, que xa foi tamén suscitado por este grupo nestas ocasións. Di, por exemplo, que os estudiantes de sete anos de idade aquí xa están a recibir 35 horas menos de clase ó ano que os estudiantes desa mesma idade en Francia. Pero que cando chegamos ó ensino secundario se nos comparamos por exemplo con países como Holanda a diferencia chega a ser de 200 horas anuais, chega a ser de case un 20% de diferencia.

E se falamos dentro do Estado español, no momento actual a diferencia de días de clase entre o que recibe un estudiante de Galicia en ensino secundario e o que recibe un estudiante de Cataluña é nada menos que de 12 días, e con respecto ó País Vasco de 11 días. Señor conselleiro, son fontes do ministerio, Cide, Euridice, etc., para o seu coñecemento.

É dicir, que a situación en Galicia está retrocedendo con respecto ás comunidades máis desenvolvidas e que no conxunto do Estado español –di a propia ministra– estamos a gran distancia en investimento, en horarios, en dedicación da media comunitaria. Pois ben, neste contexto do Estado e neste contexto comunitario, discutimos estes orzamentos; orzamentos que son os últimos desta lexislatura e os orzamentos que son os últimos que ata o momento ten presentado aquí o Partido Popular.

E, ¿que ten ocurrido en todos estes anos de goberno popular en Galicia? Pois que agás dous ou tres exercicios económicos no resto dos exercicios os investimentos en Educación foron regresivos e este en concreto é moi regresivo.

É regresivo porque o orzamento medra menos –tres puntos menos– que o orzamento total da Xunta de Galicia. O orzamento da Xunta medra oito puntos, o da Consellería de Educación cinco. Pero, sobre todo, é regresivo porque minoran os investimentos. O ano 2001 o ensino galego vai recibir menos investimentos que no ano 2000. No ano 2001 os centros de ensino en Galicia van recibir menos cartos para cartos de funcionamento que no ano 2000. Estamos, por tanto, ante unha reducción do esforzo cando segundo eses datos e segundo o recoñecemento da propia ministra deberiamos estar no camiño contrario, deberiamos estar incrementando o gasto, incrementando o investimento en capital humano. Nada diso se fai. E nesas condicións, evidentemente, estes orzamentos

non poden dar conta das necesidades que están presentadas.

Lembremos algunhas, algunhas das que se fala a cotío tódolos días. Lembremos por exemplo cal é a situación no ensino de idiomas no noso país. Señor conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, ó día de hoxe –segundo as cifras da propia consellería– só catro de cada dez estudiantes no primeiro tramo do ensino obrigatorio, reciben ensinanzas de inglés. Comparen iso cos datos de Holanda que lles dicía hai un momento.

Evidentemente, Holanda, xa llo dixen, 200 horas ó ano máis e máis investimentos, e en educación, Galicia... así estamos.

¿Alguén vai compara-los niveis de competencia linguística dos xoves holandeses cos xoves galegos? Ese é o problema, señor conselleiro, e iso é o que non se vai resolver nestes orzamentos que estamos a discutir.

E, se non lles gusta que falemos de idiomas, pois falemos doutras áreas se lles parece.

Falemos, por exemplo, das cuestións relacionadas coa ineficiencia do sistema. Falemos do fracaso escolar. Estamos en taxas de case o 30% no ensino obrigatorio. ¿Que medidas se propoñen nestes orzamentos? Resposta, ningunha. Non hai medidas previstas para afrontar isto, non hai medidas, por exemplo para desenvolver unha rede de centros ou de ensinanzas de garantía social que faciliten a incorporación ó mundo laboral, absolutamente nada. Ben, cuestións simbólicas, evidentemente. Non hai unha rede alternativa que dea unha segunda oportunidade ás persoas que saen do sistema educativo, centros de adultos ou como queiran, nada diso se contempla.

Se falamos de ensinanzas artísticas, pois en fin, había pouco e acaban de reducilo exactamente á metade.

¿Como vai ser posible que neste país agromen vocacións artísticas nestas condicións de penuria? As condicións de penuria que propón Educación e as que logo, día a día, reitera cultura no seu quefacer cotián.

En fin, señor conselleiro, que estas son as cuestións fundamentais.

E se falamos de universidade non quero deixar de lembrar que dende hai anos, as universidades galegas están agardando a que a consellería teña a ben abrir un debate sensato, racional e, a ser posible, que chegue a algún punto, sobre algo tan interesante e tan necesario como as titulacións que teñen que impartir. Porque é moi interesante abri-los xornais e atoparse con que o 10% da oferta de prazas en primeiro curso de carreira universitaria queda vacante e que dentro de tres anos en lugar de 10% será o 30%, pero é menos interesante vir aquí no momento da verdade dos orzamentos e comprobar que non hai ningunha planificación nin previsión para abordar un novo mapa de titulacións que corrixa disfuncións, propoña os novos títulos, desenvolva dun xeito coherente as titulacións propias, etc. É dicir, non hai unha política universitaria máis aló dunha política de transferencia de financiamento.

En fin, que esta é unha situación dende o punto de vista das necesidades do país, profundamente insatisfactoria e que, dende logo, tería que ser corrixida do único xeito posible. O único xeito posible é mediante o incremento dos orzamentos desta consellería.

E por iso sería unha contradicción que agora este grupo, logo desta crítica xeral, imos minorar determinadas partidas para facer o que non fai a consellería. Non, señor conselleiro.

A nosa crítica fundamental a estes orzamentos é que son insuficientes, que son insatisfactorios, que non responden ás necesidades actuais do país, dito por este grupo, dito pola sociedade española e dito ata polos responsables do ministerio que, como vostedes coñecen perfectamente, tamén pertencen ó Partido Popular. Porque son datos obxectivos.

As necesidades de ensino, as demandas de formación neste país, non están neste momento suficientemente atendidas, suficientemente garantidas por estes orzamentos, pero como o trámite parlamentario esixe que malia a todo se fagan algunhas emendas, ten presentado este grupo un pequeno conxunto de emendas simbólicas e representativas. Simbólicas e representativas de tres dos problemas que acabamos de dicir.

Un problema que nestas condicións de necesidades profundas no sistema educativo a consellería está a manter e a facer que medre unha bolsa de traballadores precarios que nalgúns casos levan ata 20 anos esa precariedade nos seus postos de traballo e este grupo propón transformar precisamente esas partidas orzamentarias en compromisos de estabilidade mediante os sistemas propios da función pública.

Segunda cuestión. As medidas dirixidas a garantila igualdade. E a igualdade pasa por loitar contra o fracaso escolar por medio das medidas previstas.

E, terceira cuestión, as necesidades en investimento. Señor conselleiro, ó día de hoxe hai necesidades de investimentos en tódolos niveis e en tódolos tramos educativos do país. Probablemente menores que hai uns anos –só faltaría– pero evidentemente suficientes como para que debera existir un compromiso orzamentario moito máis poderoso, moito máis rigoroso e un compromiso, señor conselleiro, no que vostede e o seu grupo terían o respaldo, cando menos, deste grupo que está a falar. Vostedes nunha política ambiciosa tendente a igualarnos coa media da Unión Europea en investimentos, en resultados, en habilidades, en aprendizaxes, terían o apoio orzamentario deste grupo. Non é así porque vostedes non queren que o ensino en Galicia estea a eses niveis que pode estar o ensino en Holanda, o ensino dos xoves nerlandeses, o ensino dos países máis desenvolvidos. Nin horarios nin dedicación nin en investimento nin en obxectivos nin sequera ás veces en calidade dalgunhas das actuacións. Vostedes renuncian a ese obxectivo que hoxe coa estructura orzamentaria de Galicia, era e segue sendo perfectamente viable, e renuncian simplemente carecendo dun modelo alternativo. En ningún dos tramos educativos na actualidade o Partido Popular de Galicia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, teñen un modelo nin en universidades –como xa se ten demostrado aquí– nin en ensino profesional –como tamén se ten demostrado aquí– nin en ensino obrigatorio –do que tamén temos falado– nin en ensino complementario nin en ensino artístico nin ensino primario nin en ensino infantil.

Señor conselleiro, cando remate esta lexislatura este grupo ten suscitado aquí todas e cada unha das cuestións referidas a cada un dos tramos educativos e ten proposto ademais alternativas e demandas e ten posto sobre a tribuna datos comparativos doutros lugares. E ó cabo de catro anos temos que constatar que no que nun momento foi un certo cambio de rumbo do Grupo Popular nos orzamentos do ano 2000 e do ano 1999, de novo volve ó vello estilo de reducir, de minorar, e polo tanto, de facer inviable calquera política ambiciosa no eido do ensino, cada día máis lonxe, sobre todo da media europea.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Gracias, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra o señor Tello León polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor TELLO LEÓN: Gracias, señor presidente.

Ben, é reconfortante cando menos que o responsable de economía e o responsable de educación estean presentes neste debate, para ver se aínda podemos convencelos para que acepten algunhas das emendas que presentamos.

Mire, señor Currás, en primeiro lugar dígolle unha cousa e tamén á representante do Grupo Popular. Días pasados recibimos, neste Parlamento, unha plataforma galega, sei que vostedes non son moi amigos das plataformas, nós si existen pensamos que por algo será, desde logo nós non as facemos e non as instrumentalizamos, elas viñeron a nós e quixeron manter unha entrevista connosco. É unha plataforma na que estaban presentes tódalas organizacións sindicais máis representativas do ensino, Comisións Obreiras, UGT, CIG, etc, estaba presente a Federación de APAS, estaba presentes representantes dos alumnos, estaban presente, polo tanto, todo o sector educativo. A vostedes, supoño, que lles dirían tamén algo, porque tiñan solicitada entrevista con vostedes.

Supoño que coma min, entregaríanlle este escrito e neste escrito, entre outras cousas, do que se fala é de que os problemas máis importantes que afectan ó ensino, son: a falla dunha boa planificación, señor Currás; a insuficiente oferta de prazas nos centros públicos de formación profesional, como vostede recoñeceu aquí mesmo; a privatización da oferta educativa, señora Seijas, ou señora Marta, non sei quen vai responder, pero é a privatización da oferta educativa,

non o di o BNG, dio a plataforma, dino os pais, dio o profesorado, dino os sindicatos; as restriccións na dotación de profesorado; e logo propoñían unhas medidas sobre da educación infantil, do transporte escolar e dos comedores escolares. Polo tanto, é un tema que non trae exclusivamente o BNG, senón que tamén está na sociedade.

¿Por que? Recordarán que eu cando debatín o tema dos orzamentos con vostedes, co señor conselleiro, tomei como referencia os cinco anos de goberno do señor Currás, dixen, imos ver, analizar obxectivamente coas cifras que é o que fixo o señor Currás durante estes cinco anos. Entón o señor Orza xa non me poderá desmentir, porque xa non o facía nin responsable, aínda que vostede si sería corresponsable, a el non o facía responsable xa do que ocorrese en anos anteriores. Resulta que durante os cinco anos que o señor Currás é conselleiro de Educación, ocorre que a Xunta de Galicia, medrou 304.901.000.000 millóns de pesetas, o volume global da Xunta de Galicia desde os 819 mil millóns do ano 1996 ó 1.000.124.000.000 do ano 2001, polo tanto, a Xunta de Galicia subiu un 37,2% no seu conxunto.

A Consellería de Educación medrou desde 200.000 millóns, falo xa en números redondos do ano 1996, a 252.000 no ano actual, 51.598 millóns de pesetas medrou, un 25,6%.

O peso relativo da Consellería de Educación dentro dos orzamentos da Xunta de Galicia, sen embargo, descende dous puntos, descende 22.490 millóns durante estes anos, un 2% menos, o peso relativo da Consellería de Educación dentro do conxunto dos orzamentos da Xunta de Galicia.

As subvencións ó ensino privado, que tanto din e que vostedes teñen unha teima con iso, é que as subvencións ó ensino privado, soben de 16.362 millóns no ano 1996, a 25.622 millóns no ano 2001; quere dicir que soben 9.260 millóns de pesetas, o que supón o 56,5%, o incremento das subvencións, o 56,5% en cinco anos. Mentres que no ensino público, tomando como ensino público todo o resto, que non o é, dado que hai transferencias a concellos, dado que hai axudas a familias, dado que hai non sei canto, vinte mil historias, tomando todo, peso relativo do ensino público é do 22,9%.

En resumo, mentres as subvencións ó ensino privado soben o 56,5%, o peso do ensino público dentro da Consellería de Educación, sobe xusto a metade, menos da metade, o 22,9%.

Xustificación do señor conselleiro, aí é onde xa a luz se pon vermella e a alarma é absoluta, non voamos cara Moscú, pero realmente si que voamos cara, non sabemos onde. Porque o tema grave, é que o señor conselleiro para defender isto, o que alega é que rematou a fase expansiva do sistema educativo. Señor conselleiro, non me diga que rematou a fase expansiva do sistema educativo, cando só días despois, case horas, ten que vostede saír na prensa dicindo: que me van modifica-la LOXSE outra vez, que me van modificar o sistema educativo, non estou de acordo porque se non me dan diñeiro non o podo levar adiante, necesito cartos para levar adiante o sistema educativo.

¿En que quedamos? ¿Como pode falar vostede de que rematou a fase expansiva do sistema educativo, cando resulta que a LOXSE no Bacharelato e nos ciclos superiores de Formación Profesional e nos ciclos medios, aínda non está implantada? Que aínda nos queda un ano, serán os alumnos e alumnas que neste momento están cursando primeiro de Bacharelato, ben, serán equiparables a aquel ministro de infausto recordo que me parece que foi o último, o penúltimo do franquismo que lle chamaban, *el poeta* non sei que, *el breve, –Julito el breve*, efectivamente–, porque entrou por unha equivocación daquela a súa *excelencia el jefe del Estado*, entrou por unha equivocación, pensou que nomeaba unha persoa, nomeou outra cando veu alí dixo ¿pero este quen é? dixeron, pois é o novo ministro e dixo, ben pois se me equivoquei, será el, algún cargo ó mellor da Consellería, algunhas veces tamén se fai así.

Julito el breve, cambiou el *calendario juliano* e aqueles pobres rapaces sufriron en un ano, un curso de dous meses, entón ó final foi a hecatombe. Pois aquí vai pasar exactamente igual, que o alumnado que agora vai en primeiro de Bacharelato, resulta que o ano que vén remata e é a única promoción da LOXSE, a única, porque agora a LOXSE xa se vai modificar, os que empecen serán outra cousa, serán a LOXSE II porque se vai modificar. Falo, señor conselleiro de que rematou a fase expansiva. Cando aínda faltan, precisamente neste momento pola propia pirámide

poboacional, o acceso ós estudios postobrigatorios, os ciclos formativos de formación profesional da maior parte do alumnado galego que entrou co novo sistema educativo e que entrou coa esperanza de que o novo sistema educativo modificase para mellora-las súas condicións educativas e as súas condicións sociais.

O segundo, co que rematou unha intervención desde logo nada positiva para o conxunto do ensino galego, nomeadamente para o ensino público, o señor conselleiro rematou dicindo, é o momento de equipara-la ensinanza privada á ensinanza pública, estas foron as últimas palabras, como todas e todos recordarán naquela Comisión, tal e como se recolle da transcrición e non movan a cabeza, senón vaian ós servicios documentais do Parlamento que os teñen vostedes alí para saber realmente o que dixo o señor conselleiro que é quen realmente ten a responsabilidade da política educativa, non a persoa que sae aquí a defender unhas emendas que ó fin e ó cabo son as emendas da propia Consellería de Educación.

Con estes datos hai unha cousa, é que vostedes sacan o diñeiro, dicía o señor Pazos, sempre das transferencias, efectivamente, non o imos sacar do soldo dos profesores, xa só faltaba, nin de gastos de funcionamento como esa emenda, esa trécola que ó final por despiste quixeron facer na propia Comisión de Educación, ben na Comisión de Asuntos Económicos naquel momento tocando o tema de Educación, señor conselleiro, supoño que vostede levaría ou daría o *rapapolvo* correspondente de que non lle deixaran presenta-la emenda, vostede non a presentou en tempo e forma, alguén equivocouse no entramado da Consellería, no entramado da Xunta de Galicia, e vostedes querían presentar unha emenda para mellorar unha partida quitándolle gastos de funcionamento dos centros públicos en parte, para... ¡home! non me diga que non son gastos de funcionamento a compra de revistas, material, etc.

Pero imos ver, ¿onde están as bibliotecas de aula tan prometidas? ¿teñen os centros educativos todos biblioteca de aula? ¿teñen biblioteca? Eu xa me pregunto ¿teñen biblioteca? Pregunto ítem e máis ¿teñen espacio físico para poder ler ou as bibliotecas estanse utilizando como aulas de desdobre ou estanse utilizando como salas de reunión, ou estanse utilizando como outras cousas ou simplemente como sala de estar porque non hai libros ou polo menos, libros suficientes? ¿Onde están as axudas ó material escolar? ¿70 millóns de pesetas para 200.000 alumnos, para 140.000 alumnos, para miles de familias galegas que neste momento aínda que se repartise proporcionalmente non lle chegaría nin sequera a mil pesetas, nin a cinco pesetas por familia para atender ó material escolar?

Entón, vostedes din: ¿de onde imos saca-lo diñeiro? ¿ímolo sacar de RAM? ¿ímolo sacar de construcións? ¿ímolo sacar de axudas a familias desfavorecidas? ¿de programas de garantía social? Témolo que sacar de onde está esaxeradamente envorcada a Consellería de Educación, a inverter a tendencia do sistema educativo, feito por certo que están conseguindo. Claro que o están conseguindo. Eu xa o digo e dígoo abertamente, un triunfo do Partido Popular en materia educativa, sería absolutamente nefasto, sería o certificado de defunción absoluto do que é a ensinanza pública deste país, non me apelen á LOXSE, porque o outro día linlle o artigo 27 da Constitución, hoxe voulle le-la LOXSE, ¡por fin, home! teño a LOXSE aquí e leo relativo ó tema: "4º.B. Os pais ou titores teñen dereito a escoller centro docente distinto dos creados polos poderes públicos." Só faltaba, evidente, a min ninguén me pode obrigar nin a vivir aquí, nin a comer carne, nin non comer carne. Por certo, teña coidado coas súas declaracións, pero na Coruña nos centros escolares, tamén quitaron a carne de vaca, de tenreira do menú escolar, teña coidado, non diga esas declaracions, non cause alarma social, porque andamos xa todos bastante preocupados como para que o conselleiro de Educación nos diga esas cousas.

A escoller centro docente distinto dos creados cos poderes públicos. Efectivamente, pode elixir un centro, poden ir a un centro, marxista-leninista, do Opus Dei, nacionalista, peregrino, islámico, mahometano, de todo, poden ir onde queiran, agora, eso non é, evidentemente que a Administración ten que ser *paganini.*

En segundo lugar: "Toda persoa física ou xurídica de carácter privado de nacionalidade española, está en liberdade para que a acción e dirección de centros docentes ou privados". Só faltaba, é evidente, pode crealos, que cre o que queira, como calquera pode crear

unha empresa determinada, e di que no marco da Constitución e tal: "A Administración poderá crear axudas para subvencionar a estes centros." Crea axudas, efectivamente, pero non di que as axudas teñen que supoñer o 56,5% en cinco anos, nin di, en absoluto, que o que debe primar, efectivamente, é a ensinanza privada sobre a ensinanza pública.

¿Por que a miña teima co tema da ensinanza privada?, ¿por que a miña teima co tema das subvencións? Porque diñeiro que se pon aquí é diñeiro que se quita de aquí, porque se vostedes me din: é que os orzamentos da Consellería de Educación incrementáronse en 400.000 millóns de pesetas, e deses 400.000 millóns de pesetas, 50.000 van ser para incrementa-las subvencións e 350.000 restantes para incrementa-lo ensino público, e eu digo ben. Porque xa lle dixen unha cousa, é que desta maneira, a ensinanza, non pode te-la función de xerar a igualdade de oportunidade ou ser mecanismo corrector da igualdade de oportunidades que nós pensamos que hoxe, a educación e o sistema educativo deben cumprir.

Tódolos analistas, tódolos teóricos que falan sobre o tema da educación, ou tódalas persoas que neste momento están dedicadas ó mundo do sistema educativo, e ve-la súa enorme transcendencia dentro do que é o desenvolvemento das nacións e o desenvolvemento dos pobos, falan, inescusablemente sempre do mesmo tema, que hai que facer un investimento moi grande en educación. Vostedes saben, coma min, que cando se fala dun investimento moi grande en educación, fálase dunha educación para todos e para todas. E hoxe, os investimentos da ensinanza privada, non son investimentos para todos e tódalas persoas, en primeiro lugar, porque os centros de ensinanza privada, como lles teño dito un millón de veces, incumpren os requisitos de admisión de alumnado e sobre todo, incumpren os requisitos de expulsión, porque expulsan e botan fóra precisamente aquela xente que lle resulta, entre aspas, dalgunha maneira conflictiva; mentres a ensinanza pública, iso non só non o fai, senón que ademais non debe facelo, evidentemente.

Entón, nós o que pensamos é que mentres a ensinanza pública non goce da saúde que nestes momentos debe gozar, era lamentábel onte na cidade da Coruña, onte unha cidade como a cidade da Coruña, señor conselleiro, non lle pon a pel de galiña unha cousa que lle vou dicir agora, non sei se vostede tivo coñecemento deste dato. Onte publicábase nun medio de comunicación da cidade da Coruña que os centros públicos da cidade da Coruña tiñan a metade das aulas baleiras, e dirán vostedes: é que descendeu a pirámide, ¡coño! como descendeu a pirámide, se resulta que a pirámide nos colexios de enfronte están ateigados de alumnos ¿por que?, ¿por que son mellores? non, porque lles ofrecen uns servicios e unha circunstancia que vostedes lle están negando sistematicamente á ensinanza pública. Servicios de comedor, servicios de transporte, actividades complementarias, actividades extraescolares, material, etc. Entón, este é o transvase que se está producindo.

Esta é a razón fundamental e non unha razón de tipo legal, de tipo xenofóbico, nin de tipo ideolóxico, nin de tipo de nada, é unha razón simplemente obxectiva de favorecer precisamente, a través da educación e do sistema educativo, ás persoas que teñen menos posibilidades e ás familias que teñen menos posibilidades, e ¡ollo! ás que teñen maior garantía de neutralidade ideolóxica.

Fíxense vostedes nunha cousa, podíalles traer un documento de cando nós tiñamos o sindicato, en plena clandestinidade, cando nace o sindicato do ensino ó que eu pertencín e pertenzo, evidentemente no momento actual, pero daquela era activista sindical que dicía, que mesmo na dictadura era moito máis libre o ensino público que o ensino privado en canto a ideoloxía que se profesaba nos centros, daquela o diciamos, moito máis o defendemos agora, porque efectivamente aí é onde se pode establece-la liberdade de cátedra a tódolos seus efectos e é onde se pode establece-la libertade de oportunidades a tódolos efectos, porque nos outros sitios esas liberdades non existen.

Ese é o fundamento e o sentido das emendas, que vostedes coñecen perfectamente e que sería incrementar –remato, señor presidente– 14.880.000.837 pesetas ó ensino público. Eso é o volume global das emendas, detraemos 14.880 millóns de pesetas do ensino privado, dos 25.000 detraemos 14.000 e os incrementamos a diversos programas de funcionamento do ensino público que están moi necesitados diso.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Tello.

Posicionamento respecto das emendas dos distintos grupos.

Ten a palabra o señor Pazos Varela polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor PAZOS VARELA: Desde o escano, señor presidente, para posicionarnos a favor de tódalas emendas presentadas polos outros dous grupos da oposición.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Ten a palabra o señor Méndez Romeu polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, señorías, consumirei unha vez no nome do meu grupo para fixa-la posición, espero que de xeito inequívoco, do noso grupo respecto das emendas presentadas polo Grupo Mixto e polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Lamentablemente non podemos facelo sobre as emendas do Partido Popular, do Grupo Popular, que quería presentalas recoñecendo a insuficiencia dos orzamentos, pero que problemas técnicos dificultaron que iso se levase adiante. En calquera caso, nós si estamos de acordo con vostedes en que estes orzamentos seus tiñan que ser modificados canto antes.

Señorías do Grupo Mixto, señorías do Grupo Popular, tódalas emendas que vostedes presentan teñen unha mesma detracción, que son as transferencias ós centros concertados de ensino privado, en tramos obrigatorios, practicamente todas. Logo teñen aplicacións distintas. Estamos absolutamente de acordo na maior parte das aplicacións que vostedes propoñen, son gastos necesarios que veñen precisamente a incidir nesa insuficiencia orzamentaria que antes diciamos. Pero non podemos estar tan de acordo na detracción que se efectúa e tentarei de matizar o porqué.

Vostedes propoñen a substitución de gastos conceptuados tecnicamente como transferencias, pero que realmente corresponden a custos de persoal e a custos de funcionamento dos centros de ensino nalgúns casos de mantemento. Custos de persoal que sen embargo, na súa proposición de aplicación non levan un correlato de creación de novos postos de traballo, de creación de novos centros de ensino, de dotacións para facelos posible. É dicir, trátase practicamente de pechar un número indeterminado de centros de ensino e de deixar que a xente, as familias, os estudiantes resolvan o seu problema como poidan. Iso é o que significan desde o punto de vista práctico as emendas tal e como están formuladas.

Xa sería discutible, e témolo feito nalgunha outra ocasión, face-lo debate sobre o que significa desde un punto de vista máis xeral, máis ideolóxico, propoñe-la desaparición dunha rede de centros que atende ó 30% da poboación, que está amparada por toda a lexislación europea do Estado, etc, e que sobre todo responde a unha tradición histórica como responde noutros países do contexto europeo. Ese xa sería un debate. Pero incluso desde o punto de vista do debate estrictamente orzamentario o que vostedes propoñen, permítame que llo diga con cortesía parlamentaria pero tamén con firmeza, é unha incoherencia porque se suprimen custos de persoal e gastos de funcionamento e non se aplican a crear outros centros de ensino, a crear outras dotacións de cadros de persoal. É dicir, no hipotético caso que fose viable facer o que vostedes din, simplemente un número que pode chegar a ser ata o 30% dos estudiantes galegos, quedarían desamparados no seu dereito básico a recibir ensino.

Polo tanto, o noso grupo non vai votar estas emendas, pero como comparten moitas das aplicacións, absterase neste trámite.

En calquera caso, si quero facer unha apelación á súa reflexión. Porque logo de 25 anos de aprobada a Constitución, cumpriría que o debate sobre o papel do ensino privado no noso país, se puidese dar con moita máis altura de miras e tratando de contextualizar cal é o papel que xoga a iniciativa privada na libre prestación de servicios públicos. Tema moi importante, a prestacións de servicios públicos dáse en moitas áreas da Administración, nas áreas por exemplo de cultura, de asuntos sociais, de sanidade, en xeral en tódalas áreas de servicios persoais e mesmo noutras. É o debate de ata que punto se debe facer no ámbito estricto do dereito ó ensino obrigatorio, o ensino universitario é un debate que está por facer e onde o noso grupo aprecia e lamenta, pero aprecia eivas importantes na análise política dos grupos da oposición.

Por iso lamentándoo, non podemos votar esas emendas, pero ó mesmo tempo queremos facer unha reflexión para que o debate político se enriqueza con propostas máis novidosas e máis progresistas que os que se están a dicir exactamente igual que hai nada menos que 25 anos.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra o señor Tello León polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor TELLO LEÓN: Gracias, señor presidente.

Ben, nesta neodisquisición florentina que sempre temos cando o tema dos debates de educación, teño que dicirlle, señor Méndez, esta vez o debate vai con el, tócalles a vostedes lateralmente. Punto un, vostedes teñen que vir aquí defender a súa lei, a LODE, e a LOXSE, a LOPEP, etc., obvio, vostede pertence ó Grupo Socialista, e ten que defende-la súa lei a capa e espada. Vostedes abríronlle unha espita enorme a estes señores que viron un filón e o que vostedes, ó mellor pensaban dunha maneira, resulta que estes señores dáslle a man toman o brazo, a cabeza, o corpo e o corpo místico, tomaron todo. E o que vostedes dicían, imos abri-la posibilidade do cofinanciamento da subvención do apoio á transferencia, etc, para completar aqueles lugares onde a ensinanza pública ó mellor non pode chegar ou é custosa, estes señores dixeron, esta é a nosa e o que están facendo é invertendo o tema.

Vostede sabe perfectamente coma min que iso é así, está ocorrendo así e as cifras que acabo de dicir son as cifras que xustifican todo o meu razoamento, o incremento de 22,6% do ensino público é o incremento do 56,8% no ensino privado, porque chegou a voracidade privatizadora. Nós xa llo advertimos, o Partido Socialista cando gobernaba en Madrid, naquel momento, mesmo eu, fíxese, cunha representación galega de profesores e profesoras de Galicia, tiven a oportunidade de falar con dous ministros do Partido Socialista naquel momento, co señor Rubalcaba, moito, varias veces falamos precisamente deste tema, non co señor Maragall senón co señor Solana tamén dicindo que era o que ía pasar con esta cuestión.

Hai outra cousa que me sorprende, é xa llo advertín o outro día, este tema é un tema de profundidade, que entón lle meteron a vostede un gol, eu pensei que o Partido Socialista entraba en razón, que a lóxica é detraer dalgunha maneira algunhas cantidades da ensinanza privada. Resulta que vostedes no debate xeral, nas emendas á totalidade, nas emendas cruzadas, detraen 4.000 millóns de pesetas que é o memos que fago eu, agora criticanme a min e critican a política global do BNG, e da oposición e que o tema ten que ser de máis alturas, se quere póñome zancos, pero vostede presentou no diario, que eu fun comprobar se era oficial ou era unha destas que se dan clandestinas, unha edición clandestina e entón digo, non, non, esto é o Parlamento de Galicia e o Partido Socialista presenta a mesma emenda que presento eu, e agora vén vostede aquí critica-la miña emenda. Sen entoar un *mea culpa* ademais, ou sen entoar cando menos, esa falta de coordinación, que eu non veño aquí meterme co Grupo Socialista pero si coa incoherencia do acto administrativo ou do acto político que supón a enorme contradicción de vir criticar a un membro do Bloque Nacionalista Galego, o que o propio Partido Socialista fixo no trámite anterior.

Dígolle máis eu estou disposto a falar con vostede sobre todo co Grupo Popular que neste momento é quen goberna e quen ten a maioría sobre do financiamento e da importancia e da cooperación da ensinanza pública e da privada e do cofinanciamento. Agora, no tema educativo, é un tema de transcendental importancia, é un tema de trascendental importancia, que insisto, que mentres non teñamos asegurado o que é o acceso á educación en boas condicións ¿para cando o plano da escola rural, por exemplo? ¿para cando toda a rede galega de centros rurais ou de escolas infantís que aínda está por facer e que vostedes teñen a educación infantil nas mans da Consellería de Familia que tamén debía estar aquí presente de 0 a 3 anos. Cando a propia LOXSE fala de que o ciclo 0 a 6 anos é un ciclo educativo e polo tanto debería estar incluído dentro da propia Consellería de Educación, onde está todo o tema de atención ó persoal de necesidades educativas especiais, que neste momento tantísimos e tan graves problemas lles está causando.

Cando teñan todas esas cousas superadas, cando teñan as bibliotecas dotadas, cando teñan a xente, podendo elixir os centros formativos que desexan e non obrigados a estudiar un ciclo formativo, porque no seu concello non hai outro, no seu centro non se imparte outro, ou estudiar unha materia afín que non lles interesa, *simple y llanamente* porque non se dota profesor ou porque non se implante nese centro, entón ese día podemos falar do cofinanciamento, mentres tanto o debate segue aquí. Se estes señores gañan, acaban connosco, pero non connosco política, humana ou moralmente, non, connosco a nivel educativo, efectivamente, que se cargan vostedes a educación pública dun plumazo, e esa é a traxedia neste momento.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Tello.

Ten a palabra a señora Rodríguez Seijas polo Grupo Parlamentario Popular.

A señora RODRÍGUEZ SEIJAS: Gracias, señor presidente.

Señoras e señores deputados, eu podo entender certas discrepancias na valoración destes orzamentos, pero lembrolles ás súas señorías que estamos ante un proxecto económico que dificilmente admite a demagoxia numérica porque os números cantan e a realidade tamén, unha realidade que os señores portavoces da oposición se empeñan en presentala distorsionada, eu dígolle ás súas señorías, que se as súas contas as fixese partindo das partidas presupostarias, das distintas aplicacións presupostarias e tomando como base unha poboación educativa que este ano descendeu en 18.000 alumnos, comprobarían os señores voceiros que o incremento, digamos que no gasto medio, no gasto medio por alumno é moi superior ó gasto global que se produce nestes orzamentos, están vostedes a falar de que si o 51%, pero esto superaríao en cantidade.

Se os señores voceiros do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Mixto aplicasen este rigor ás súas contas, comprobarían como o incremento no ensino privado concertado non se produce por conceder máis axudas ou máis concertos ós centros, senón, señor Pazos, prodúcese por unha serie de medidas tendentes a mellora-la retribución salarial do seu profesorado para homologalo ó ensino público. Cremos, señorías, que esto é de xustiza, non pode haber trato discriminatorio polo feito de traballar no ensino privado. Aquí fago unha chamada de atención ó Bloque Nacionalista Galego que algún día deberían saír desa ambigüidade na que están instalados, porque non vale estar a favor da homologación deste profesorado e logo, por outra banda, retirar a través das súas emendas máis de 14.000 millóns de pesetas ó ensino privado concertado. Señor Tello ou estamos con eles ou non estamos, pero hai que dicilo.

Postos a falar de incrementos, non estaría por demais lembrarlles ás súas señorías o peso que estes orzamentos tiveron sempre nas contas xerais da nosa comunidade. Non estamos aquí a falar dun punto arriba ou abaixo, nin dun incremento, señor Tello do 22, o 50 ou o 55%, estamos a falar nestes 10 anos de goberno do Partido Popular dun incremento do 93%, e permítanme as súas señorías que insista na teimosía das cifras, porque pasamos en 1991 de 131.000 millóns de pesetas ó 2001 a 262.000 millóns de pesetas. Este incremento do 93% non é un brinde ó sol, é, señoras e señores deputado, unha realidade marcada pola vontade dun Goberno que aposta firmemente por un ensino público de calidade, pero tamén señorías, libre e plural. Aposta con políticas prioritarias que recollen os compromisos do noso programa electoral, aposta con actuacións políticas sempre sustentadas nuns orzamentos reais e equilibrados, por iso teñen que entende-las súas señorías, que non poidamos aceptar modificacións que alteren ese equilibrio presupostario, rompan cos compromisos do Goberno ou mesmo, que é o meu caso das emendas do BNG ou do Grupo Mixto, alteren a filosofía política do noso programa electoral.

Señores do Grupo Mixto e do Bloque Nacionalista Galego, seguen vostedes coa teima de sempre, coa teima de detraer todo o diñeiro das súas emendas do ensino privado concertado. Saben as súas señorías, que non imos aceptar nin unha soa emenda que minore tan sequera unha peseta desta liña presupostaria, unha partida na que vostedes *entran a saco*, *entran a saco* sen ter en conta o grave prexuízo, non só para estes orzamentos, senón para os moitos galegos e galegas ó non poder garanti-la gratuidade a máis de 90.000 alumnos. Esto non é unha interpretación, esto márcao

o artigo 27 da Constitución, señor Tello, esto non é unha interpretación revirada, márcao a Constitución e recólleo o propio espírito da LOXSE.

Esto non lle é unha interpretación revirada, dicíalle, é un dereito dos pais, un mandato constitucional e é un deber do Goberno cumprir con el, pero señorías, vostedes, ademais de pretender coas súas emendas deixar a máis de 90.000 alumnos na rúa case 4.000 profesores, vostedes, veño observando ó longo deste tempo, que lles molesta especialmente falar do ensino concertado. Moléstalles ademais que utilicemos o artigo 27 para utilizalo como argumento para rexeita-las súas emendas. Un artigo que non só fala da gratuidade da ensinanza, señor Tello, como dixo vostede en Comisión, fala tamén da liberdade da ensinanza, liberdade de creación de centros e libre elección para os pais, coido que tres liberdades que soamente poden defender aquelas persoas que aspiran coa súa política partidista a estreitar ou mingua-los dereitos constitucionais como os que as súas señorías tratan ou pretender impoñer.

Claro que este non é o caso porque o Grupo Parlamentario Popular, o Grupo maioritario que apoia ó Goberno, non vai apoiar este tipo de política, porque haberá que preguntarlle ós señores e señoras deputados do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Mixto, para que queren quitar case 15.000 millóns de pesetas a esta partida presupostaria, ó ensino privado concertado, ¿onde os van investir? Ben, pois eu dígolles que segundo algunhas das súas emendas, para crear ou intentar crear algún centro onde xa existen, proxectos de reformas onde non existen tales necesidades, ou incrementar liñas de proxectos onde o presupostado é o real.

Exemplos destes, señorías, temos dabondo nestas emendas. Por exemplo, explíquenos, señor Tello ¿con que criterio destina vostede partidas de 50 millóns de pesetas nas emendas 40, 41, 43 para a construcción de colexio infantil de Ames, Moaña e Marín, cando o centro de Ames está en plena execución e o de Marín e Moaña, poboación educativa nesta etapa, adáptase perfectamente á ratio actual. Ou ¿por que destina unha partida de 50 millóns para a construcción dun IS en Cambre cando nestas localidade hai un IS de recente construcción que entrou en funcionamento en 1999 cun investimento de 540 millóns de pesetas, moi superior á proposta que vostede fai nestes orzamentos. Ou cal é razón para que un grupo de emendas destine vostede entre 20 e 50 millóns de pesetas para reformas, ampliacións, melloras de centros, por exemplo, o centro CEI de Orosa, xa que este centro conta cunha partida presupostaria de 120 millóns de pesetas nestes orzamentos. Concello de Pontedeume, xa está en execución a súa reforma, no de Cuntis xa se fixo ampliación e dotouse dun ximnasio por máis de 200 millóns de pesetas, e vostede pide 50 nestas emendas. Noutra emenda destina vostede 50 millóns para o IS de Marín, cando nesta localidade se construíu un novo centro en 1998, no que se investiron máis de 250 millóns de pesetas. Na emenda 94, destina outra partida de 50 millóns de pesetas para reformar o IS de Vila de Cruces, este centro señor deputado, mal pode necesitar reformas cando é un centro de nova construcción no que se investiron máis de 350 millóns de pesetas.

Así poderiamos seguir con moitas máis emendas nas que as partidas nas que vostede propón, son moi inferiores ás que a Xunta ten presupostadas ou mesmo xa executadas.

Seguindo coas imprecisións destas emendas o Grupo Mixto nas emendas 118, 119 destina 1.200 millóns de pesetas para un concepto que, señor Pazos, nestes orzamentos non corresponde co seu capítulo. A 129 incrementa 58 millóns de pesetas, un programa investidor para destinalo á participación educativa. A verdade, non se entende moi ben o que pretende vostede, señor Pazos con esta emenda. Na emenda 140 retira vostede 500 millóns de pesetas do programa de financiamento de universidades, para incrementa-lo capítulo VI destes orzamentos. Con esta emenda, señor deputado, está vostede restándolle autonomía á propia Universidade ó pretender que as obras, en vez de xestionalas a Universidade xestióneas a Xunta de Galicia.

Señor Pazos, o concepto solidariedade no ensino que vostede propón na emenda 141, non existe nestes orzamentos, permítame que lle diga que esto é demagoxia pura e dura.

Seguimos analizando conxuntamente outras partidas ás que os dous grupos destinan o diñeiro destas emendas, por exemplo, servicios complementarios.

Eu dígolles que nestes 10 anos de Goberno do Partido Popular, esta partida duplicouse, pasamos de oito mil e pico millóns de pesetas en 1991 a dezasete mil e pico millóns en 2001, significa que o Goberno aposta por unha compensación das desigualdades. Saben as súas señorías que Galicia é a comunidade co maior sistema de transporte escolar. Nos últimos tres anos o servicio de comedores medrou un 15%, así como tamén nun 15% incrementouse a bolsa por alumno, mellorando deste xeito non só a cantidade destes servicios senón tamén a súa calidade.

En canto ós programas de garantía social, a evolución, coido, non pode ser máis favorable, máis positiva. No curso 1993-1994, había implantado nun centro un programa no que participaban tan só 12 alumnos. No próximo curso participarán 2.067 alumnos distribuídos en 117 centros con 173 programas. Calculen vostedes as porcentaxes, porque aquí están moi por riba do 300% o seu incremento.

Outro capítulo importante a ter en conta nas súas emendas, é o capítulo VI e VII; investimentos reais, dous capítulos investidores que suman nestes orzamentos máis de 16.000 millóns de pesetas, e suman esta cantidade, señoras e señores deputados, a pesar de estar rematado xa o plano de infraestructuras iniciado en 1996. Logo a construcción de edificios sen ensinanzas artísticas, o señor Pazos propón 300 millóns de pesetas para o conservatorio de Vigo, o señor Tello 100 millóns para o conservatorio de Santiago e eu dígolle que as propostas destes orzamentos son moito máis solidarias que as que vostedes propoñen, non só destinan partidas para o de Vigo e o de Santiago, senón tamén para o de Lugo, Coruña, Ferrol e Pontevedra, ademais destínaos con proxectos definidos a través de criterios e estudios técnicos e non de apreciacións persoais como fan as súas señorías.

O Grupo Socialista presenta tan só sete emendas, o señor Méndez Romeu, por suposto, que non alteran ese concepto de equilibrio presupostario ó que antes me refería, nin rompen coa filosofía do noso programa electoral. Pero de apoialas, o que si impedirían é levar a cabo proxectos que está a executa-la Consellería de Educación, por exemplo o museo pedagóxico que vai recolle-lo legado en materia educativa da nosa comunidade ou mesmo campañas de fomento de igualdade para potencia-los servicios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ SEIJAS: ...complementarios. En canto á emenda 32 e 33, xa llo dixen en Comisión, non existe a denominación de crédito a outras entidades, non existe na terminoloxía presupostaria, en todo caso sería, persoal laboral eventual e se vostede o que pretende é crear un plano de estabilidade para estes traballadores, iría sempre a través da función pública e dunhas probas obxectivas e nunca dentro destes orzamentos.

Remato, señor presidente, reiterando o que dixen ó comezo da miña intervención, queremos un ensino público libre, de calidade e plural, e estes orzamentos recollen estes propósitos.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señora Seijas.

Rolda de réplica.

Ten a palabra o señor Pazos Varela.

O señor PAZOS VARELA: Señor presidente, señorías.

Señora Rodríguez Seijas, teño entendido que vostede é profesional do ensino, desde logo creo que leva demasiados anos sen exercer e o que é peor aínda, sen visita-la rede de centros, aconséllolle unha reciclaxe para ve-la realidade educativa deste país, vostede non a coñece. Se é vostede quen de subir aquí a dicir que as necesidades da rede pública están cubertas ou vostede fai gala dunha hipocrisía política descoñecida, ou desde logo, non coñece a realidade deste país.

Vostede di números cantan e realidade tamén, efectivamente, é no único no que estamos de acordo do seu discurso, números cantan e realidade tamén, e a realidade fala de carencias. Vostede nos pintou, ata traizouna o subsconsciente, dixo que o sistema de transporte escolar de Galicia é o mellor de Galicia, probablemente si, despois rectificou, pero o primeiro foi o inconsciente, probablemente si, eu mesmo lle digo que están empatados o de Galicia co de Galicia,

non sei se entende vostede o retruque, ó mellor si. Pero ben, imos ó miolo da cuestión que é o fundamental.

Efectivamente, diminuíu o número do alumnado e iso xa o dixen eu na miña primeira intervención e ata o concelleiro no debate dos orzamentos na presentación, por iso é o momento de dar o salto cualitativo, e cando o propio conselleiro recoñece que hai que da-lo salto cualitativo, está recoñecendo explicitamente que hai moito que mellorar no sistema educativo público deste país. Polo tanto, é o que nós facemos.

Evidentemente, non podemos detraer doutras consellerías, eu con moito gusto llo quitaría ó Xacobeo do señor Pérez Varela, para investir no sistema educativo, que é un investimento a longo prazo e a medio prazo, pero non podo, teño que facelo aquí.

Ten vostede e o señor Méndez tamén moito medo a que nos carguemos a rede de centros concertados. Pero imos ver, señorías, cando nace a LOXSE concéntrase centros complementariamente, é dicir, aparece a concentración de centros privados para que presten un servicio que a rede pública non está en condicións de prestar, por carencias de infraestructuras, etc, era moito máis caro construír infraestructuras educativas nalgúns lugares, que concertar con outras infraestructuras xa existentes. Pero vostedes abusan desa filosofía. Non me veña vostede dicir que mandamos á rúa non sei cantos profesionais, non é certo, a LOXSE, señoría, non me vai contestar, porque creo que non ten vez, pero contéstese a si mesma, a LOXSE obriga á Administración a subvencionar a educación infantil, por exemplo, nos centros privados, cando non a atenden nos centros públicos. Señoría, a filosofía política do Partido Popular está clara, degradar o ensino público para favorecer directamente o ensino privado, así de claro, porque vostedes se fan competencia a si mesmos.

Que me diga vostede, ben, menos mal que non foi capaz de dicirme ningunha obra que nós propuxesemos e que xa estivese realizada ou que non houbese carencias, porque xa sería o colmo do cinismo político, a min non me nomeou ningunha, nas que me nomeou, trabucouse. Ou sexa, que nós non queremos cargarnos nada. Mesmo no hipotético caso de que nolo cargaramos, a rede pública hoxe, co descenso do alumnado, está en condicións de acoller alumnado e profesionais.

Despois fálame vostede de determinadas emendas concretas miñas que por exemplo, escolarización de nenos de 0 a 3 anos, non existe este concepto na consellería, non xa lle dixen que o pouco que hai está na de Familia, pero nós pretendemos que haxa unha rede pública de escolas infantís de 0 a 3 anos, baixo o goberno ou desgoberno neste caso, da Consellería de Educación, creo que é fácil entendelo, señoría, non hai que facer oposicións para iso, nin moitísimo menos.

Igual que me di que non existe o concepto que nós propoñemos que son 29 millóns para poñer en marcha un plano de solidariedade no ensino, non existe, é que se existise non o propoñeriamos, propoñémolo porque non existe. Eu non sei se vostede le as emendas ou non as le.

Servicios complementarios. Señoría, como me pode dicir que o comedor escolar, ou sexa que non hai necesidades de instaura-lo servicio de comedor en toda a rede pública do país, se é unha demanda da cidadanía, se seguramente vostede mesma, á hora de elixir un centro para os seus fillos se os ten, se fixe en se prestan ou non eses servicios nos sitios onde traballan, por exemplo, os dous membros da parella. Se é, é algo que realmente coarta totalmente a elección dun centro, que teña ou non servicio de comedor para moitos pais e nais. Polo tanto, ten que prestar ese servicio á rede pública, non naqueles sitios onde o alumnado se transporte, non, en tódolos colexios e fundamentalmente ademais, por exemplo nas cidades, que é onde hai menos transporte.

Como me di que temos un sistema de transporte inmellorable, cando xa lle dixen que hai moitos centros que teñen a mesma liña de autobuses dobrada para varios centros e vense obrigados a modifica-los seus horarios por falta de transporte escolar, señorías. Como me di iso cando non hai transporte escolar para as actividades complementarias...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS VARELA: ...e se priva ó alumnado deste país de poder asistir a actividades complementarias por falta de transporte. Pero vostede, eu

creo que vive na inopia, con toda a cortesía, vive na inopia, non vive en Galicia.

Conservatorio de Vigo e outros, nós non propoñemos só o de Vigo, tamén hai que ler ben as emendas, é que nós pedimos esas cantidades a maiores das que propón a consellería, é unha necesidade xa, perentoria, para agora, non pode esperar planos plurianuais, vostede ve que a nosa emenda non substitúe as cantidades que destina a Consellería de Educación. Complémentaas.

E señorías...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS VARELA: ...–remato xa, señor presidente– sinceramente, a nosa postura de detraer diñeiro da concertación para destinalo á mellora do ensino público, señor Méndez, con toda cordialidade, parécenos moi coherente e sobre todo parécenos moi progresista, non hai nada máis progresista que un servicio público prestado por unha rede pública e responsabilidade única da Administración. Sen idearios, nin outras historias complementarias.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Pazos.

Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, señorías.

Señora Rodríguez Seijas, a verdade é que viña tentado de sacar aquí unha serie de cifras para amosar o que vostede omitiu pudorosamente, sen dúbida, pero para amosa-las insuficiencias en cifras. Pero a estas alturas do debate, paréceme máis interesante dirixir unha reflexión ó conxunto da Cámara, especialmente ó señor Orza que disto entende algo máis e ademais é unha persoa que fai moito máis pola política educativa, probablemente que o propio titular do asunto. Porque o señor Orza, si que con toda probabilidade, le a revista de Papeis de economía e sóalle un pouco esta teoría do capital humano e demais.

Ben, sobre isto, quérolle, co permiso do señor presidente, traducir *in voce,* un texto de especialistas moi recente que se ven de publicar e que di o seguinte: "A análise efectuada amosa que o investimento en ensino secundario é o máis rendible e o de máis rápida recuperación para o sector público, esta característica, certamente está relacionada coa debilidade que este tipo de estudios mostra no *stock* de capital humano español, xa que unha comparación coa Unión Europea indica que se ben en estudios superiores o nivel medio da porcentaxe dos nosos activos con esa titulación e practicamente idéntico á medida europea, en estudios medios a diferencia é excepcionalmente intensa –señor Currás– 17.1% dos españois e polo tanto dos galegos, teñen acabados estudios secundarios fronte a un 56.7% en Alemaña, un 46.1% en Francia; 40 puntos de distancia de Alemaña, 30 puntos de distancia de Francia. Desde este punto de vista, as necesidades de requilibrio do noso *stock* de capital humano son coincidentes nunha visión estrictamente utilitarista da que vostede lle transmite ó seu colega de educación do rendemento de investimento educativo por parte do sector público". Fin da cita, é un pouco longa, pero vostedes comprenden que o que estamos a debater é algo especialmente importante.

As necesidades, polo tanto de formación de capital humano en Galicia, son excepcionalmente importantes, precisamente neste tramo. Ben, ¿que resposta dan estes orzamentos? A resposta hai que ir buscala ó capítulo correspondente, hai que ir ve-la sección correspondente de ensino secundario, de Formación Profesional, doutras ensinanzas, hai que ir ve-los conceptos presupostarios que se dedican, por exemplo á garantía social, ou os que se dedican, por exemplo ó ensino de persoas adultas, temas dos que vostedes non adoitan falar habitualmente, eu comprendo porque son temas que simplemente non se tratan. Esa é a deficiencia que teñen estes orzamentos. Orzamentos que non van axudar a recuperar a distancia que temos cos países do noso contorno, orzamentos que non van axudar, desde o punto de vista de política educativa, a mellora-la capacidade da nosa man de obra para ter máis competitividade e para ter máis capacidade de inserirse nos mercados europeos, e investimentos que non van axudar, en absoluto a reduci-las distancias, non xa coa Unión Europea, senón nin sequera con outras comunidades españolas.

En só tres lustros, comunidades autónomas, como Cataluña e o País Vasco están collendo vantaxes com-

parativas con respecto a Galicia en temas tan elementais e tan simples como son os equipamentos ou como son os horarios, é dicir, o tempo real de aprendizaxe que se dedica, vostede non le moito, señor Pita destes temas, polo tanto, comprendo que non estea ó tanto, ó loro, que se di agora. Señor Pita, vaia lendo cal é a situación en termos comparativos. Sobre todo asuman que estamos retrocedendo logo de dous anos de excepción e volvendo á posición tradicional do Partido Popular, unha posición subsidiaria do sector educativo, unha posición de costas ó que ten que ser unha política de progreso e polo tanto, unha posición que en nada favorece ós anhelos da poboación de máis e mellor formación e que en nada favorece ós anhelos deste país de formar parte do concerto dos países da Unión Europea, evidentemente no segmento máis alto, e non, como é habitual no segmento final.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra o señor Tello León polo Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor TELLO LEÓN: Gracias, señor presidente.

Señora portavoz do Partido Popular, entre rir e chorar, a min faime chorar, xa lle dixen que para min vostedes en política educativa son unha traxedia, son un drama, atreverse a afirmar que das miñas emendas, das emendas do BNG, se deduce que botar á rúa 90.000 persoas, podía sacar tantas deduccións, botar á rúa 90.000 alumnos, podería sacar tantas deduccións.

En primeiro lugar, non só é que non lea, é que disto xa non entende, agora está noutra esfera, esqueza, o mundo da educación xa pasou por vostede, entón, a cuestión é que esto poderíase derivar multitude de deducción, e dígolle, entre outra cousa, púxenlle o exemplo dos centros públicos da Coruña, entre outras cousa, terían cabida nos centros públicos, se é que a Administración tivese esa vontade política de facelo.

En segundo lugar, ¿que teñen que ver as tres liberdades que vostede falou e que eu tamén, que llas lin, co tema de incrementar 56,9% as subvencións á ensinanza privada? ¿que teñen que ver? Teño que ser cortés con vostede por unha razón, teño que ser cortés, porque cando menos vexo que dou certa lata á consellería que tivo vostede que transmitirlle tódalas emendas, para que analizaran unha por unha a ver se tiñan razón de ser ou non, todas teñen razón de ser, porque hai centros novos que xa teñen enormes deficiencias, hai centros que a estas alturas xa son completamente insuficientes, o caso de Cambre e o caso Marín, son casos palmarios, pero logo, hai outro importante. O tema de Cuntis, por exemplo, que vostede falou o outro día, o propio secretario xeral técnico negou as súas propias palabras aquí, nesta tribuna. Dixo completamente o contrario, a ver se se aclaran, polo tanto.

Entón, cando nós falamos de emendas, eu simplemente voulle dicir unha cousa, e esa é a gran reflexión, efectivamente que hai que facer. Vostedes apostan por unha cousa, ¿sabe cal é a consecuencia da privatización en xeral? ¿por que nós temos tanto medo á privatización? ¿Sabe cal é a consecuencia da privatización? Mire, economía, o Goberno do Estado privatiza a Tabacalera, consecuencia, peche de oito centros, un deles o da Coruña, que nin vostedes poden salvar, nin vostedes lamentablemente poden salvar.

¿Sabe en educación o que ocorre? Se toda a ensinanza fose privada as condicións laborais dos traballadores e traballadoras, serían infinitamente peores e a liberdade inexistente, eso é o que vostedes pretenden, aí si que hai liberdades inexistentes. Os centros privados teñen dereito a ter un ideario e os centros públicos non, os centros públicos teñen que ser plurais e a xente pode ser denunciada en función de ideoloxismo, en función de meterlle ós alumnos cousas que non se deben meter en función de non ser obxectivos, de non ser científicos, a liberdade de cátedra, non permite o ideoloxismo, non permite o sectarismo, nos centros privados si que se permite, non só que se permite, senón que se encirra, a que precisamente, esa sexa a liña que neste caso coincide plenamente tal vez co Grupo que está apoiando a Consellería de Educación.

Esas son as consecuencias da privatización, consecuencias económicas gravísimas, e consecuencias ideolóxicas profundas, porque as consecuencias económicas, son que empeorarían as condicións laborais, pero ó mesmo tempo tamén o dereito de admisión que non se cumpre por parte dos centros privados, tal e

como teño eu demostrado aquí permitiría seleccionar, permitiría marxinar, e xa non só haberá unha sociedade de ricos e pobres, iso non o vai evita-la educación, pero a educación o que permite é a sociedade do acceso á igualdade de oportunidades, loitar contra a exclusión social, loitar contra a marxinación, esta é a única arma poderosísima, que as clases sociais menos favorecidas, moitos de vostedes que están aí, e moitos dos que están aquí, accederon a onde están gracias a que no seu día puideron ter unha educación, moitos e moitas de vostedes, unha educación inclusive gratuíta e estou falando da época da dictadura, incluso moitas e moitos de nós puidemos acceder nun momento determinado a esta situación, e agora o que vostedes pretenden é que esas liberdades e esas posibilidades, efectivamente, non se leven a efecto.

Mentres eu falo, o señor Pita sigue dando un mitin para o seu grupo co fin de que probablemente non atendan, pero dá igual, porque as verdades son as que cantan, as que están aquí e efectivamente, facer demagoxia, insisto que é doado, sobre todo cando se ten a maioría, porque ó final toda esta xente, vén de tomar café, impórtalle un pemento o que estivemos a debater aquí, aquí o único a que veñen é votar, é moi fácil ser deputado do grupo do Goberno porque ó fin e ó cabo, entre pastel e pastel e entre sandwich e sandwich, vénse aquí apertar o botón e votar en contra das emendas, sigan así e xa nos veremos, vaian, é hora do café, se queren votar, pero...

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

O señor TELLO LEÓN: ...é á hora, despois hai outro. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Tello.

Ocupen os seus escanos, por favor.

Procedemos a vota-las emendas que foron presentadas á sección 07, que é a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Ponse a votación as emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Mixto, que son da 113 á 141, ambas inclusive. Se non se pide votación por separado.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 37; abstencións, 2.

O resultado é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Ponse a votación as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, que son da 32 á 38, ambas inclusive.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 22; votos en contra, 37.

O resultado é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas.

Ponse a votación as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, da 1 á 107 ambas inclusive.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 13; votos en contra, 37; abstencións, 8.

O resultado é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Señor Rodríguez Peña, ¿o seu voto é? positivo. Voto positivo. Fágase constar así.

Efectuada a votación das emendas presentadas a esta sección, procede votar os orzamentos correspondentes á sección 07, que é da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Ponse a votación os orzamentos da sección 07, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 22.

O resultado é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos da sección 07 que é da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

SECCIÓN 08 (CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO).

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras para a defensa das emendas do Grupo Parlamentario Mixto.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor presidente, señorías, nós presentamos a esta sección 08 da Consellería de Industria e Comercio 17 emendas por valor de 1.550 millóns, tentamos neste trámite, intentamos paliar algúns dos defectos que neste trámite se poden paliar desta consellería, non outros que é imposible solventar xa neste trámite.

Como se sabe esta consellería ten tres importantes eivas: primeiro, non é exactamente unha consellería de Industria para empezar, chámase así pero non é unha Consellería de Industria, é evidente que a consellería neste trámite, é verdade que esto non o podemos resolver, é unha consellería á que lle faltan os instrumentos horizontais fundamentais para practicar, impulsar e coordinar unha auténtica política industrial que se atopan paradoxalmente noutra consellería, neste caso na de Economía.

Ó señor Outeiral, que toma afanosamente notas, quero dicirlle que é certo que hai países onde non hai Ministerio de Industria, é verdade, pero o que é seguro é que tódalas competencias de Industria, están baixo a mesma dirección política. Iso é seguro, é verdade que ás veces formalmente, nominalmente, non existe Consellería de Industria, ou Ministerio de Industria se falamos dun Estado, dun Goberno, é verdade. Pero non hai nin un só caso que vostede me poida poñer, onde os instrumentos e as competencias sobre política estean baixo diferente dirección política no organigrama gobernamental, é dicir, é un problema xa que limita gravemente a política industrial do noso país.

Segundo, é unha consellería que en virtude disto ten dous factores máis relacionados que é o que intentamos solventar minimamente tamén neste trámite parlamentario. O primeiro deles, é que practicamente a consellería, o setenta e pico cento son os capítulos VI e VII, particularmente o capítulo VII, de transferencias de capital ó sector privado, que practicamente chega case ó 68% ou 67%, non recordo exactamente, pero preto do setenta por cento da Consellería.

Ademais diso, o grave non é iso, o grave é que esa transferencia de capital ó sector privado faise sen control, sen ningunha asignación a ningún plano concreto, de tal xeito que relacionando esas dúas cousas, non analizadas por separado, o que ocorre é que esta consellería acaba sendo unha oficina tamén clientelar de reparto de subvencións ó sector privado sen que haxa planos concretos ós que asignar, e moito menos tarefas de control e da avaliación deses programas, que naturalmente non se poden avaliar porque non existen. Polo tanto, é unha transferencia clientelar de feito ó sector privado.

Non importaría, ó contrario, que fose un importante capítulo VII, de transferencia ó sector privado, á industria do noso país, a planos concretos, a programas concretos que se poden avaliar, entón si se faría política industrial, pero non hai nada disto na consellería, é tamén unha consellería de trasbase clientelar dos cartos públicos ó sector privado sen control nin avaliación.

As nosas emendas van destinadas a paliar minimamente estes dous aspectos, o anterior é imposible de solventar neste tramo. Unha primeira parte das nosas emendas, tres emendas destiadas a sinalar, aínda que de baixa contía, pero si a sinalar unha liña cualitativa que debe ter o Goberno, que é o incremento do plano IDT, é dicir, é evidente que a nosa economía, como temos sinalado moitas veces ten importantes descapitalizacións tanto en infraestructuras físicas, tecnolóxicas e outras, neste terreo temos que sinalar que hai naturalmente incrementa-la liña de actuación en favor das estructuras tecnolóxicas do plano IDT.

Segundo tres emendas para mellora-las infraestructuras neste caso de tipo físico, en concreto en determinados concellos como Pontedeume, Crecente ou Cangas, os polígonos industriais neses concellos.

Terceiro, a 149, unha asignación clara de 200 millóns para o plano industrial de Ferrol.

Logo hai unhas emendas, dúas emendas concretamente por valor de 450 millóns de pesetas, 200 e 250 en dúas emendas, a 154 e a 155 de apoio ó pequeno e

mediano comercio. Eu quero dicirlle, señor Outeiral, que era importantísimo vostedes que se cansaron de facer demagoxia, sobre a axuda ó pequeno e mediano comercio, aínda que xa foi debatido, que iso é un plano nin sequera paliativo, senón propagandístico para frea-lo descontento do sector, que en todo caso estas medidas que son insuficientes se non van acompañadas doutras que nós lles propuxemos no debate co conselleiro de Industria e que xa temos na Cámara a través de proposicións non de lei, pero aínda así, contemplando estas medidas insuficientes, agora sería o momento, señor Outeiral, nese plano cuadrienal que anunciaba o conselleiro, non é o mesmo facelo agora que cando xa empecen a estar nunha situación alarmante, certas pequenas e medianas industrias do comercio. Agora sería o momento, en todo caso de afortalar as posibilidades de subsistencia deste sector, por iso ampliamos o xa contemplado en 450 millóns para a axuda ó pequeno e mediano comercio.

Por certo, fronte ó que vostedes fixeron, que me parece bastante ridículo, permítame que llo diga, e habería que explicala, porque isto debe ter outras connotacions realmente caciquís, que o Partido Popular toma molestia de facer unha emenda nesta sección que xa foi aprobada, de 360.000 pesetas, non de 360 millóns, de 360.000 pesetas para o pequeno e mediano comercio. ¿Vostede cre que iso é serio, señor Outeiral? Iso move ó riso máis fraterno porque ¿a que alcalde lle deron esa subvención? ¿a que amigo lle deron esa subvención?

Vostede cre que é posible tratando do problema estructural que ten o pequeno e mediano comercio, onde se fala solemnemente de planos cuadrienais mentindo, fálase de 20.000 millóns de pesetas, 12.000 de axuda directa e 8.000 de subvención a créditos ¿Vostede cre que se pode facer nun Parlamento serio unha emenda de 360.000 pesetas para o pequeno e mediano comercio falando destas cifras e da dimensión estructural do problema? é unha broma.

Polo tanto, nós xa lle presentamos dúas emendas, naturalmente para aumentar a axuda este ano en 450 mil millóns á parte das medidas que eu anunciei e que xa están na Cámara a través de proposicións non de lei.

Finalmente, outras emendas, tres emendas por valor de 425 millóns para axuda a un determinado sector, é verdade que poderían escollerse outros sectores determinados, nós escollemos nese caso o apoio ás empresas derivadas de componentes do automóbil, de empresas carroceiras, de empresas de vehículos especiais, tendo en conta a importancia que ten, que debe seguir tendo e debemos impulsar, o peso que ten no valor engadido, no emprego e na exportación a nosa industria de automóbil, que por certo, como vostede sabe, empeza a pasar algún problema polo detraimento da demanda, que xa o anunciei eu no debate de totalidade ó cal o señor conselleiro non lle prestou moita atención crendo que estabamos no mesmo escenario, pero agora, calquera que lea os periódicos ve que hai un importante... 13.000 vehículos... –¿pero como o prezo do barril?– Estou dicindo que ¿hai un retraimento da demanda ou non hai un retraimento da demanda, particularmente en vivendas e automóbiles? pois claro que hai, señor conselleiro. Había moitas cousas ¿xa mudaron? algunhas están mudando, ben alégrome moito.

De tódalas maneiras naquel debate había, os tipos de xuro que subiron e non baixaron do Banco Central Europeo. A inflación, aquí dixo que era conxuntural, 4,1%, si todo é conxuntural na vida, porque eterno non hai nada, todo ten data de caducidade, depende de como entendamos a dimensión da conxuntura. Retraimento da demanda é evidente que tamén ocorre. Non, non pasa nada, pregúntelle vostede a Citroën.

Polo tanto, é evidente que nós escollemos neste caso, apostamos, é verdade que é lexítimo, como fan outros grupos, apoio a outros sectores que nós lles daremos o noso voto favorable, pero a nós parecíanos singulariza-lo problema do automóbil polo seu peso no emprego, o seu peso industrial e o seu peso na exportación.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Ten a palabra o señor Caballero Álvarez para a defensa das emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor CABALLERO ÁLVAREZ: Gracias, señor presidente.

Señorías, a estas horas do debate e coa enorme expectación espertada, quero empezar cunha pregunta político-intelectual, señor conselleiro de Economía e Facenda, a vostede ¿como calculan as cargas da Seguridade Social nestes orzamentos? Pregunteillo ó conselleiro de Industria, ó portavoz de Industria do Grupo Parlamentario, e sigo sen resposta, xa só me queda preguntarllo a vostedes para saber cal é a técnica que aplican.

Debe ser unha lei singular, voullo dicir, mire, neste ano na Dirección Xeral de Comercio e Consumo, gastos de persoal, 101.357.000, cargas de Seguridade Social, 18.193.000, na mesma Dirección Xeral no ano pasado, gastos de persoal 100.011.000, cargas de Seguridade Social 31.528.000. Pois tamaña lei deben estar aplicando vostedes. Datos, estou simplemente lendo.

Quédame esta pregunta intelectual, que era unha pregunta máis propia de conferencia que de Parlamento, pero en todo caso, voulle dar un consello, un consello amigable, creo que están facendo asignacións de gastos de Seguridade Social que no conxunto seguro que cadran, estiven votando unha ollada por enriba ó conxunto, e cadra, obviamente non podía ser doutra forma no marco da lei, pero non está nos ámbitos das direccions xerais.

Polo tanto, creo que lle ten que dicir ós seus corpos técnicos, ós que fan este tipo de cálculo, simplemente que apliquen a lei a cada área, non é posible que 100 millóns produzan 18 millóns e 100 millóns produzan 31 millóns, porque non é unha diferencia dun millón, é de 18 a 31.

Curiosidade intelectual, señor conselleiro, como sei que vostede ten unha certa capacidade profesional, gustaríame que nalgún momento mo contase, que me dixese se isto é simplemente rutina, que seguro que é así.

Imos entón, ós orzamentos na súa dimensión política. Xa quedou claro no debate que tivemos en Comisión e sobre todo na comparecencia do conselleiro, que os propios cálculos que facía o conselleiro sobre esta partida e sobre a súa consellería eran pouco adecuados, non tivo crecemento espectacular que o conselleiro anunciaba porque contabilizaba partidas que non son contabilizables en ámbitos de contabilidade pública, que seccións de accións, etc, que non son gastos presupostarios no sentido tradicional e teñen un mecanismo de contabilización distinta. Polo tanto, non é certo que esta consellería incrementase os seus orzamentos de forma tan importante. De feito, estou convencido que o señor conselleiro de Economía que é un home hábil e capaz sabe que está obtendo recursos adicionais ó comprar determinadas accións porque seguramente vaian subi-lo seu valor no futuro. Por tanto, esto reverte cun certo beneficio en activos e pasivos orzamentarios.

Polo tanto, esta foi unha Consellería que creceu lixeiramente, ¡home! mellor este conselleiro que o anterior, señor conselleiro de Economía, o tratou, este conselleiro actual tivo por parte de facenda un mellor tratamento que o anterior, o cal certamente, di bastante da súa propia capacidade á hora de visualiza-la eficacia de cada un dos conselleiros.

Pero algunhas cuestións necesitan ser alteradas e nós facemos un conxunto de emendas máis en dimensión política que en dimensión presupostaria, pretendemos sinalar algunhas prioridades que neste orzamento non están suficientemente atendidas. Cremos que hai unha lagoa de actuación desde a Consellería de Industria, moi visible nos orzamentos anteriores e permanecen nestes. Hai, na nosa opinión pouca política sectorial. Algúns sectores dunha certa importancia, carecen neste momento de apoio cun programa real con obxectivos en cada un destes sectores, é certo que existen os *clusters*, é certo que nalgún sector se están empregando os *clusters*, que non vou aquí anular especificamente, negar que teña algunhas posisibilidades, pero un *cluster* sen programa non ten sentido. O *cluster* ten que ir acompañado dun programa concreto, con obxectivos a cubrir e cuns certos programas de cumprimento contrastable, senón, señor conselleiro pode acabar iso nun simple mecanismo de acaparación de apoios para o sector, sen que se teñan en conta, sen que se pidan, sen que esixan determinados resultados.

Polo tanto eu creo que isto, deberían vostedes acompañalo dalgún tipo de programa que obrigase ós *clusters* a ir en determinada dirección, negociado, eu

son consciente de que neste momento a política dirixista en industria non se pode facer, non é posible, esto é moi complexo, somos economías moi avanzadas pero si é posible establecer determinadas metas pactadas, seguramente tamén cunha certa escoita do sector sindical, de forma que nese *cluster*, que é empresarial, está feito para iso, poidamos establecer desde o Goberno de Galicia, nós achegamos isto, pero cuns determinados obxectivos; eu noto esta falta. Nalgúns dos sectores que se está a constituír, en madeira lin o outro día que hai un número de empresas importantes, eu creo que xa ese *cluster* se debería establecer como un programa de obxectivos contrastable e seguible durante un certo tempo e se non se cobre, desde o Goberno de Galicia retirarían as axudas.

Polo tanto, as cantidades que nós incluímos aquí, 50 millóns en téxtil, en naval, en madeira, etc, e máis para chamar a atención sobre esta ausencia cualitativa, porque 50 millóns de pesetas non é unha cifra significativa nin relevante en termos de orzamento, pero si creo que se debería facer esta cobertura á lagoa que existe na política sectorial.

Segunda lagoa importante. Investimento, desenvolvemento e innovación no sector industrial. A cantidade que aparece nos orzamentos é de 406 millóns dentro dese programa global de I+D máis tecnoloxía que é de varios miles de millóns e que eu creo que é aínda insuficiente, pero hai os custos que hai e polo tanto, podemos facer o que podemos facer.

Pero miren, sen embargo, atendendo exclusivamente ós gastos de I+D+I, a cantidade que se dedica para apoio de I+D industrial é moi cativa, son só 400 millóns. Tódolos informes de tódolos expertos no meu departamento na Universidade de Vigo, hai xente traballando nesto, están detectando que a maior lagoa é a capacidade de I+D+I industrial. Temos un, digamos que razoable promedio nivel Universidade galega, Universidade española en I+D, razoable. Temos un razoable nivel de I+D en determinados sectores públicos. Temos un moi escaso nivel de I+D+I industrial.

¿Isto que significa? Que imos ter que dedicar máis recursos desde o Goberno, neste momento e nestes orzamentos desde o Goberno de Galicia ó sector I+D+I industrial, pois probablemente condicionado a determinados logros. Por certo, algunha xente da que traballa no meu departamento nisto, están obtendo resultados significativos, non é todo utilizable en resultados, o que vostede subvenciona para industria, non todo ten ningún resultado e polo tanto, hai que condicionalo. Non demos apoio I+D+I incondicionados, démolos condicionados a determinados logros e determinados investimentos a levar adiante. ¿Que facemos, polo tanto? Pois é unha chamada de atención política, temos 60 millóns para sinalar, simplemente esta carencia. Enténdase máis nesa liña cualitativa de ausencias políticas.

Ben, non apoian vostedes demasiado Cotogrande, a min gustaríame que, dado que dentro dun rato estarei en Vigo, e dado que nos orzamentos atopei cifras que me pareceron razoables para outros centros de exposición e industriales, comercial-industriales, que me parecían razoábeis, botei en falla que Cotogrande en Vigo, primeira cidade industrial deste país tivese algún apoio dunha certa envergadura.

Unha cuarta liña tamén de apoio cualitativo, eu o explicaba en Comisión con calma, soterramento de liñas de alta tensión. Quero deixar a posición clara, non o fago desde o convencemento de que hai risco certo, fágoo desde a necesidade de prevención por se hai algún risco. Nalgúns sitios estase facendo, é certo que é unha cuestión controvertida, está na controversia, pero creo que deberiamos facer un estudio e a isto pido 25 millóns e anticipándome ó que o señor Outeiral vaia dicir, dígolle para que. Para facer un estudio dos posibles soterramentos de alta tensión en Galicia e marcar prioridades, creo que é un xesto político que sería conveniente e sería asumido. Porque hai moita xente en moitos municipios moi preocupada, outros grupos fixeron emendas con contido concreto, que nos parecen adecuadas, razoables, e que as apoiaremos, pero creo que algún xesto nesta dirección para sinalar sensibilidade política, deberían facer. Polo tanto, propoño unha emenda aceptable, son 25 millóns simplemente para sinala-lo interese política desta cuestión.

Por último e a isto quero dedica-los últimos cinco minutos da miña intervención, sector comercial en Galicia. Creo que vostedes nestes orzamentos fixeron un esforzo, para atender unha crise política, económica, e social do pequeno comercio en Galicia, visible, a

inquedanza é visible. O desafortunado Decreto de liberalización do Goberno de España, levantou unha sensibilidade e un temor latente no pequeno e mediano comercio e fíxoo manifestamente visible. Esta inquedanza era latente, estaba ben. Os comerciantes tiñan unha certa dificultade, un certo temor, vían competencia de grandes superficies, estaban inquietos, non vían a posibilidade real de subsistencia a medio prazo. Polo tanto, un sector tiña unha certa inquedanza, estaba preocupado.

En medio disto e cando había unha certa discusión latente neste país sobre se limita-las grandes superficies, sobre que estructura de comercio queremos, era lexítimo, verdade, porque é unha cuestión económica, pero é unha cuestión social tamén, e cando isto empezaba a calar e nalgúns municipios os equipos de Goberno empezan a ter dúbidas de se é bo ou non é bo, no propio goberno da Xunta estou seguro de que esta discusión está presente o Goberno de España e unha precipitada decisión liberalizou horarios comerciais en certa medida e marcou a dinámica.

Creo que a estas alturas todos sabemos que foi precipitado e innecesario. Creou unha gran inquedanza social e o sector comercial de Galicia está moi preocupado porque temen no aguanta-lo risco da competencia que lles vén encima.

Eu contaba anecdoticamente, se un pasa as dez menos cuarto pola Gran Vía de Vigo, atópa o Corte Inglés aberto e o resto do comercio pechado, non poden estar abertos ás dez menos cuarto da noite, non é posible, a súa capacidade de compentecia, non é suficiente como para manter aberto a esas horas, esta gran superficie, non estou dicindo nada en contra deles, senón simplemente anotando o que isto significa, esta gran superficie é capaz porque ten unha distribución de horarios que llo permite, ¿por que? porque ten varios centos de empregados, seguro que outras grandes superficies tamén.

Polo tanto, e dado que a decisión está tomada e a estas alturas non parece moi posible que o Goberno de España as reverta, creo que hai que dedicar recursos o máximo posible, a máxima cantidade posible para face-la competencia posible de forma inmediata. Porque nun ou dous anos de competencia desleal e desequilibrada, o pequeno e mediano comercio vai sufrirlo, vai aguantar mal. Tampouco quero ser catastrofista, non é que vaia haber unha gran hecatombe no pequeno e mediano comercio, vai haber dificultades. Unha parte deste pequeno e mediano comercio con sectores comerciais e grandes superficies cerca vanno pasar mal, vanno pasar, desde logo, peor que ata que este Decreto apareceu.

Por iso, vostedes incrementan as cantidades presupostarias para apoio a pequeno e mediano comercio, en 331 millóns de pesetas nun tipo de cálculo e en 474 noutro, depende o que se entenda por cesamento anticipado. Se o cesamento anticipado é peche de actividade, non estamos de acordo e polo tanto serían 331 millóns. Se son xubilacións anticipadas, podemos compartilo e entón serían 474 millóns de pesetas. Dado o número de pequenos e medianos comercios que hai en Galicia, isto significa 9.500 pesetas por comercio. 9.500 pestas comercio e ano, por cada un, é unha media en cada comercio, sen dúbida uns a terían e outros non, pero é para que teñamos unha idea das cifras, o que seguro que a vostedes lle parece unha gran contribución, neste momento e na preocupación social que existe é claramente insuficiente.

Nós facemos unha emenda de incrementar esta cantidade en 1.258 millóns de pesetas, que significaría soamente 40.000 pesetas por comercio e ano. ¿Por que? Porque estas axudas, señorías, soamente se van dar dous, tres, como moito catro anos, probablemente, nin tan sequera catro, o que non aguante os dous primeiros anos, vaille pesar; o que aguante, desde logo, vai te-la pervivencia.

Por iso eu quero presentalo con realismo político. Sen dúbida cunha emenda de 1.225 millóns de pesetas é unha enorme cantidade de diñeiro nuns orzamentos desta magnitude. Pero nós estariamos dispostos a admitir unha transaccional, señor Outeiral, algo que signifique un incremento dos recursos que vostedes dedican a pequeno e mediano comercio. Nós propoñemos esta cantidade, seguro que vostedes non teñen capacidade presupostaria dentro dunha estructura de orzamento xa feita, e eu sei ben o que é esto, para dedicar esta cantidade. Pero eu fago unha proposta, fago a proposta de que presenten unha transacción, que incrementen a cantidade de recursos que vostedes dedican a pequeno e mediano comercio. Discutimos, se estamos de acordo nese incremento, non estamos

de acordo, pero en todo caso que mostren vostedes unha certa capacidade de incrementar estas cantidades.

Neste momento, señorías, sobre esta cuestión, despois de que decidiron non recorre-lo Decreto-Lei de liberalización, despois de que prometeron apoios ó sector comercial e despois de que neste momento seguen preocupados, a pelota está no seu terreo, son vostedes os que teñen que responder.

Gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Gracias, señor Caballero.

Ten a palabra o señor Díaz Díaz polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor DÍAZ DÍAZ: Gracias, señor presidente.

Ía dicir que o señor Orza e o señor Currás, son multiconselleiros, pero direi que o señor Currás é un multiconselleiro e vese que ademais a cuestión de industria non é nada preocupante para o país, así nos vai, evidentemente.

O señor Orza, que xa leu o MAC 2000-2006, pára-se moito en dous conglomerados moi importantes da nosa economía, o agro gandeiro, señor Orza, e o comercial, o cal non deixa de ser xa o reflexo do que vai pasar con estes sectores no periodo 2000-2006, eu xa expliquei ó longo destes anos a alternativa industrial do BNG, tantas veces que eu creo que ata o propio señor Outeiral a entende. Pero ademais como tamén sei o que me vai responder, non vou facer moitos esforzos en explicar esa teoría, de tódalas maneiras aludirei un pouco ó meu admirable compañeiro, señor Vega, na súa intervención de pola mañá, sobre a teoría do cero.

Realmente, tiña vostede toda a razón, se eu fose tan admirador do cero, do déficit cero, o endebedamento neto cero, etc, realmente viría co pelo cortado ó cero, que por certo, ademais está de moda. Están tan subxugados co cero, o cero un número magnífico creado polos árabes que eu case me convertería ó islamismo, ademais o cero ten un montón de propiedades matemáticas considerábeis, entre outras, a non menos importante, a de ser o elemento neutro en operacións suma, como moi ben sabe o señor Currás, cuestión importante.

O que pasa, é que vostedes en industria o cero quédalles pequeno, vostedes van ó conxunto baleiro, á nada, non existe política industrial, non existe política enerxética, non existe política tecnolóxica e de innovación, non existe política de infraestructuras industriais, isto si que é grave, porque naturalmente, estamos actuando sobre a economía real, e agora estamos vendo o que está pasando neses mercados virtuais, niso que se chaman empresas tecnolóxicas, nese 90% de *bluff* empresarial, que se está desinflando e naturalmente, vai ter magras consecuencias na economía real, que é onde se produce a riqueza e é o sostén de toda a actividade de creación humana, de creación de riqueza, por isto, non está aquí o señor Fraga, naturalmente, que ultimamente goza dicindo cuestións que reflicten moi ben cal é a política do PP para este país.

En primeiro lugar parécelle ben, excelentemente, que unha empresa como Ebro, atrape a Pulevа-Leyma, porque di que as empresas pequenas non teñen sitio no noso país, é dicir, hai que acabar realmente co noso país, aínda onte paréceme que o señor Fraga remitíase a unha, estamos ás portas do século XXI, e remitíase nada menos que a unha concentración parcelaria para rematar co minifundismo, piedade para as explotacións familiares no noso país, isto é o que nos vén dicir o señor Fraga, é dicir, temos unha política para o cal, o esencial, o fundamental, a cerna da creación de riqueza deste país non nos serve para nada, vostedes nin defenden ás empresas pequenas, nin defenden ás empresas grandes.

Polo tanto, señor Outeiral, como xa explicaron aquí outros e non vou dar case nin unha soa cifra, con dicir que o 80% dos fondos da consellería é unha caixa xeral de repartos sen política nin concrección ningunha, regalos que axudan, como xa lle dicía pola mañá á compra do ínclito grupo Ramilo, que axudan a empresas como Monbús, que axudan a CEG, que axudan a Unicar e que deixan marxinada a posibilidade que este país poida facer, certamente, unha política industrial como se merece.

Polo tanto, e como sabe, nas nosas emendas, xa llo expliquei na Comisión, hai 10 grandes liñas: a primei-

ra, o que se encadra dentro da política industrial territorial, hai que ir e avanzar non só nas grandes políticas, tamén nas pequenas, e cremos que hai que facer planos integrais comarcais para consolidar os sistemas productivos locais e aproveita-los recursos endóxenos locais.

En segundo lugar, sobre todo para mencionarlles o famosísimo plano da miña terra, o famoso plano de Ferrolterra, para o que dotan a unha ínclita asociación benefactora do PP, nada máis e nada menos que chamada Ferrol Metrópoli, con seis millóns de pesetas para dar a entender que están facendo política industrial en Ferrol cando non só se están evadindo desa grave situación que padece esta comarca, senón que nin sequera reclaman do Goberno central as actuacións e as axudas que o Goberno central, dentro do sector público, está investindo noutras zonas do Estado. Esa é a súa lamentable situación.

Unha segunda liña é a política sectorial máis ben orientada ó peche de ciclos, aquí no noso país, calquera que vexa a realidade, calquera que vexa unha táboas imput-output, que vexa o que queira, naturalmente debería distinguir dous planos. A necesidade de que as pequenas empresas unifiquen esforzos no ámbito comercial, no productivo, na enxeñería, no deseño, que aprendan o que están facendo os países avanzados desde hai 10 anos, a cooperar para competir, así de fácil, esa é a consigna desde hai 10 anos que vostedes non están informados dela. Hai que lograr sinerxias, hai que facer que a suma de factores sexa un elemento multiplicador da actividade individualmente. Ese conxunto de pequenas empresas non o poden lograr, téñeno que facer necesariamente desde un ámbito de cooperación naqueles aspectos industriais, comerciais, de deseño, de enxeñería, etc, no que iso resulta certamente factible.

Hai ademais que poñer en relación coas poucas grandes empresas que aínda temos, as empresas que nuclean ó seu arredor, hai que lograr fórmulas contractuais entre as grandes empresas e as pequenas para que naturalmente as grandes empresas sirvan de motor de arrastre, densifiquemos o entramado industrial do noso país, fagamos novas empresas e non sexamos un país crecentemente importador e advírtolles que o euro como moeda real factual iso vén no ano 2002, cando os prezos en eurolandia sexan transparentes e non estean recubertos polo veo da moeda española neste caso, saberán vostedes a consecuencia que vai traer para a nosa economía. Esa competencia nun prezo transparente onde só imos poder actuar non só na política monetaria senón nas cantidades reais, no emprego e no salarios ó que tan aficionados son.

Polo tanto neste ámbito nos propoñemos unha serie, soamente indicativa de planos de organización de peche de ciclos na pizarra en Valdeorras ou da racionalización de explotación da lousa en Lugo sur.

Nun terceiro apartado que non me deterei nel, refírese en darlle carácter finalista ó propio programa da Consellería de selado e clausura de antigas explotacións mineiras, e refírese á recuperación dos terreos da mina Riotinto en Louro.

En segundo lugar, hai unha iniciativa nosa que lles propón un novo programa, renovación da telefonía rural celular. Nesta Cámara aprobouse unha proposta de resolución no último debate do estado da autonomía que se dicía iso, realmente, aquí teñen ocasión de como vostedes van negar isto que se aprobou no último debate do estado da autonomía. Naturalmente sabemos que a telefonía celular rural, xogou un papel social determinado pero iso está, é máis antigo que o diplodocus. Naturalmente sabemos que nas zonas rurais non só no ámbito das infraestructuras, no ámbito da telefonía, hai que facer que eses cidadáns, poidan acceder a Internet, hai que facer que todos eses cidadáns non sexan galegos de segunda e que realmente poidan dispoñer dun bo subministro eléctrico, dunha boa telefonía, de acceso a Internet, etc., e unhas boas infraestructuras físicas e só realmente poderemos consolida-la poboación neses ámbito, senón non se asusten se realmente se marchan.

En política enerxética, xa non me vou parar demasiado, porque naturalmente cualificar como se cualificou a fusión Iberdrola-Endesa, como positiva para o noso país, é te-los pés para arriba e a cabeza xustamente para abaixo.

Esta fusión pode traer gravísimas consecuencias no noso sector eléctrico, señor Outeiral, a primeira é a supresión dos ciclos combinados, a primeira é que Endesa é unha empresa que non se pode modernizar a través dos ciclos combinados mentres que Endesa se está modernizando no resto do Estado e mentres o no-

vo modelo enerxético estase desprazando cara levante, onde están as plantas regasificadoras, plantas regasificadoras, señor Outeiral, que o día 12 deste mes, a semana pasada, martes, xa foi aprobada a de Bilbao. Polo tanto, teremos unha planta regasificadora máis. Debería saber vostede que está en estudio un gasoducto nada menos que Arxelia-Almería, ¿sabe quen é o promotor, ademais de Cepsa e algúns outros operadores petroleiros? Nada menos que por aí anda, Sonatrach, ¿Sóalle Sonatrach? nada menos que por aí anda, Endesa. ¿Sóalle Endesa?

É dicir, os intereses, e que falarlle de Unión Fenosa que está facendo unha planta de licuefacción nada menos que en Exipto. A viaxe do señor Fraga a Libia ¿para que serviu? ¿non era para o gas famoso?, non, Unión Fenosa polo visto atrapao desde Exipto. ¿Para que? para descargar o metano nas catro plantas que van existir, a de Bilbao e as outras tres que xa existen.

Polo tanto, imos ter plantas regasificadoras neste contexto, e fíxese ben, é curioso que é verdade que a comisión eléctrica do Estado, xa aprobou a fusión, é verdade que os conselleiros desa Comisión do PNV e CIU, votaron en contra. ¿Que votou o señor que representa a Xunta de Galicia? ¿Quérenmo explicar? Unha das cuestións que ademais a min fastidiame máis é que realmente, non está o señor conselleiro de Industria, e no trámite correspondiente fíxenlle oito preguntas, e non me contestou ningunha. Polo tanto, esta mesma pregunta fíxenlla e non ma contestou.

¿Por que os señores de Endesa lle andan ofrecendo ó Goberno vasco e ó Goberno Catalán que participen na Comisión de seguimento de Enderdrola e en cambio, este país que gracias a el, á explotación dos lignitos pardos das Pontes, Endesa é o que é, realmente pasa olimpicamente, despreza ó señor Fraga, desprezan ó noso país e non hai sitio nesa Comisión de seguimento da fusión de Iberdrola-Endesa? Así podería seguir.

Polo tanto, as emendas no ámbito este eléctrico, infraestructural, van, como xa se dixo, soterra-las liñas, á mellora do subministro eléctrico nunha serie de municipios, a dota-la planta famosa regasificadora galega, porque a Xunta vai participar nun 8%, cando saia aquí, señor Outeiral, explíqueme cantos millóns son o 8%, porque claro, este é un elemento máis, o 10%, perdón, ten toda a razón, o 10%, explíqueme canto é o 10%, pero en millóns, iso non se fixo. Ademais, esa planta aínda, nin sequera pediu autorización administrativa ó Ministerio en Madrid, que é onde ten que facelo.

En sétimo lugar, ou no que corresponda, está a política de infraestructuras industriais, entre elas, son melloras en polígonos industriais que existen no país e que hai que atender e que non vou relatar. Está a política de I+D, tecnolóxica e de innovación e xa non teño tempo, o reloxo estame avisando, pero direilles unha cifra só, porque é certamente entretida.

¿Saben, nestes orzamentos, canto significan os investimentos en investigación e desenvolvemento e innovación no I+D+I famoso, que non vén de idiota, vén diso que dixen eu antes? ¿Saben canto investimos? O 0,025 do PIB galego, ¿sabe canto investimos, non na Consellería de Industria, no conxunto do Goberno galego, en I+D+I? Investimos o 0,14 do PIB. ¿Saben vostedes cales son os investimentos promedios na Unión Europea? Un 98% do PIB, da Unión Europea.

Polo tanto, vostedes cren que se pode competir desta maneira, pensando que inventen eles, e que nós aquí temos que non existir, que pasar e listo.

Para ir acabando, queda finalmente o ámbito comercial que hai unha serie de emendas que se refiren a aspectos de promoción de comercio, dun pavillón, etc, e finalmente atención ás empresas en crise e mellora de productividade. Mellora de productividade ¿onde? Miren, en Santa Bárbara, empresa da que imos falar dentro de pouco, e non me vou parar agora, porque maís preocupado que eu anda o señor Aznar para ver se se rende ós *yanquis* ou ós alemáns, co tema, como sabe moi ben da venda desta empresa a Krauss-Maffei y Rheinmetall alemana, ou á General Dynamic, xa o señor Aznar foi este fin de semana a xantar co señor Schröder alemán, así que iso non vai para os yanquis como vostede xa sabe, señor Outeiral, asegúrollo eu.

En segundo lugar, para a empresa Tabacalera, na que esta Cámara aprobou unha resolución que nestes momentos históricos é moi importante, porque había a segunda empresa, o segundo centro desta grande

empresa máis rendíbel, máis eficiente desde o punto de vista empresarial, vaise comete-la animalada, dígoo así, gracias...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor DÍAZ DÍAZ: ...á inexistencia de política da Xunta de Galicia, gracias a que o Goberno galego incumpre continuamente, incluso as iniciativas aprobadas neste Parlamento, gracias a isto, esta empresa tan eficiente, vai desaparecer da nosa economía como tantas outras.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Díaz.

Posicionamento por parte dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Si, señor presidente, simplemente para da-lo noso apoio ás emendas dos outros dous grupos da oposición.

Gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Ten a palabra o señor Caballero Álvarez por parte do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor CABALLERO ÁLVAREZ: Tamén, señor presidente, para deixar clara a nosa convicción de necesidade de apoio ás emendas dos outros grupos, aínda que nalgunha concreta teriamos algunha dificultade menor, algunha discrepancia menor, vai prima-lo desexo de poñer por diante que na maior parte das cuestións coincidimos, e polo tanto, imos dar apoio ás emendas do Grupo Nacionalista é ás emendas do Grupo Mixto.

Pero en todo caso, señor presidente, non me resisto a dicir que en Comisión aprobouse unha emenda do Grupo Popular que votamos en contra. Polo tanto, deixar constancia nesta Cámara, dunha emenda do Grupo Popular por pouco máis de 300.000 pesetas, que seguimos sen coñecer cal era o seu destino.

Polo tanto, quero invitar ó portavoz do Grupo Parlamentario que nos diga, especificamente cal é o destino deses recursos. Porque no medio dunha partida de varias dúcias de millóns, unha emenda de trescentas e pico mil pesetas, resulta pouco crible. Polo tanto, gustaríanos que antes de emitir unha opinión definitiva, claro non sabemos para que é, opinión política, refírome, porque xa votamos en contra. Pero gustaríanos que o portavoz do Grupo Popular, dixéranos exactamente cal é o destino desas trescentas e pico mil pesetas, exactamente para que partida e para que sitio.

Moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Caballero.

Ten a palabra o señor Díaz Díaz na rolda de posicionamento.

O señor DÍAZ DÍAZ: Si, señor presidente, simplemente para manfiesta-lo noso apoio ás emendas do Grupo Mixto e do Grupo do Socialistas de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Díaz.

Ten a palabra o señor López Outeiral polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor LÓPEZ OUTEIRAL: Gracias, señor presidente.

Señorías, dicir que, empezar dicindo que neste trámite, señores portavoces da oposición, veño posiciona-lo meu grupo sobre as emendas vivas.

Polo tanto, posicionarme sobre emendas que xa están incorporadas ó texto, poderíao facer se me desen unha vez antes para posicionarme, pero agora non, entendo que sería facer un pouco de trampa, eu vou-me posicionar sobre as súas que son as que están vivas, e non sobre as que xa están incorporadas ó texto. Por outro lado, explicadas no seu momento con maior ou menor fortuna.

Agradecer por outro lado o ton dos tres portavoces, aínda que quixera facer un pouco de fincapé nese ton do señor Díaz, ó que nos vai tendo acostumado ultimamente, ese ton un pouco alarmista, catastrofista,

todo está mal feito, non hai nada, cero, non temos política industrial, non temos política enerxética, non temos política económica, non temos nada. Eu creo que non lle vai, eu creo que vostede é unha persoa que le, que debese revisar un pouquiño ese tipo de debate que ten, eu entendo que para nada vai con vostede. ¡Home! chega ó colmo da ousadía cando di que propón por medio dunha emenda, esto é certo, un programa novo, que é o de repasa-la telefonía rural celular. ¡Home! é tan novo que efectivamente este programa non compete ó ámbito compentecial, sirva a redundacia da Consellería de Industria, se non que pertence a outra consellería, polo tanto permítame que non debata sobre el.

Iso si, recordarlle que repase o seu discurso tamén aquí, porque eso de que facendo investimento neste campo da telefonía rural, acabarase coa dicotomía que existe entre galegos de primeira e de segunda. Repáseo, repáseo porque esto precisamente foi o que intentou o Partido Popular, impulsando este tipo de telefonía hai agora 11 anos. Chega vostede un pouquiño tarde, pero alégrome de que vaia seguindo as liñas políticas que vai incentivando e impulsando o Partido Popular, repase, dígolle, seriamente o seu debate porque xa me empeza a preocupar.

Dicir, señor Caballero, que eu tamén comparto como vostede, e díxeno o ano pasado e díxeno hai dous anos, ese entusiasmo por Cotogrande, e dígoo sen ningún tipo de connotacións doutro tipo. Dicir que nos últimos anos en Cotogrande se fixeron investimentos que superan os 300 millóns de pesetas, o ano pasado en concreto como como dotación fundacional se deron e conseguiron 200 millóns de pesetas para Cotogrande, pero a min o que máis me entusiasma de Cotogrande e doutros recintos feriais de Galicia pero estamos a falar de Cotogrande porque é unha emenda do Partido Socialista, ¿verdade?

Digo que me ilusiona, porque realmente funciona, realmente fanse cousas importantes en Cotogrande, porque realmente pódese chegar incluso ata a autoxestión, e o automantemento, ese é un logro importante non só de Vigo, senón de todo o ámbito sur de Galicia e sobre todo da provincia de Pontevedra, creo que esa é a liña, ese é un resultado fantástico que eu non vou atribuír á Consellería de Industria, pero si teño que recoñecer que, o seu gran de area, o ten posto.

Señor Guerreiro, iso da oficina clientelar dunha consellería que non existe, é unha consellería, señor Guerreiro, que eu lle quero recordar que ten uns presupostos para este ano de máis de 18.000 millóns de pesetas, que se incrementa nun 11% respecto do ano anterior, e que a media de incremento dos presupostos do total da Xunta de Galicia é do 8,1%. Polo tanto, explíqueme vostede o que entende porque non existe unha consellería, 18.000 millóns de pesetas, son moitos millóns de pesetas como para dicir que non é nada.

Tanto é así, que fíxese vostede que acto seguido fala de oficina clientelar, que preto do 70% dese capítulo VII, vai á empresa privada. Por outro lado, eu teño que dicir que si é certo, é que se trata, precisamente diso, de axudar á empresa maioritaria de Galicia que é a pequena e mediana empresa privada, porque o sector público non é o prioritario, non é o maioritario, perdón. Hai criterios, hai criterios que vostede pode avaliar e que vostede pode pedir e que alguén virá aquí a explicarllos onde eu entendo que prima a equidade, a igualdade e a prioridade. Vostede, eu respecto, faltaría menos, o seu punto de vista, pero espero que tamén vostede sexa capaz de respecta-lo meu.

Dicir que as competencias de industria están espalladas polas diferentes consellerías e que iso non ocorre en ningún país do mundo, é moito dicir tendo en conta de que a Industria, a configuración do que é unha industria, unha empresa, require que o ámbito competencial, de varias consellerías, isto é imprescindible, hai un ámbito laboral dentro do que é unha empresa, hai un ámbito comercial, un ámbito organizativo, un ámbito financeiro, hai empresas que están máis próximas á pesca e que por suposto deses fondos é de onde pode conseguir axudas, ou á agricultura ou á gandería, e as empresas en crise tamén teñen os mecanismos no Igape correspondentes, ou na promoción do emprego de traballo.

Eu si que entendo que isto pode ocorrer no resto do mundo e entendo que non debe chama-la atención a ninguén.

Señor presidente, esto era a raíz do que acabamos de falar aquí, seguramente estendinme un pouco, dicir que eu quería falar de tódalas emendas a nivel xenérico desde un dobre punto de vista: tendo en conta, en primeiro lugar, os aspectos que os diferentes grupos

da oposición tentan impulsar coas súas emendas, con algúns acabo de falar agora; en segundo lugar, tendo en conta tamén os programas de onde se detraen eses fondos, que eu creo que é sumamente importante é que ó señor Caballero faille dubidar de se votar a favor ou en contra dalgunha das emendas da oposición.

Desde o punto de vista dos fins que perseguen as emendas que presenta a oposición dicir que son reincidentes respecto de anos anteriores, pouco innovadoras, por dicilo dalgún xeito, carentes de ideas imaxinativas que supoñan unha alternativa política industrial que presenta o Goberno a través destes presupostos. En realidade son, desde o meu punto de vista a confesión do apoio involuntario iso si, da oposición á política do Goberno do Partido Popular.

Dicir, neste sentido, xa adiantei, por cortesía parlamentaria vou intentar falar de todas, que se tratan duns presupostos que superan os 18.000 millóns, que hai un aumento dun 11% respecto do ano anterior, e vou empezar polos conglomerados industriais ou a acción sectorial, como lle queira chamar, para que quede claro para a Cámara, que todos eles son aspectos que tratan os presupostos a iniciativa da propia consellería.

Dicir que nos conglomerados industriais, hai un total presupostado de 3.321 millóns de pesetas, no sector da automoción, ó que fan referencia as emendas 156, 157 e 158 do Grupo Mixto, xa están presupostados 1.275 millóns de pesetas, espero que non me deixe mentir as súas señorías.

Respecto do sector do granito e da pizarra, as que fan referencia das emendas 3 e 4 do Bloque Nacionalista Galego, xa están presupostados 590 millóns de pesetas. Respecto do sector naval, hai unha emenda do Partido Socialista, en concreto a emenda 43, é dicir que tamén hai un presuposto vivo que se presenta ante esta Cámara, por valor de 370 millóns de pesetas.

Respecto do sector da madeira, hai outra emenda do PSOE, a emenda número 44, concretamente, dicir que no sector da madeira contarase no presuposto vindeiro con 350 millóns de pesetas.

Con respecto ó eido do téxtil, da confección, hai unha emenda tamén do Partido Socialista, a emenda número 39, dicir que xa hai unha dotación presupostaria de 275 millóns de pesetas e seguindo tamén na acción sectorial, telecomunicacións e audiovisual, 180 millóns de pesetas, aínda que non estea emendando.

Respecto dos polígonos industriais, que é o programa 661C, que presenta os presupostos da Consellería de Industria, hai emendas presentadas, que é a do BNG 8, do Mixto 146, 147 e 148, entendemos que este programa é suficiente.

¿Por que eses programas entendemos que son suficientes? Baseándose na experiencia doutros anos, non vai ocorrer, como xa ten ocorrido, que eses créditos queden desertos e despois teñamos problemas nese sentido. Non son sempre todo o suficiente que quixeramos, pero en todo caso responden a unha traxectoria de varios anos, a unha traxectoria que nos din que ten que ser dese xeito.

Con respecto ó comercio, hai emendas do Partido Socialista e do Grupo Mixto, estas vounas tratar en concreto, a 46 do Partido Socialista e a 154 e 155 do Grupo Mixto. Dicir que hai xa, señor Caballero, un programa cuadrienal de modernización do comercio minorista 2001-2004, dotado con 1.534 millóns de pesetas. ¿Vostede pretende implementalo? E moito máis, perfectamente, non hai ningún problema, o que pasa é que teña vostede en conta que xa a consellería con esta contía partindo que no ano pasado, o presuposto anterior, eran 950 millóns os dedicados a este concepto, están incrementado nun 61%. Creo que é unha cifra nada rexeitable, e que deixa ás claras a política tamén que neste sentido intenta desprega-la Xunta de Galicia a traveso da consellería.

Dicir que na acción exterior tamén do comercio, hai os 474 millóns de pesetas que polo medio do plano FOEXGA e do PIPE inténtase facer chegar ás diferentes empresas, en total, 2.686 millóns de pesetas, señorías.

Respecto da enerxía é da política enerxética, da cal en palabras do señor Díaz, carece a Xunta de Galicia, dicir que esa carencia, para o ano vindeiro, trátase de materializala, en 2.951 millóns de pesetas, dos cales, 1.000 millóns de pesetas van ó plano de calidade eléctrica no rural, no plano de infraestructuras eléctricas, esto fai referencia á emenda número 6 do BNG. As enerxías renovables, máis de 200 millóns de pesetas.

Enerxías renovables, non a esas enerxías dos parques eólicos, para iso tamén hai as súas partidas, senón para promover esas pequenas intalacións ou ben proxectos no campo da biomasa.

Tamén dicir que está o plano gasístico do cal estamos francamente orgullosos, seguramente irémolo completando, pero nunca se acabará, sempre haberá novas necesidades nesta área. Investirase, no vindeiro ano, 500 millóns de pesetas para remata-los ramais da segunda fase de regasificación, construír novos ramais, que se incorporen como proxectos en 2001,etc., ademais 100 millóns para chega-lo gas ós polígonos industriais que carezan dese combustible, e 833 millóns de pesetas a ampliación de Gas Galicia.

Por certo, señor Díaz, eu teño que recoñecer que para a planta regasificadora onde a Xunta de Galicia participa cun 10%, no 2001 non vai nin unha soa peseta, porque no 2001, non se vai empezar con esta planta regasificadora, sería absolutamente ilóxico que sabendo de que este proxecto non comezará no ano 2001 que se concretaran uns créditos que posiblemente corresemos o risco de perdelo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LÓPEZ OUTEIRAL: ...por certo, o 10% é que de cada 100 son 10, iso é o que significa o 10%.

Respecto do aforro e eficiencia enerxética, van destinados tamén, –señor presidente e remato– 318 millóns de pesetas. En investigación e desenvolvemento, que aquí hai emendas do Grupo Mixto 142, 143 e 144, van destinados 439 millóns de pesetas, ó Parque Tecnolóxico de Galicia 110 millóns de pesetas e á fundación para o fomento da calidade industrial e o desenvolvemento tecnolóxico 775 millóns de pesetas, así como posibilitar que as diferentes empresas cheguen, a achegalas á sociedade da información, van destinalas, 325 millóns de pesetas, aquí hai dúas emendas do Partido Socialista, a 40 e a 41, e a minería e Administración industrial, temos dúas dotacións, unha de 246 millóns de pesetas e outra de 260 millóns de pesetas...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LÓPEZ OUTEIRAL: ...–remato, señor presidente, de verdade– esa emenda número 42 do Partido Socialista, están destinados 350 millóns de pesetas e a calidade industrial 110 millóns de pesetas.

–Remato, señor presidente–, dicindo que tamén a segunda parte, dicir de onde se minoran, de onde se detraen estes fondos é importante, xa que aquí hai algunhas emendas, en concreto do Partido Socialista, respecto do Instituto Galego de Consumo, co que o desbarata, desarticula, acaba con el, eu entendo que esto é un erro político e tamén do Bloque Nacionalista Galego respecto do Instituto Enerxético de Galicia que tamén pretende a súa desarticulación co que nós non podemos estar de acordo.

Consecuentemente votaremos en contra das emendas que presentan tódolos Grupos da oposición, polas razóns que acabo de dicir.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor López Outeiral.

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras na rolda de réplica.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Gracias, señor presidente.

Señor Outeiral, xa vexo que está vostede un pouco á baixa, non hai moita claque ultimamente para...

Eu sinceramente, señor portavoz, eu comprendo a súa actitude de non querernos explicar ó señor Caballero e a min o das 360.000 pesetas para o pequeno comercio, comprendo perfectamente, eu creo que xa tivo que ter un trago, eu comprendo que eses tragos son amargos, evidentemente, encóntrase unha triquiñuela regulamentaria, entendo que non a queira explicar, como non quixeron explicar o de Diz Guedes porque tamén é moi complicado, nin o señor Pita, nin os portavoces o dicimos, é complicado, comprendo que é complicado, comprendémolo, señor Pita, é complicado. Pero conste que é bastante ridículo o que están presentando.

Sobre a consellería, señor Outeiral, mire, é malo cando un se equivoca, é unha cousa grave cando se

está dirixindo naturalmente un orzamento e unha institución pública, pero o problema vólvese gravísimo cando se quere xustificar o inxustificable. Eu non dixen que non houbese consellería, dixen que non hai Consellería de Industria, para ser exacto, ¿verdade? Dixen que non coñezo e vostede tampouco ningún país de Europa, da Unión Europea que teña esta estructura.

Mire, non só tódalas competencias de Industria, políticas, administrativas e lexislativas, ou sexa a iniciativa lexislativa na política industrial, debe estar baixo unha dirección política, aquí non está, é máis os instrumentos máis importantes de política horizontal está na Consellería de Economía, iso non o atopa vostede en ningún lado, en ningún. Pero vostede querendo riza-lo rizo, querendo xustifica-lo inxustificable, vén coa política laboral ¿que ten que ver iso? A política laboral no é a política industrial *estrictu senso*, pertence en tódolos países modernos ó ámbito da Consellería de Traballo, por certo aquí non, aquí tamén está a de Xustiza e Interior, aquí tamén somos unha anomalía da estructura orgánica dun Goberno. Pero nos outros países normais, nos gobernos normais, está na Consellería ou no Ministerio de Traballo, un Ministerio que abrangue, entre outras, tódalas competencias de traballo, incluídas as relacións laborais.

Polo tanto, non só vostedes cometen unha anomalía en Industria, tamén en Traballo, xa que vostede o sacou, non confunda vostede as relacións laborais coa política industrial *estrictu senso*, ata aí podiamos chegar. Polo tanto, non hai Consellería de Traballo, Consellería de Industria *estrictu senso*.

Terceiro, eu non dixen que non houbese que facer transferencias de capital ás empresas privadas, o que digo é que non se deben facer sen ter planos concretos e avaliables, resaltaba o señor Caballero, que en caso de que non se cumpran eses proxectos, hai que retirala axuda, vostedes non teñen nada diso, é máis na primeira comparecencia que fixo o señor conselleiro de Industria nesta Cámara, non no Pleno, nos orzamentos do ano pasado, que acababan de ser nomeado, dixémoslle que lle dabamos unha certa, en fin, por cortesía parlamentaria que nesa comparecencia non lle iamos esixir incluso que asumise os presupostos que el non fixera, porque acababa de ser nomeado, pero presentámoslle a gravidade que representa dar miles de millóns de pesetas a planos non controlables, nin concretos, nin avaliables, que esas subvencións van sen ningún tipo de control, el recoñeceu que era así e prometeu e incumpriu, prometeu e non cumpriu un proxecto de que traería a esta Cámara unha nova lei de subvencións para a política industrial.

O señor conselleiro de Industria, non este deputado, porque recoñecía que hai un baleiro que permite todo tipo de fraude de clientelismo, nas subvencións de política industrial, o señor Yuste, non Anxo Guerreiro, o señor Yuste, recoñeceuno na Comisión e prometeu traelo, loxicamente lle dixeron, ¿pero ti onde estás amigo? ¿cres que estás nun Goberno de verdade? Ti es parte da política electoral e clientelar como todos, déixate de control de subvencións ¿pero ti de onde ves? viña enganado. Hai dúas opcións ou marchar dignamente ou tragar esta insoportable construcción antidemocrática. Pero iso é o que hai, señor Outeiral, vostede estaba nesa comparecencia e recórdao perfectamente.

Finalmente sobre o comercio. Pero señor Outeiral, nós lle propoñemos un aumento de 450 millóns entre as dúas emendas, pero dígame vostede, se hai un plano cuadrienal, co que se presuposta hoxe, un plano cuadrienal onde se fala de 20.000 millóns –esa é a noticia que deron á prensa, xa será claro aquí que unha cousa son os 12.000 e outras son as 8.000; pero mesmo collendo os 12.000, pero ben collendo tamén os 20.000 porque se lle piden créditos– ¿Cantos van gastar en 4 anos? Porque a este ritmo, como no ferrocarril, ¿onde van gastar este ritmo en catro anos, 20.000 millóns de pesetas, a este ritmo investidor? Nunca –esto é outra trapallada propagandística– 20.000 millóns para o comercio, nin 20.000 millóns nin 20.000 gaitas.

Ademais, se houbese intención, señor Outeiral –si, señor Castro non se poña nervioso– se houbese intención habería que facelo agora, que é cando poden mellor salvarse da competencia, eses comercios, cando poden afortalarse para a competencia, agora ó principio, pero nin vai haber nin ó principio nin ó final, porque a este ritmo investidor, vostede é incapaz de gasta-los 20.000 millóns de pesetas anunciados aquí a *bombo y platillo.*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: É imposible. Si, si, ¿que nos pide un acto de fe? señor Outeiral, sexamos serios, é evidente que neste terreo, vostedes fan un acto propagandísticos para frea-lo descontento político e social que hai, nada máis como en todo...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Guerreiro.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: ...o señor Yuste, se viñese hoxe, xa non caería, xa sabía onde viña. Os Yustes que veñan, teñen que vir máis adoutrinados, teñen que saber onde veñen, que é exactamente a unha xestión clientelar, antidemocrática dos fondos públicos.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Ten a palabra o señor Caballero Álvarez polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor CABALLERO ÁLVAREZ: Gracias, señor presidente.

Creo que efectivamente a xestión de Cotogrande nos últimos tempos está sendo razoablemente convincente, gustaríame saber polo que o seu grupo está pedindo o cambio de xerente, o seu grupo en Vigo, porque se vostede aquí aduce que hai unha boa xestión, que Cotogrande é un bo exemplo, incluso para mostrarse orgulloso en nome do Grupo Popular no Parlamento de Galicia, gustaríame saber como xustifica vostede que o seu grupo municipal estea pedindo e conseguindo xa o cambio do xerente.

Segundo, con independencia de que a xestión sexa boa, non pasa nada porque se apoien os gastos de inversión, non pasa nada porque haxa un apoio adicional desde o Parlamento de Galicia para conseguir ese apoio.

Terceira cuestión, e créame, señor Outeiral, non é unha boa idea que non nos expliquen en detalle onde foron eses trescentas e pico mil pesetas, é unha cantidade tan ridícula, e tan desafortunadamente emendada, que creo que vostede debería dicir aquí onde se dedicou este recurso. Mire, estou convencido porque eu non teño desconfianza de ningún tipo, simplemente, creo que foi alguén que pola súa conta, desde un despacho de funcionario transmitiu a emenda, pero creo que se foi así, deberia dicilo, porque aquí hai dúbidas sobre unha emenda desas características, por iso creo que vostede aquí deberia ter dito, pois mire, foi alguén que creu que era emenda conveniente para isto e seguramente equivocouse, porque 300.000 pesetas, non se fai unha emenda, uns orzamentos dun billón para facer unha emenda de 300.000 pesetas.

Pero imos ós temas máis políticos, porque: primeiro, mire é que como xustifica vostede que o apoio a telecomunicacións, telecomunicacións, sector punta tan importante, de tanto futuro, sector de vangarda, baixe de 490 millóns a 180 millóns. Porque vostede di que non atenden ó datos e as emendas sectoriais que facemos, estou falando dun sector concreto, especificamente telecomunicacións, cantidade nos orzamentos anteriores, 490 millóns, cantidade nos orzamentos actuais, 180 millóns. ¿Cre vostede que é unha emenda razoable a que nós propoñemos para cubrir unha parte destes recursos?

Segundo, a preocupación con téxtil, con naval, e con madeira, é que, señor deputado, señor Outeiral, dedicar á industria naval 370 millóns de pesetas, paréceme escaso ¿que quere que lle diga? Non é unha cuestión cualitativa soamente, de que haxa ausencia de obxectivos, é que as cantidades son escasas, seguramente considero que noutros sectores, en automóbil hai cantidade de razoables, polo tanto, non as emendamos.

Pero non se entende que en naval coas dificultades que ten, todo o apoio que se dea sexa por xunto de 370 millóns de pesetas, non digamos téxtil, con 275, etc, etc. Pero, mire, aquí había unha emenda dun contido político relevante, era do sector comercial, e démoslle os datos, e vostede responde exactamente igual que fixo o conselleiro dicindo é que hai un plano cuadrienal, haberá todo o plano cuadrienal verbal que vostedes queiran dicir, pero aquí non foi aprobado e polo tanto, non hai ningunha constancia parlamentaria da aprobación de ningún plano cuadrienal, e polo tanto, para este Parlamento este plano non existe. Existirá para a Xunta e para vostedes, pero para este

Parlamento, non hai ningún plano cuadrienal de comercio, é unha simple decisión dun simple decreto, porque vostede sabe que un plano que se aproba aquí pasa a ser plano tramitado conforme a tal, e polo tanto, con rango de lei, non é o caso, no existe, e nós o que lle estamos dicindo é que se necesitan apoios adicionais neste momento, para o sector comercial que está moi preocupado.

Fixemos unha emenda que se podía manter, e fixémoslle unha oferta de emenda transaccional, e vostedes demostraron escasísima sensibilidade cara a ese sector, a partir de agora, señor Outeiral, isto verémolo coas asociacións. E a partir de agora, moveremos vostedes e nós falando co sector comercial, porque creo que o están maltratando. Creo que desde ese grupo, desde ese goberno, vostedes non están á altura das circunstancias do que un sector socialmente tan importante está a reclamar.

Miren, se neste momento desaparecese o Instituto Galego de Consumo non se ía notar. Porque na vida económica e comercial deste país non existe. Se vostede sae e empeza a preguntar no propio sector comercial polo Instituto Galego de Consumo e dos Consumidores, atoparíase vostede un absoluto descoñecemento. Os consumidores de Galicia, o único que saben é algo que ten que ver coas OMIC municipais. Este sector, especificamente, este Instituto Galego de Consumo, se desaparecese, sería e pasaría desapercibido.

Polo tanto, señores do Grupo Popular, o noso voto vai ser en contra, porque creo que esta vez non aprobaron.

Gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Caballero.

Ten a palabra o señor Díaz Díaz.

O señor DÍAZ DÍAZ: Gracias, señor presidente.

O señor Outeiral e mais eu vivimos en mundos separados, eu non sei como teño que dicirlle, o ano pasado, expliqueille aquilo de Alicia no País das Marabillas, o diálogo aquel tan entretido entre Alicia e Humpty e Dumpty, ¿acórdase? Eu, que quere, ¿como lle teño que explicar este ano, que estudiamos inglés por (...)? ¿sabe, coñece esa gramática? Esa gramática fai preguntas moi interesantes, e di: *Juanito tiene un lápiz*, resposta: *o can está pacendo*, unha cousa así. Pois o mesmo, é que é o mesmo, vostedes son lexitimamente poden negar tódalas nosas emendas, iso é lexítimo, o que é impresentábel é que non só non se dean argumentos contra elas, senón o que é máis grave é que incluso nun caso minta, imaxínome que sen querer coas présas que ten vostede en ler.

¿É catastrofismo dicir que só o 7% do valor engadido industrial créano as empresas de bens de equipo e os sectores de alta intensidade tecnolóxica? Iso é o que din as cifras do señor Orza, e tódalas cifras. Un país que ten o 7,2 nestes sectores ¿iso que é no contexto dos países avanzados? é un país atrasado. ¿É acaso catastrofista dicir o que dicía un alto cargo da Xunta o outro día nunha Comisión que estaba o señor Casares, que dixo que a subministración de enerxía eléctrica en Galiza era autenticamente terceiromundista? Expresión dun alto cargo da Xunta de Galicia. ¿É catastrofismo? ¿acaso o señor Outeiral son catastrofistas os empresarios que nas súas empresas están dotadas con plantas de conxeneración e ante a suba dos carburantes e a súa paralización esixen axudas?, ¿son catastrofistas? Reflexione sobre o catastrofismo, reflexione.

En segundo lugar, o BNG, en ningunha das súas emendas quitoulle ningún diñeiro a INEGA, organismo que nós consideramos totalmente inútil, pero como xa expliquei na Comisión no seu momento ó INEGA este ano pasáronlle, o ano pasado entre os dous, tiñan, 766 millóns de pesetas de orzamento, este ano os dous teñen 395 millóns de pesetas, reducción do 50%. ¿Como lle vou quitar algo á Inega? ¿onde nas iniciativas do BNG lle quita algo Inega? Despois xa o vemos e paga vostede a cea se non é así, que non é así, que tanto ten.

En segundo lugar ¿que é o que medra na Consellería de Industria? ¿1.000 millóns de pesetas? Efectivamente, dunha cousa que chaman plano de electrificación rural. ¿A que son eses 1.000 millóns de pesetas? ¡Ah! é que o decreto de tarifa eléctrica do ano pasado do Estado di que como se reduciron as tarifas eléctricas, o Estado non subvenciona. Este ano, vostedes igual que fan coas autovías e outras cousas,

van facerlle o favor ó Estado do que ten que subvencionar sobre as infraestructuras eléctricas, pagalo vostedes, paréceme excelentemente. É verdade que logo a outra partida que medra, son 833 millóns de Gas Galiza. Pero mire, a ampliación de capital, esa participación da Xunta do 10% tiña que estar feita xa –se quere lle traio o convenio asinado en Santiago–. ¿Onde está feito? ¿para que son eses 833 millóns? O señor conselleiro non mo soubo explicar e vostede paréceme que tampouco. Nada menos que para Gas Galiza, onde está Gas Natural que está impedindo que fagamos a planta regasificadora.

Naturalmente a telefonía celular cando vostedes a implantaron, xa a implantaron tarde, de certo en Francia, por exemplo, xa non se instalaba. Eu temo que a nova telefonía para o noso ámbito rural, e tantas outras cousas, vai chegar moi tarde, porque penso que as van traer co AVE para Galiza, e, en consecuencia estamos amolados.

Non teño tempo agora a dedicarme, mire, poñémoslle unha liña incluso sobre innovación, innovación que como sabe pode ser de producto, de proceso, de comercialización, etc, non hai unha soa liña no orzamento aí. Unha nena que vexa os orzamentos da Consellería de Industria, collería e diría: *Papá yo de aquí me marcho*.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Díaz.

Procedemos a votar se ocupan os seus escanos.

Póñense a votación as emendas do Grupo Parlamentario Mixto, da 142 á 158, ambas inclusive.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 36.

O resultado é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Póñense a votación as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, que son da 39 á 48, ambas inclusive.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 36.

O resultado é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Ponse a votación as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, da 1 á 12, ambas inclusive.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 36.

O resultado é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Ponse a votación o orzamento da sección 08.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 20.

O resultado é negativo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos da sección 08 que corresponden á Consellería de Industria e Comercio.

O debate da sección 09 da Consellería de Agricultura Gandería e Política Agroalimentaria, comezarémolo mañá ás 10 da mañá.

Ata entón, suspendémo-la sesión.

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Blanco, María Salomé	(BNG)
2. Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3. Álvarez Montes, María Marta	(PP)
4. Álvarez Yáñez, María Antonia	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
5. Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
6. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
7. Blanco Fernández, María Fernanda	(PP)
8. Caballero Álvarez, Abel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
9. Casares González, Juan Manuel	(PP)
10. Casares Mouriño, Xabier	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
11. Castro García, Roberto	(PP)
12.- Concheiro Coello, Antonio	(PP)
13. Cortegoso Fernández, Ramón	(PP)
14. Cortizo Nieto, Miguel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
15. Cuíña Crespo, José	(PP)
16. Currás Fernández, Celso	(PP)
17. Darriba Calviño, Rosa	(BNG)
18. Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
19. Domínguez Vaz, Miguel	(PP)
20. Durán Núñez, Alberto	(PP)
21. Escudero Centrón, Serafín	(PP)
22. Fernández Davila, María Olaia	(BNG)
23. Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
24. Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
25. Fraga Iribarne, Manuel	(PP)
26. Gago Álvarez, Castor	(PP)
27. Freire Vázquez, María Begoña	(PP)
28. García Campelo, María del Carmen	(PP)
29. García Leira, José María	(PP)
30. García Negro, María Pilar	(BNG)
31. González Ballesta, Justo José	(PP)
32. Guerreiro Carreiras, Anxo	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
33. Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
34. Hernández Cochón, José María	(PP)
35. Juncal Rodríguez, Juan Manuel	(PP)
36. Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
37. López Besteiro, Manuela	(PP)
38. López Casas, Manuel	(PP)
39. López García, Sergio	(PP)
40. López Outeiral, Manuel	(PP)
41. López Pérez, Emilio	(BNG)
42. Louro Goyanes, Antón	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
43. Madarro González, María Elisa	(PP)
44. Méndez Romeu, José Luis	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
45. Mendoza López, Manuel	(PP)
46. Merino Mejuto, Domingos	(BNG)
47. Muñoz González, Joaquín	(PP)
48. Orza Fernández, José Antonio	(PP)
49. Palmou Lorenzo, Jesús	(PP)
50. Pazos Varela, Xosé Manuel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
51. Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
52. Pérez Touriño, Emilio	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
53. Pérez Varela, Jesús	(PP)
54. Pita Varela, Jaime	(PP)
55. Rego González, Ismael	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
56. Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo	(BNG)
57. Rodríguez Fernández, Gregorio	(PP)
58. Rodríguez Pablos, Carlos	(PP)
59. Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
60. Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
61. Ruíz Rivas, Manuel	(PP)
62. Salazar Bello, Isabel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
63. Santalices Vieira, Miguel	(PP)
64. Sineiro García, Francisco	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
65. Soneira Tajes, María Soledad	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
66. Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
67. Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
68. Tello León, Xosé Henrique	(BNG)
69. Trigo Durán, Francisco	(BNG)
70. Varela Pérez, Mauro	(PP)
71. Vega Buxán, Xesús	(BNG)
72. Veiga Pombo, Manuel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
73. Vila Pérez, José Manuel	(PP)
74. Villarino Santiago, María Dolores	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
75. Yeguas Sánchez, Ascensión	(PP)

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 56 16 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735